Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

Versión de '08-02-2017' a '17-07-2019'

A disposición adicional terceira producirá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2017.

Exposición de motivos

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, a presente lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

Esta norma legal contén catro títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais; o segundo, ás medidas de carácter administrativo; o terceiro, á ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros; e o cuarto, ás medidas provisionais de ordenación urbanística. O título I consta de dous capítulos, relativos o primeiro aos tributos cedidos e o segundo aos tributos propios. O título II consta de nove capítulos, dedicados, respectivamente, á función pública, medidas financeiras, procedemento administrativo, economía e industria, agricultura, innovación, mar e servizos sociais. O título III consta de catro capítulos, dedicados, respectivamente, ao obxecto e réxime de competencias, ao transporte público regular de uso xeral, á integración e coordinación de servizos nunha rede de transporte integrada e ao réxime

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

económico e tarifario dos servizos de transporte. O título IV consta de dous capítulos, o primeiro dedicado ás disposicións xerais e o segundo, ao procedemento de aprobación do instrumento de planificación. Tamén contén seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, cinco disposicións derrogatorias e cinco derradeiras.

Polo que atinxe ás medidas fiscais, abordadas no título primeiro, cómpre sinalar as seguintes:

En canto aos tributos cedidos, o capítulo I deste título recolle dous artigos nos que se modifican o imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados e a taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar.

En relación co imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, elimínanse as seguintes deducións e bonificacións:

A bonificación aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados, ás operacións derivadas do Plan de dinamización económica de Galicia previsto para as áreas da Costa da Morte e de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.

A dedución aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais, ás concesións ou autorizacións administrativas relativas ás enerxías renovables.

A bonificación aplicable, na modalidade de actos xurídicos documentados, ás operacións relacionadas con vivendas protexidas ao abeiro da lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con estas derrogacións trátase de adecuar o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos aos cambios normativos e xurisprudencias acaecidos con posterioridade á aprobación das deducións e bonificacións en cuestión, dado que non son de aplicación na práctica.

Neste mesmo imposto establécese un beneficio fiscal consistente nunha dedución na cota do 100 % co obxectivo de fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopen despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente, cos conseguintes beneficios que isto supón para o contorno. Por este motivo, este beneficio fiscal aplícase ás vivendas que van ter a condición de habituais para o adquirente, e aplícase a distintos colectivos obxecto de protección, como mozos, familias numerosas e discapacitados. A medida tamén introduce límites con respecto ao patrimonio do adquirente e ao valor da vivenda, introducindo así medidas de progresividade e capacidade económica para o seu desfrute.

No que atinxe á taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, homoxeneíza as normas de xestión na normativa do xogo no relativo á liquidación e pagamento da súa taxa fiscal no tocante aos pagamentos á conta.

Polo que se refire aos tributos propios, no capítulo II recóllese, en primeiro lugar, un artigo dedicado ás taxas administrativas onde se establece, por un lado, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa nun 1 %, e, por outro, as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 6 de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

decembro, de taxas e prezos, que obedecen ben á creación de novas taxas ou ben á modificación das vixentes. Destaca polo seu impacto económico a elevación da tarifa do canon por obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, que para o ano 2017 ascende a 0,017 €/m3.

Polo que respecta ao canon da auga, modifícase o tipo de gravame da parte variable nas augas termais e mariñas destinadas a uso terapéutico.

En canto ás medidas administrativas que se recollen no título II, cómpre destacar:

No capítulo dedicado á función pública, modifícanse varios preceptos da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Así, a modificación do artigo 89 incorpora a obrigatoriedade de concursar para o persoal funcionario que está desempeñando un posto en adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación, dado que o está a ocupar de forma provisional. A modificación do artigo 96 permite maior versatilidade e mobilidade para o persoal funcionario pertencente ás escalas, promovendo a promoción deste persoal a outros postos distintos aos da súa escala de orixe. A modificación do artigo 104 ten como finalidade incluír na Lei do emprego público de Galicia a previsión legal contida no artigo 59 da Lei 13 /2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, segundo o cal o persoal funcionario procedente das fusións dos concellos que se realicen no ámbito da Comunidade Autónoma se transfire e se integra na Administración autonómica, regulando así un procedemento de adscrición aos corpos e escalas da Comunidade Autónoma. A disposición adicional primeira da lei modifícase para incorporar que, cando se toma como referencia do desfrute dos permisos a localidade, esta veña referida ao termo municipal de residencia do persoal funcionario. Coa modificación da disposición adicional oitava e novena modifícanse algunhas das escalas e especialidades existentes, así como as funcións que ten asignadas e a titulación correspondente para o acceso a estas, adaptándoas aos novos graos existentes, e, por outra parte, tamén se crean outras novas escalas. A disposición adicional décima modifícase para adaptar as titulacións ao marco español de cualificacións para a educación superior das ramas de coñecemento que están reguladas no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, creado polo Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, e consolidado a 1 de agosto de 2011. A modificación da disposición transitoria terceira unicamente clarifica a redacción actual da lei. Por último, engádese a esta lei unha disposición transitoria debido á necesidade de manter un réxime transitorio para o persoal laboral temporal que desempeñe funcións de persoal funcionario e para o persoal laboral afectado pola creación de escalas.

O marco xeral establecido de funcionarización, creación de escalas e modificación do vínculo laboral é consecuencia directa tanto do acordo de bombeiros forestais e a súa segunda actividade (asinado coa CIG, CC.OO., CSIF e UGT) como do acordo aprobado na Comisión de Persoal co voto a favor desas mesmas organizacións sindicais para a integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia do pasado mes de setembro.

Neste capítulo tamén se modifica a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, para clarificar que a reserva de posto de traballo unicamente abarca aqueles que están afectados

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

polos procesos de consolidación de emprego ao amparo do V Convenio colectivo e o persoal laboral temporal que ocupe postos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005 e só para aqueles postos de persoal laboral.

Tamén en materia de función pública, modifícase a Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público, para regular a integración do persoal laboral fixo das entidades instrumentais como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a aplicación do convenio colectivo único ao persoal laboral temporal.

Por último, introdúcese na lei un artigo ante a necesidade de que a Consellería de Sanidade poida prover un posto de traballo dunha concreta clase da escala de saúde pública, excepcionalmente e de maneira temporal, mediante unha comisión de servizos voluntaria de persoal funcionario doutra clase da mesma escala, sempre e cando a titulación exixida para o acceso á clase orixinaria sexa a mesma que a requirida para o posto de traballo de que se trate.

O capítulo II, dedicado ao réxime financeiro, divídese en dúas seccións. Na sección 1ª, «Tesouro», recóllense varias modificacións do título IV do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Estas modificacións teñen por obxecto adecuar o contido desta lei á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para acadar un maior control e unha mellor xestión de todos os recursos financeiros que constitúen a Tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, introdúcese un artigo 91 bis no que se regula a prescrición dos depósitos e garantías en efectivo constituídos na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.

A sección 2ª, «Xestión orzamentaria», recolle unha modificación no artigo 14.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa finalidade de que non xurdan dúbidas acerca da habilitación normativa suficiente para que se regulen por orde da Consellería de Facenda, como consecuencia do seu carácter estritamente técnico e cambiante, o contido e o alcance da memoria que debe acompañar os expedientes de autorización de investimentos do sector público autonómico que incorporen unha previsión do gasto corrente.

O capítulo dedicado ao procedemento administrativo divídese en catro seccións, dedicadas, respectivamente, á Administración dixital, ao réxime sancionador e prazos de procedementos administrativos, á adecuación normativa e ao réxime administrativo.

A sección 1ª, dedicada á Administración dixital, ten como finalidade dar cumprimento á Lei 39 /2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O desenvolvemento efectivo destas leis fai necesario avanzar cara á eliminación de compartimentos estancos na información da tramitación administrativa para acadar un espazo único de información ao cidadán coa súa situación administrativa de xeito claro e transparente, e nomeado nesta proposta como «Carpeta do cidadán». Impulsa a compartición de información e de documentos que permitan eliminar redundancias, duplicidades e peticións innecesarias cara ao cidadán, e

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

promove o uso das notificacións electrónicas fronte ás notificacións en papel, que se materializarán a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia.

A sección 2ª consta de catro artigos. O primeiro destes artigos recolle unha modificación do artigo 53 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, relativo a infraccións graves en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén modifica a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, para recoller unha modificación nunha infracción moi grave en materia de deportes. Os restantes artigos regulan os prazos para notificar unha serie de procedementos. Así, os prazos no procedemento sancionador en materia de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, os prazos para notificar as resolucións dos procedementos de desafiuzamento administrativo e de adxudicación de vivendas protexidas de promoción pública e os prazos para notificar as resolucións sancionadoras en materia sanitaria.

A sección 3ª deste capítulo, «Adecuación normativa», recolle catro artigos. Regúlase nos dous primeiros artigos a previsión dun prazo máximo de seis meses para resolver e notificar os procedementos sancionadores de competencia da Comunidade Autónoma, que rexerá en todos aqueles nos que a súa normativa específica, legal ou regulamentaria, non prevexa un prazo concreto. En canto á determinación do inicio do cómputo da prescrición das sancións impostas en resolucións que foron obxecto de recursos pendentes de resolver no momento da entrada en vigor das leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cómpre darlle cumprimento ao establecido no artigo 30.3 da Lei 40/2015, de conformidade co cal o prazo previsto para a prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo previsto para a resolución do recurso, e o anterior, tendo en conta o principio de norma máis favorable que rexe no dereito sancionador, unido este ao carácter de normativa básica da lexislación citada, e, en particular, o disposto no artigo 26.2 da Lei 40/2015, cando dispón que «as disposicións sancionadoras producirán efectos retroactivos cando favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, aínda respecto de sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición», así como ao principio de seguridade xurídica que debe rexer en todo procedemento administrativo. Igualmente, cómpre incluír unha referencia expresa ao cómputo do prazo de prescrición no que atinxe á reposición da legalidade, dada a relevancia, alcance e autonomía da referida obriga respecto da propia sanción, máis alá da integración de ambas, sanción e restitución, nunha mesma resolución por razóns de economía procesual.

O terceiro dos artigos desta sección modifica a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. A finalidade da regulación proposta é incorporar unha disposición adicional sexta á Lei 2/2012, co fin de determinar como lei especial a regulación establecida naquela lei, con dous apartados. O primeiro apartado é o referido á Lei 39/2015, con fundamento na previsión da disposición adicional primeira desta última lei; e o segundo establece a súa relación coa Lei 40/2015, considerando a regulación da Lei 2/2012 como de desenvolvemento das bases no eido da potestade sancionadora da citada Lei 40/2015. En ambos os supostos garántese o obrigado respecto á lexislación básica.

O último dos artigos regula o silencio administrativo en procedementos en materia de persoal.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A última sección deste capítulo consta de tres artigos. O primeiro deles, e de acordo co criterio seguido polo Estado en varios artigos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e con base nas competencias de autoorganización da Administración autonómica, regula a responsabilidade aplicable aos membros dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas autonómicas ou do padroado das fundacións do sector público, designados pola Administración xeral ou polos entes instrumentais, que será asumida directamente pola Administración ou ente designante. O mesmo criterio aplícase aos membros das entidades ou órganos liquidadores dun ente do sector público autonómico. O segundo regula a ordenación das competencias de execución da Comunidade Autónoma respecto do control metrolóxico de instrumentos en servizo, establecendo a forma de realizar a devandita actividade e as consecuencias na execución do contrato de concesión actualmente existente. O último dos artigos regula unha modificación na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia.

En materia de vivenda, introdúcese unha modificación no articulado da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, prevéndose a posibilidade de que as persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que residan no ámbito dunha actuación desenvolta polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e que non sexan compatibles coa nova ordenación poidan acceder ás parcelas destinadas a vivendas unifamiliares ou ás vivendas protexidas resultantes da actuación excepcionándoas do cumprimento dos requisitos de acceso ás vivendas protexidas.

O capítulo dedicado á economía e industria consta de tres seccións: minaría, consumo e comercio interior.

A sección 1ª, dedicada á minaría, regula nun artigo a modificación de varios preceptos da Lei 3 /2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia. Coa modificación proposta faise efectiva a constitución do Censo Catastral Mineiro de Galicia no Catastro Mineiro de Galicia, ademais de garantir o acceso público ao Rexistro Mineiro, axilizar as tramitacións, permitindo a emisión de certificados telematicamente, e incrementar a seguridade xurídica tanto para concesionarios como para solicitantes.

A sección 2ª, dedicada ao consumo, modifica o concepto de consumidor na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

A sección 3ª, dedicada ao comercio interior, modifica o artigo relativo á composición da Comisión Consultiva prevista na Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

O capítulo VI, «Agricultura», consta de dúas seccións, unha de montes e outra de estrutura agraria.

Na sección de montes, modifícanse varios preceptos da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Así, regúlase o aproveitamento dos produtos característicos dos terreos forestais naqueles predios que teñen a consideración de solo rústico de protección agropecuaria; facilítase a aprobación de deslindamentos entre montes veciñais en man común e propiedades

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

particulares, de xeito que as propiedades queden mellor definidas; permítese que se regulen por decreto as plantacións de eucaliptos e doutras especies, de xeito que se controle a súa utilización nos lugares onde sexa conveniente desde os puntos de vista económico, ambiental e de ordenación do territorio e da paisaxe; clarifícase o concepto de documento de adhesión, cuxas características serán definidas mediante orde da consellería competente como consecuencia de tratarse dunha materia técnica suxeita a unha realidade cambiante, de xeito que se acelere a súa implantación nas parcelas forestais de pequena superficie e que estas melloren canto antes a calidade da súa xestión; clarifícase que o outorgamento de autorizacións administrativas, xa sexan expresas ou presuntas, se concederá sen prexuízo de terceiros propietarios ou titulares de dereitos de aproveitamento; facilítase a cancelación de consorcios ou convenios en montes nos que, pola súa casuística especial, non resulta viable redactar e aprobar un instrumento de ordenación ou de xestión; recoñécese a validez dos títulos inscritos no rexistro da propiedade; facilítase a actualización dos lindeiros dos montes veciñais en man común, de xeito que as propiedades queden mellor definidas; e, por último, permítese, de xeito excepcional, o aproveitamento de parcelas situadas no interior de montes veciñais en man común aos particulares que as plantaron a título individual.

A sección dedicada á estrutura agraria introduce unha serie de modificacións na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Así, as modificacións teñen por obxecto clarificar o proceso de avaliación dos requisitos necesarios para acadar os criterios recollidos no artigo 2 da Lei e da publicidade e consulta a terceiros interesados, fixar con maior claridade o que constitúe a dotación para cada un dos fondos que se constitúan cos predios que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia xestiona e, por último, incrementar o tempo para que os titulares vexan recollidos, no proceso de concentración ou reestruturación parcelaria, os cambios de titularidade que se produzan. Así mesmo, incorpora un artigo na lei para establecer o réxime de propiedade e cesión en precario dos predios da masa común de reestruturación parcelaria, ao carecer de regulación ao respecto, unha disposición adicional para regular as distancias de explotacións gandeiras porcinas a cascos urbanos e unha disposición transitoria que regula a coordinación catastral.

O capítulo VII, dedicado á innovación, introduce, por un lado, unha modificación na Lei de racionalización do sector público autonómico para regular a contratación pública de innovación co fin de dar visibilidade e impulso ao novo procedemento de contratación recollido na Directiva 2014/24/UE e dirixida a todos os poderes adxudicadores do sector público autonómico galego. Por outro, regula a participación das empresas, entidades e particulares na investigación en saúde, mediante achegas económicas dirixidas ao financiamento finalista de proxectos de I+D neste ámbito.

O capítulo VIII, «Mar», consta de dúas seccións, a primeira dedicada á materia de portos e a segunda, á pesca.

En materia de portos, introduce unha nova disposición transitoria na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, para regular a ampliación das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

En materia de pesca, introduce unha serie de modificacións na Lei de pesca de Galicia.

A primeira amplía o prazo da duración da concesión para o exercicio da actividade da acuicultura, tanto en zona marítima como en zona marítimoterrestre, a un máximo de cincuenta anos, coa finalidade de adaptala á normativa estatal e de permitir que un titular poida exercer a actividade da acuicultura durante todo o tempo que teña a concesión para o dominio público marítimoterrestre.

A segunda amplía o prazo de vixencia das concesións experimentais na zona marítima e marítimoterrestre para a realización de proxectos de investigación ou de proxectos que introduzan innovacións substanciais na explotación, nos artefactos e nas especies a cinco anos, xa que o prazo actual de tres anos resulta, en moitas ocasións, unha limitación importante para levar a termo os proxectos.

A terceira engade unha disposición adicional á Lei de pesca de Galicia, para regular a prórroga extraordinaria dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura, garantindo unha maior seguridade xurídica á actividade da acuicultura e unha maior continuidade aos establecementos produtivos autorizados na Comunidade Autónoma galega.

En materia de servizos sociais, introdúcense dous preceptos. O primeiro establece o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades.

Regúlase un novo modelo de cofinanciamento para a prestación dos servizos de escolas infantís e centros de día que xestiona na actualidade ou que pase a xestionar no futuro o Consorcio de Servizos da Igualdade e Benestar en colaboración coas entidades locais para garantir a sustentabilidade financeira dos servizos e homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica, en consonancia co Acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Fegamp o 11 de maio de 2016.

Todo o anterior, co obxectivo de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica.

En segundo lugar, cómpre modificar o artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, co obxecto de establecer de forma máis clara e precisa o concepto e contido en xeral da Historia social única electrónica. Establécese a obrigatoriedade de incorporar a información necesaria á Historia social única electrónica por parte das distintas entidades que conforman o Sistema galego de servizos sociais.

O título III regula a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. A Lei 10 /2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes de actualización do sistema de transporte público de Galicia, marcou as actuacións que deberán seguir os poderes públicos para lograr a súa adaptación á evolución das necesidades da sociedade en materia de mobilidade.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Neste sentido, a referida lei configura o Plan de transporte público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa Comunidade Autónoma. E, ademais, en relación con este instrumento esencial para a planificación do futuro do sistema de transporte público galego, a propia lei establece o procedemento e os prazos para a súa aprobación, así como as normas transitorias de garantía da prestación de servizos no período transitorio, é dicir, o que transcorrerá ata a aprobación do Plan e a posterior licitación dos servizos de transporte que o dito plan estableza.

Fixados a través desta norma o procedemento, os criterios e os principios que as administracións deberán seguir cara á modernización e adaptación do sistema de transporte público, procede agora avanzar neste proceso de transformación e completar a dita regulación legal co establecemento de disposicións normativas dirixidas a regular as actuacións que a Administración deberá adoptar para a implantación do novo mapa de servizos de transporte, incluso durante o actual período transitorio.

Cos anteriores obxectivos, na Lei incídese na clarificación dos ámbitos de actuación das diferentes administracións públicas galegas, así como, fundamentalmente, no establecemento de actuacións de coordinación, colaboración e cooperación nos seus respectivos ámbitos de actuación cara á máxima optimización dos recursos dispoñibles e á potenciación das vantaxes do sistema de transporte público para o conxunto da poboación.

Regúlase o réxime de establecemento de novos servizos, non só a través do Plan de transporte público de Galicia, senón tamén con antelación á súa propia aprobación e adxudicación consonte co que establece o Regulamento CE 1370/2007, do 26 de outubro, facilitando así unha transición progresiva e, por tanto, máis doada tanto para os sectores empresariais como para as propias persoas usuarias.

Por outra parte, no ámbito das competencias da Xunta de Galicia, a racionalización da actuación dos diferentes departamentos acadará o seu máximo nivel mediante a integación de diferentes servizos de transporte, o que, ademais de poñer ao dispor do conxunto da poboación un sistema de transporte público atractivo e de habituar na súa utilización os usuarios do futuro, resulta axeitado para evitar duplicidades de servizos en zonas con escasa demanda, cos conseguintes aforros en custos ambientais e económicos.

Así, configúrase a rede de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral como estrutura básica da contratación que realiza a Xunta de Galicia, e dítanse regras para a progresiva integración dos diferentes servizos nun sistema único de transporte público. Neste sentido, resulta tamén preciso regular un procedemento extraordinariamente áxil que permita ás administracións responder de xeito inmediato ás novas e imprevisibles demandas de transporte, que deberán ser atendidas sen dilación, máxime cando se produzan vinculadas ao exercicio de dereitos esenciais, como o de acceso á educación.

Por outra parte, en canto ao réxime de tarifas do sistema de transporte público, fíxase unha regulación adaptada ás peculiaridades da nosa Comunidade Autónoma e ás previsións da

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

propia lei en relación coa integración de servizos de transporte público e coa previsible concorrencia nun mesmo vehículo e servizo de usuarios con características específicas e atencións especiais. Ademais, tamén neste eido se avanza na coordinación do sistema galego de transporte público mediante a previsión de protocolos técnicos de interconexión dos sistemas de pagamentos e de información que oferten as diferentes administracións.

O último dos títulos regula as medidas provisionais de ordenación urbanística. Cómpre dotar de certeza e seguridade xurídica a cidadanía e os distintos operadores no eido urbanístico, sen prexuízo do máis absoluto respecto ás resolucións xudiciais. Ante o baleiro legal existente, procede acometer a regulación da forma de actuar nos casos en que, tras a declaración de nulidade do planeamento urbanístico, «reviva» un planeamento anterior que non responde nin ao actual modelo de cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes, e cuxa aplicación resulta incompatible co logro dos obxectivos de benestar socioeconómico que deben impulsar as actuacións públicas. E impulsar o desenvolvemento urbanístico, habilitando para o efecto a tramitación ad hoc, no caso de anulación do instrumento de ordenación ou da normativa de ordenación provisional, dun procedemento no que, sen eludir as sentenzas recaídas, poida ordenarse a correspondente tramitación procedemental de xeito eficiente, e acurtando na medida do posible os prazos previstos.

O texto conta con seis disposicións adicionais. As dúas primeiras están relacionadas co sistema de transporte público regular de viaxeiros de Galicia. A primeira regula os instrumentos para a coordinación en materia de transporte público e integración de servizos de transporte. A segunda, denominada «vehículos autorizados para a prestación de servizos de transporte», atende a previsión da implantación progresiva de fórmulas flexibles de explotación adaptadas ás necesidades reais da poboación, resultando preciso que zonas do territorio cun escaso nivel de demanda poidan ser atendidas mediante vehículos de tamaño reducido, especialmente indicados para fórmulas de explotación baixo demanda.

A terceira das disposicións adicionais regula o prazo para a posta en marcha das emisións e o pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondentes ás adxudicacións transformadas en licenzas. A aparición nestes últimos anos de novas plataformas tecnolóxicas cunha cota de penetración no mercado do audiovisual cada vez máis significativa, capaces de competir directamente coas televisións tradicionais, vai ter unha incidencia determinante na repartición publicitaria na medida en que se incrementan os soportes a través dos cales se visibilizan os contidos publicitarios, fonte principal de financiamento das televisións autonómicas e locais.

Esta conxuntura de dinamismo tecnolóxico, que ten a imaxe en movemento como elemento vertebrador da información e do entretemento, así como o cambio de circunstancias producido desde o momento do outorgamento dos títulos administrativos e a necesidade de viabilizar e de poñer en marcha o servizo de comunicación audiovisual de televisión, aconsellan ampliar en catro anos o prazo previsto nos artigos 38 e 40 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Esta ampliación permitirá contar cun tempo suficientemente amplo ata que se clarifique o futuro destes servizos de comunicación audiovisual, co fin de non frustrar a súa viabilidade.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A cuarta integra o corpo de letrados do Consello Consultivo na escala de letrados da Xunta de Galicia.

A quinta regula a supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, cuxas funcións serán asumidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A última das disposicións adicionais autoriza a creación da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á consellería competente en materia de economía.

O texto contén unha disposición transitoria que regula a situación transitoria do persoal funcionario de carreira que ocupe postos de traballo de letrado no Consello Consultivo de Galicia no momento da entrada en vigor desta lei.

Establécense tamén cinco disposicións derrogatorias. A primeira derroga o Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A segunda derroga o artigo 86 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como consecuencia do artigo 68 desta lei, que regula o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades.

A terceira derroga a Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia, e disolve o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia.

A cuarta derroga os artigos 19 e 20 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

A quinta derroga, no momento en que se proceda á extinción do Centro Informático para a Xestión Tributaria, EconómicoFinanceira e Contable, a disposición adicional quinta da Lei 2 /1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, organización e xestión.

Hai cinco disposicións derradeiras. A primeira delas modifica o artigo 11 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia social única electrónica. O Decreto 89/2016 establece como ficheiro no que se recolle a información de carácter persoal do sistema de Historia social única electrónica o de «xestión de servizos sociais», do que é titular a consellería competente en materia de servizos sociais. A análise xurídica da cuestión da titularidade e o emprego da información da Historia social única electrónica recomenda dispor dun ficheiro de datos de carácter persoal específico para a Historia social única electrónica. Por último, introdúcese unha cláusula de salvagarda de rango para incluír a previsión expresa de conservación da vixencia do Decreto 89/2016 en todo o que non se opoña á Lei, para maior seguridade xurídica.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A segunda modifica o Decreto 130/2013; por un lado, o artigo 5, co obxecto de atender e axustar a explotación dos portos deportivos á demanda e ocupación de cada instalación, en concreto tendo en conta as temporadas habituais de alta e baixa ocupación/demanda, e, por outro, a disposición transitoria primeira, ampliando en tres anos máis o prazo de adaptación das concesións administrativas sobre portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo a este decreto.

A terceira modifica a Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia. En concreto, modifícase a regulación da Secretaría Xeral e da Secretaría do Pleno e Seccións, e a regulación referente aos letrados.

A cuarta modifica a disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para clarificar o réxime de competencias na adaptación do planeamento e evitar dúbidas aplicativas, garantindo así que se respecte o réxime competencial para a aprobación dos plans que derivan da dita lei.

A quinta regula a entrada en vigor da lei.

Remata a Lei con dous anexos. O anexo I regula o réxime de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa, como consecuencia do artigo 69 desta lei. O anexo II contén unha relación de definicións e clasificacións aplicables ao transporte público axeitadas para a correcta interpretación da norma e nas que se incorporan ao sistema de transporte público fórmulas de prestación tales como o transporte baixo demanda ou os contratos mixtos ou zonais.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

TÍTULO I Medidas fiscais

CAPÍTULO I Tributos cedidos

Artigo 1. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Artigo 1. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Un. Elimínanse as alíneas Cinco e Seis do artigos 16 e as alíneas Un e Catro do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, e renuméranse as restantes deducións.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Dous. Engádese unha nova alínea Sete ao artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Sete. Dedución por adquisición de vivenda habitual por discapacitados, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nas alíneas Tres, Catro e Cinco do artigo 14 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellería competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración».

Tres. Engádese unha nova alínea Oito ao artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Oito. Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por discapacitados, familias numerosas e menores de 36 anos, en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nas alíneas Tres, Catro e Cinco do artigo 15 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se atope nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellería competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración».

Artigo 2. Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar

Modifícase o artigo 31 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1 /2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 31. Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar

1. Os suxeitos pasivos da taxa que grava o xogo ao que se refire o punto 3 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, unha declaración por cada máquina en explotación, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que corresponda á tipoloxía e ás características da autorización da máquina.

2. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refiren os puntos 2 e 4 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame por cada establecemento de xogo para o que teñan autorización. Estes suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva, por aplicación do tipo de gravame sobre a base

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refire o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

3. Os suxeitos pasivos da taxa que grava os xogos aos que se refire o punto 1 da alínea Tres do artigo 20 deberán presentar, nas condicións, forma, lugar e prazos determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. Estes suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar pagamentos á conta do importe da débeda tributaria definitiva, por aplicación do tipo de gravame sobre a base impoñible provisional acumulada desde o principio do período impositivo ata o final do prazo ao que se refire o pagamento, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía, condicións, forma, lugar e prazos determinados na orde da consellería competente en materia de facenda.

4. A consellería competente en materia de facenda aprobará, de ser o caso, os modelos mediante os cales os suxeitos pasivos deberán declarar, autoliquidar e ingresar o importe correspondente nas condicións, forma, lugar e prazos que determine regulamentariamente. A consellería competente en materia de facenda poderá dispor que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispor a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos».

CAPÍTULO II Tributos propios

Artigo 3. Taxas

Un. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,01 ás contías exixibles á entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía na alínea Dous deste artigo. Este coeficiente seralles de aplicación tanto ás contías, de carácter mínimo ou máximo, como ás deducións que se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa como variable.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados.

Dous. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1) Modifícase a letra c) da alínea 2 do artigo 40, «Bonificacións e exencións», que queda redactada como segue:

«c) Cando na instalación e na actividade obxecto de concesión ou autorización se implante un sistema de xestión medioambiental ou de xestión da calidade na prestación dos servizos e se acredite estar en posesión dunha certificación medioambiental ou de calidade, específica da concesión ou autorización, serán aplicables as seguintes bonificacións sobre o valor resultante da taxa de ocupación de terreos e augas do porto:

A) EMAS: a bonificación será do 1,5 %.

B) ISO 14001: a bonificación será do 1 %.

C) Bandeira azul: a bonificación será do 1 %.

D) Q de calidade: a bonificación será do 1,5 %.

A bonificación aplicarase anualmente logo da presentación da citada certificación.

A porcentaxe máxima de bonificación acumulada que se pode aplicar por estes apartados é dun 3,5 %».

2) Modifícase a letra d) da alínea 2 do artigo 40, «Bonificacións e exencións», que queda redactada como segue:

«d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa algún órgano das administracións públicas e o obxecto daquelas sexan actividades de interese social e cultural. O importe desta bonificación será do 50 % da contía correspondente.

Esta bonificación non é acumulable á descrita na letra g)».

3) Modifícase a letra f) da alínea 2 do artigo 40, «Bonificacións e exencións», que queda redactada como segue:

«f) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de naves de redes, sempre e cando estas naves presten un servizo xeral aos usuarios do porto, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 95 %».

4) Modifícase a letra g) da alínea 2 do artigo 40, «Bonificacións e exencións», que queda redactada como segue:

«g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 90 % no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica».

5) Modifícase a subalínea 02 da alínea 11 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«02 Permiso de apertura e funcionamento 4.767,33»

6) Modifícase a subalínea 04 da alínea 11 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«04 Modificación autorización instalación 2.383,71»

7) Modifícase a subalínea 05 da alínea 11 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«05 Modificación inscrición no Rexistro de Casinos de Xogos. Outras autorizacións 476,82»

8) Engádese unha subalínea 09 á alínea 11 do anexo 1:

«09 Transmisión da autorización de instalación dun casino de xogos 2.860,43»

9) Engádese unha subalínea 10 á alínea 11 do anexo 1:

«10 Utilización nova dependencia para almacenar naipes 114,55»

10) Engádese unha subalínea 08 á alínea 17 do anexo 1:

«08 Autorización para a realización de actas de non-inicio anticipadas nas axudas destinadas ao sector da pesca, marisqueo e acuicultura 65,00»

11) Modifícase o penúltimo apartado da alínea 19 do anexo 1, que queda redactado como segue:

«Probas de aptitude para a obtención do certificado profesional de capitán de pesca

Curso completo 120

Por materia 35»

12) Engádese un apartado á subalínea 02 da alínea 20 do anexo 1:

«Solicitude de homologación a títulos de máster de ensinanzas artísticas 90,09»

13) Modifícase a subalínea 03 da alínea 20 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«03 Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Título/Tarifas (en €)	Tarifa normal	Familia numerosa categoría xeral	Familia numerosa categoría especial	Duplicado
Bacharel	49,82	24,94	0	4,58
Técnico	20,36	10,21	0	2,36
Técnico superior	49,82	24,94	0	4,58
Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais	65,26	32,64	0	6,53
Certificado de nivel avanzado de idiomas	23,90	11,97	0	2,36
Profesional de música	23,80	11,90	0	2,21
Profesional de danza	23,80	11,90	0	2,21
Título superior de Música	65,26	32,64	0	6,53
Título superior de Danza	65,26	32,64	0	6,53
Técnico deportivo	20,77	10,40	0	2,40
Técnico deportivo superior	50,81	25,45	0	4,67
Título superior de Deseño	65,26	32,64	0	6,53
Título superior de Artes Plásticas	65,26	32,64	0	6,53
Título superior de Artes Dramáticas	65,26	32,64	0	6,53»

14) Modifícase a subalínea 04 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«04 Expedición de certificados zoosanitarios e zootécnicos, incluídos os relacionados cos movementos de animais vivos e produtos de orixe animal, salvo que as tramitacións de autorizacións de traslado de animais se realicen de xeito telemático a través da Oficina Agraria Virtual da consellería competente en materia de gandaría e acuicultura (mínimo 2,88 € por cada certificación):

Équidos, bóvidos adultos e similares (por animal) 2,40

Máximo 47,77

Ovino, caprino, porcino, tenreiros, colmeas e similares (por animal ou colmea) 0,443035

Máximo 13,28

Leitóns, cordeiros, cabritos e animais de peletaría (por animal) 0,257245

Máximo 13,28

Coellos e similares, galiñas e outras aves (por animal), esperma, óvulos e embrións (por unidade) 0,008862

Máximo 13,28

Peixes vivos, gametos, ovos embrionados, crustáceos e moluscos para reinmersión, por tonelada ou fracción 1,85

Máximo 22,12

Produtos de orixe animal, incluídos os destinados á alimentación animal (por tonelada) 2,24

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Máximo 26,51

Certificado de transporte 2,85

Comprobación de carga:

* Équidos, bóvidos e similares 124,81

* Porcino, ovino, caprino e similares 83,21

* Aves, coellos, visóns, colmeas e similares 41,60

Esperma, óvulos e embrións (por unidade) 0,014721

Máximo 35,73»

15) Modifícase a subalínea 08 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«08 Revisión, toma de mostras e informes técnicos a petición de parte de industrias, explotacións gandeiras e operadores comerciais de animais acuáticos e explotacións de acuicultura non previstos nos programas oficiais:

Sen saír ao campo, á industria, establecemento ou explotación 28,72

Con saída ao campo, á industria, establecemento ou explotación 162,20

De ser necesario saír máis dun día, por cada día de máis 133,56

De ser o caso, por foto 2,96

Visitas posteriores para verificar a adopción das medidas correctoras requiridas, por día 133,56»

16) Modifícase a subalínea 09 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«09 Autorización e rexistro de comerciantes de gando, transportistas, medios de transporte, centros de concentración de gando e operadores comerciais de animais acuáticos

Autorización e rexistro de operadores comerciais, transportistas ou medios de transporte de gando 9,65

Expedición da acreditación de operador comercial, transportista ou medios de transporte de gando 9,65

Renovación da autorización de operadores comerciais de gando e de animais acuáticos, transportistas ou medios de transporte, cando así o estableza a normativa 11,27

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Expedición de duplicados da acreditación de operador comercial, transportista ou medios de transporte de gando 19,29

Autorización de centros de concentración de gando 107,17

Revisión e renovación anual de centros de concentración 35,73»

17) Engádese unha subalínea 08 á alínea 44 do anexo 2, co seguinte contido:

«08 Detección de Norovirus GI e GII en mostras de moluscos co método PCR en tempo real 279,05»

18) Créase a alínea 52 no anexo 2, co seguinte contido:

«52 Autorización «Mercado excelente» 300,00»

19) Modifícase a subalínea 06 da alínea 07 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«06 Autorización de organismos notificados, laboratorios de ensaio, entidades colaboradoras de administración, entidades auditoras e de inspección e laboratorios de calibración industrial 220,44»

20) Elimínase a alínea 09 do anexo 3.

21) Elimínase a alínea 10 do anexo 3.

22) Elimínase a alínea 12 do anexo 3.

23) Elimínase a alínea 13 do anexo 3.

24) Modifícase a alínea 15 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«15 Servizo de guindastres torre

01 Posta en servizo de guindastres torre (25+alcance en m*carga en kg/1000)

02 Modificación do rexistro (25+valor absoluto da variación do alcance en metros*valor absoluto da variación da carga en kg/1000)»

25) Modifícase a alínea 18 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«18 Autorización de instalacións eléctricas e de gas

Base de aplicación. Orzamento de execución material do proxecto

Ata 3.000 €52,50

De 3.000,01 ata 7.500 67,50

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

De 7.500,01 ata 15.000 90,00

De 15.000,01 ata 30.000 120,00

De 30.000,01 ata 45.000 150,00

De 45.000,01 ata 60.000 180,00

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 € 7,50

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 € 1,50

No caso de denegación da autorización, devindicarase o 50 % da tarifa anterior».

26) Modifícase a alínea 19 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«19 Rexistros de instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial

01 Inscrición ou modificación de importancia no rexistro de ascensores 25+(Percorrido en m*Carga do ascensor [100 kg])/2

02 Bombonas de gas 25+0,05*(Peso en kg)

03 Inscrición no rexistro de depósitos de gas 25+10*(Capacidade en m³)

04 Inscrición no rexistro de instalacións eléctricas receptoras 25+0,6*(Pot. en kW)

05 Inscrición no rexistro de instalacións frigoríficas 25+0,6*(Pot. do compresor en kW)

06 Inscrición ou modificación no rexistro de guindastres móbiles autopropulsados 25

07 Inscrición ou modificación no rexistro de guindastres torre 25

08 Inscrición no rexistro de instalacións térmicas nos edificios 25+0,6*(Pot. en kW térmicos)

10 Inscrición no rexistro de instalacións petrolíferas 25+3*(Capacidade en m³)

11 Inscrición no rexistro de instalacións de protección contra incendios 25+10*Nivel de risco+0,01*(Superficie en m²)

12 Inscrición no rexistro de instalacións receptoras de gas 25+0,2*(Pot. en kW)

13 Inscrición no rexistro de instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ)

Base de aplicación. Importe da maquinaria e instalacións:

Ata 3.000 € 35,00

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

De 3.000,01 ata 7.500 45,00

De 7.500,01 ata 15.000 60,00

De 15.000,01 ata 30.000

De 30.000,01 ata 45.000 80,00 100,00

De 45.000,01 ata 60.000 120,00

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 € 5,00

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 € 1,00

14 Inscrición no rexistro de instalacións con equipos a presión

Base de aplicación. Importe da maquinaria e instalacións

Ata 3.000 € 35,00

De 3.000,01 ata 7.500 45,00

De 7.500,01 ata 15.000 60,00

De 15.000,01 ata 30.000 80,00

De 30.000,01 ata 45.000 100,00

De 45.000,01 ata 60.000 120,00

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 € 5,00

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 € 1,00

15 Inscrición ou modificación no rexistro de instalacións eléctricas de alta tensión e de liñas eléctricas de baixa tensión

Base de aplicación. Orzamento de execución material do proxecto:

Ata 3.000 € 35,00

De 3.000,01 ata 7.500 45,00

De 7.500,01 ata 15.000 60,00

De 15.000,01 ata 30.000 80,00

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

De 30.000,01 ata 45.000 100,00

De 45.000,01 ata 60.000 120,00

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 € 5,00

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 € 1,00

No caso de denegación da autorización, devindicarase o 50 % da tarifa anterior.

16 Inscrición ou modificación no rexistro de placas de inspeccións periódicas de equipos a presión 25

30 Modificación no rexistro de instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ)

Base de aplicación. Variación en valor absoluto do importe da maquinaria e instalacións:

Ata 3.000 € 35,00

De 3.000,01 ata 7.500 45,00

De 7.500,01 ata 15.000 60,00

De 15.000,01 ata 30.000 80,00

De 30.000,01 ata 45.000 100,00

De 45.000,01 ata 60.000 120,00

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 € 5,00

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 € 1,00

31 Modificación no rexistro de instalacións con equipos a presión

Base de aplicación. Variación en valor absoluto do importe da maquinaria e instalacións:

Ata 3.000 € 35,00

De 3.000,01 ata 7.500 45,00

De 7.500,01 ata 15.000 60,00

De 15.000,01 ata 30.000 80,00

De 30.000,01 ata 45.000 100,00

De 45.000,01 ata 60.000 120,00

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Por cada 6.000 € ou fracción de exceso ata 6.000.000 €: 5,00

Por cada 6.000 € ou fracción que exceda de 6.000.000 €: 1,00

32 Modificación no rexistro de instalacións eléctricas receptoras 25+0,6*valor absoluto da variación da potencia en kW

33 Modificación no rexistro de instalacións petrolíferas 25+3*valor absoluto da variación da capacidade en m3

34 Modificación no rexistro de instalacións de protección contra incendios 25+10*valor absoluto da variación. Nivel de risco+0,01 *valor absoluto da variación da superficie en m²

35 Modificación no rexistro de instalacións frigoríficas 25+0,6*valor absoluto da variación da potencia do compresor en kW

36 Modificación no rexistro de instalacións térmicas nos edificios 25+0,6*valor absoluto da variación da potencia en kW térmicos

37 Modificación no rexistro de depósitos de gas 25+10*valor absoluto da variación da capacidade en m3

38 Modificación no rexistro de instalacións receptoras de gas 25+0,2*valor absoluto da variación da potencia en kW

80 Baixa nos rexistros de instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial 4,87»

27) Engádese unha subalínea 15 á alínea 29 do anexo 3:

«15 Transmisión, arrendamento ou gravame de dereito mineiro

Base en función do tipo do dereito mineiro

Permisos de exploración sección C) e D) 25 % da tarifa consignada na subalínea 01

Permisos de investigación sección C) e D) 25 % da tarifa consignada na subalínea 02

Concesión de explotación derivada de permiso de investigación sección C) e D) 25 % da tarifa consignada na subalínea 03

Concesión de explotación directa sección C) e D) 25 % da tarifa consignada na subalínea 04

Recursos da sección B) a excepción das augas minerais e termais 25 % da tarifa consignada na subalínea 05

Recursos da sección A) 25 % da tarifa consignada na subalínea 06»

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

28) Modifícase a subalínea 04 da alínea 36 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04 Inspección, informes e outras actuacións por petición do interesado realizadas por persoal de Inspección Pesqueira

Sen saída á industria, establecemento ou explotación 27,69

Con saída á industria, establecemento ou explotación 156,66

Con saída ao mar 184,31»

29) Modifícase a subalínea 06 da alínea 37 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«06 Autorización administrativa doutras instalacións de produción eléctrica

Base de aplicación. Orzamento de execución material do proxecto

Ata 3.000 52,50

De 3.000,01 ata 7.500 67,50

De 7.500,01 ata 15.000 90,00

De 15.000,01 ata 30.000 120,00

De 30.000,01 ata 45.000 150,00

De 45.000,01 ata 60.000 180,00

Por cada 6.000 ou fracción de exceso ata 6.000.000 7,50

Por cada 6.000 ou fracción que exceda de 6.000.000 1,50 No caso de denegación da autorización, devindicarase o 50 % da tarifa anterior».

30) Modifícase a subalínea 04 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04 Inscrición no Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia

Pequeno produtor de residuos perigosos (lt;10 t/ano) 172,95

Produtor de residuos perigosos (gt;10 t/ano) 172,95 Produtor de residuos non perigosos (gt; 1.000 t/ano) 172,95

Produtor de lodos con destino á agricultura 172,95

Transportista profesional de residuos perigosos e de residuos non perigosos 172,95

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Negociante para residuos perigosos e para residuos non perigosos 172,95

Axente para residuos perigosos e para residuos non perigosos 172,95»

31) Elimínase a subalínea 07 da alínea 52 do anexo 3.

32) Elimínase a subalínea 12 da alínea 52 do anexo 3.

33) Engádese unha subalínea 20 á alínea 52 do anexo 3:

«20 Modificación da inscrición por ampliación do prazo de almacenamento de residuos 50,30»

34) Engádese unha subalínea 21 á alínea 52 do anexo 3:

«21 Modificación da inscrición por recodificación de residuos producidos 150»

35) Modifícase a alínea 59 do anexo 3, eliminando a subalínea 01, que queda redactada como segue:

«59 Informe de avaliación de ensaios clínicos con medicamentos de uso humano ou produtos sanitarios, de estudos postautorización de seguimento prospectivo e doutros estudos neste ámbito

02 Avaliación de novos ensaios clínicos, con medicamentos de uso humano ou produtos sanitarios 2.982,00

03 Avaliación de novos estudos postautorización de seguimento prospectivo, por avaliación global 652,65

04 Modificacións relevantes aos protocolos de ensaios clínicos con medicamentos de uso humano ou produtos sanitarios aprobados 1.029,00

05 Avaliación doutros estudos non incluídos nos apartados anteriores 111,00»

36) Modifícase a alínea 68 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«68 Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, por metro cúbico de auga captado 0,017»

37) Engádese a subalínea 04 á alínea 77 do anexo 3:

«04 Aprobación proxecto de perforación xeotérmica de moi baixa entalpía

Base de aplicación. Orzamento consignado no proxecto

Ata 2.500,00 €50,00

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

De 2.500,01 ata 5.000,00 70,00

De 5.000,01 ata 10.000,00 90,00

De 10.000,01 ata 20.000,00 110,00

De 20.000,01 ata 40.000,00 130,00

De 40.000,01 ata 60.000,00 162,20

Por cada 6.000 ou fracción de exceso ata 6.000.000 7,5

Por cada 6.000 ou fracción de exceso sobre 6.000.000 1,5»

38) Créase a alínea 80 no anexo 3, co seguinte contido:

«80 Revisión e verificación do cumprimento dos compromisos adquiridos polos importadores de produtos co Servizo Oficial de Inspección, Vixilancia e Regulación do Comercio Exterior (Soivre) para a súa comercialización

Sen saír ao campo 28,72

Con saída ao campo 162,20

De ser necesario saír máis dun día, por cada día de máis 133,56

De ser o caso, por foto 2,96

Visitas posteriores de verificación, por día 133,56»

39) Modifícase a letra a) da regra quinta da tarifa X-4, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«a) Con utilización de lonxa non concesionada ou autorizada:

Para a pesca descargada por vía marítima ou que accede ao recinto pesqueiro por vía terrestre: o 3 %».

40) Modifícase a regra décimo cuarta da tarifa X-4, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo cuarta. Para potenciar a captación e consolidación de tráficos pesqueiros en cada porto, Portos de Galicia poderá aplicar bonificacións singulares sobre a contía desta tarifa a aqueles tráficos pesqueiros que sexan sensibles para a economía de Galicia ou que teñan a condición de prioritarios ou estratéxicos, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas a determinados tipos de tráficos e operacións en colaboración co sector privado e a súa adaptación ás condicións de mercado.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Só terán dereito a estas bonificacións os suxeitos pasivos con compromisos de tráficos relevantes pesqueiros aprobados no correspondente convenio que se subscriba, por un período máximo de tres anos, con Portos de Galicia, sempre e cando a pesca proveña de descargas realizadas en portos localizados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

a) O tipo de tráfico comprometido.

b) O volume de tráfico comprometido e a súa evolución anual no período de vixencia do convenio, medido en toneladas de pesca fresca e facturación da primeira venda efectuada.

A máxima bonificación que se poderá acadar sobre a contía da tarifa será do 50 %, en función da seguinte táboa:

	Pesca descargada noutra comunidade autónoma	Pesca descargada noutros países
t descargadas/ano	Porcentaxe de bonificación	Porcentaxe de bonificación
Entre 500 t e 1.000 t	5 %	10 %
Entre 1.000 t e 1.500 t	10 %	20 %
Entre 1.501 t e 2.000 t	15 %	30 %
Máis de 2.000 t	20 %	40 %

Se o valor da pesca comprometida supera os 5.000.000 de € anuais, calculado con base en prezos reais das vendas en lonxa efectuadas o ano anterior segundo a especie comprometida, á bonificación engadiráselle un novo sumando do 5 %.

Se o tráfico comprometido supera o concertado no período anterior nunha porcentaxe superior ou igual ao 10 %, sumarase ás porcentaxes anteriores un 10 % de bonificación adicional.

A bonificación resultante será a suma das porcentaxes indicadas anteriormente, e a máxima bonificación acumulada que se poderá aplicar sobre a contía da tarifa será do 50 %, que non será acumulable a outras bonificacións de aplicación a esta tarifa».

41) Modifícase a regra décimo quinta da tarifa X-5, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo quinta. Para potenciar a captación e consolidación de recepción nas instalacións portuarias de embarcacións deportivas, así como para promover a difusión de Galicia no exterior, tanto de embarcacións de base como en tránsito procedentes doutros países ou comunidades autónomas, Portos de Galicia poderá, mediante a formalización dun convenio específico, aplicar bonificacións singulares sobre a contía desta tarifa a aqueles tráficos que teñan a condición de relevantes ou estratéxicos para a difusión da imaxe de Galicia, para o fomento do turismo galego ou para incrementar o grao de ocupación das instalacións náuticas, de forma que poidan articularse accións comerciais axeitadas e en reciprocidade con determinadas entidades homólogas.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Só terán dereito a estas bonificacións as entidades públicas e privadas que se comprometan a ocupar prazas de amarre, mediante embarcacións propias ou de terceiros representados por estas entidades, en portos da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan considerados relevantes polo seu número, tempo de estadías e polo grao de ocupación do porto solicitado, e deberán formalizarse compromisos anuais no correspondente convenio con Portos de Galicia. A entidade asinante do convenio subrogarase nas obrigas de pagamentos dos suxeitos pasivos que utilicen as instalacións.

Os parámetros de cuantificación en relación co suxeito pasivo serán:

a) O número de embarcacións: se se superan 10 embarcacións/ano, aplicaríase un 10 %, e se se superan 20 embarcacións/ano, un 20 % de bonificación. Para os efectos do cálculo do cómputo das embarcacións susceptibles de bonificación, serán tidas en conta unicamente aquelas embarcacións que non recalasen en anos anteriores nas instalacións de competencia de Portos de Galicia, agás aquelas embarcacións participantes en rutas ou circuítos náuticos considerados de interese pola difusión relevante da imaxe de Galicia no exterior.

b) O tempo total de estadía durante o período polo número de embarcación: se se superan 500 días de estadía pola totalidade das embarcacións, sería de aplicación un 10 %, e se se superan os 1.000 días de estadía pola totalidade das embarcacións, un 20 %.

c) O grao de ocupación do porto, potenciando a ocupación de portos cun grao de ocupación medio ou baixo: se o grao de ocupación do porto é inferior ao 75 %, aplicaríaselles un 10 % de bonificación, e se é inferior a un 50 %, aplicaríaselles un 20 % de bonificación.

A bonificación resultante será a suma das porcentaxes indicadas nas letras a), b) e c) e a máxima bonificación acumulada que se poderá aplicar sobre a contía da tarifa será do 30 %, sendo acumulable a outras bonificacións de aplicación a esta tarifa».

42) Modifícase a regra primeira da tarifa E-2, contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Primeira. Esta tarifa abrangue a utilización de explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, e a lámina de auga por artefactos ou estruturas flotantes que non teñan consideración de barco, non explotados en réxime de concesión».

43) Modifícase a regra quinta da tarifa E-2, contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Quinta. Para os efectos exclusivos de aplicación desta tarifa, establécese a clasificación seguinte:

Grupo A. Composto polos seguintes portos:

Zona norte: Celeiro, Burela, Ribadeo, Cedeira e Cariño.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Zona centro: Sada, Malpica, Laxe, Cabo de Cruz, Rianxo, Ribeira, Cee, Muros, Aguiño, Fisterra, Portosín e A Pobra do Caramiñal.

Zona sur: Portonovo, O Grove, Bueu, Cangas, Moaña, O Xufre, Tragove (Cambados), Vilanova e Combarro.

Grupo B. Composto polos seguintes portos:

Zona norte: Foz, San Cibrao, O Vicedo, Ortigueira e Ares.

Zona centro: Betanzos, Lorbé, Caión, Corcubión, Pontedeume, Corme, Camariñas, Muxía, Porto do Son, Portocubelo, O Freixo e O Testal.

Zona sur: Sanxenxo, Pontevedra, Aldán, Meira, Domaio, Meloxo, Baiona, A Guarda, Vilaxoán, Cambados (San Tomé e peirao en T) e San Vicente.

Grupo C. Restantes portos e instalacións non incluídos nos grupos anteriores».

44) Modifícase a regra sexta da tarifa E-2, contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta. Os espazos destinados ao tránsito e almacenamento de mercadorías ou doutros elementos clasifícanse en dúas zonas:

Zona de manobra e tránsito: inmediata á de atracada dos buques (ata 12 m do cantil do peirao nos portos incluídos nos grupos A e B e ata 5 m nos portos incluídos no grupo C). Nesta zona non se permite o depósito de mercadorías sen autorización previa e expresa en cada caso da dirección do porto correspondente.

Zonas de almacenamento: as restantes zonas de depósitos do porto, agás a lámina de auga.

Zonas de lámina de auga: a ocupación da lámina de auga incluída dentro da zona de servizo do porto».

45) Modifícase a regra sétima da tarifa E-2, contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sétima. As contías, expresadas en euros, serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:

[Táboa]

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente.

Na zona de lámina de auga será de aplicación a contía para menos de 20 m do cantil a todo artefacto ou estrutura aínda que se atope parcialmente a menos desta distancia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Aos elementos mecánicos tales como guindastres ou cintas móbiles que ocupen superficie descuberta e que sirvan de apoio ás operacións de carga e descarga de mercadorías de toda índole realizadas por vía marítima, que deban estar na zona de manobra e tránsito con carácter fixo ou eventual, seranlles aplicables as contías definidas no cadro anterior para a zona de almacenamento en superficie descuberta aplicada ao grupo correspondente e á superficie ocupada polo aparello e á súa zona de manobra.

En ocupación de superficies cubertas que dispoñan de varios andares, a tarifa que se aplicará segundo o cadro anterior será o sumatorio de cada un dos andares, aplicando o 100 % dela para a planta baixa e o 50 % para os andares primeiro e seguintes, considerando en cada caso a superficie útil correspondente. No caso de que se trate de edificios de departamentos para armadores, exportadores e comercializadores relacionados coas actividades do sector pesqueiro e marisqueiro que sexan de planta baixa ou de planta baixa e mais un andar, a tarifa que se aplicará será soamente o 100 % da superficie en planta baixa.

Na ocupación de tubaxes, canalizacións ou instalacións soterradas xerais do porto, a tarifa será o 50 % do que lle correspondería segundo os cadros anteriores, agás que o seu uso impida a utilización da superficie exterior. Neste caso, a tarifa sería a indicada nesta regra para a superficie descuberta. A superficie que se considerará para canalizacións será a da proxección horizontal da tubaxe ou instalación de que se trate, cunha superficie mínima de 0,5 m2 por cada metro lineal de canalización.

As contías da tarifa para as ocupacións de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias serán as seguintes:

Zona terrestre	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ao 10	0,100101	0,067334	0,050504
Días 11 e seguintes	0,202020	0,134667	0,101008
Zona de lámina de auga	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 m do cantil	0,70691	0,47080	0,35345
A máis de 20 m do cantil	0,32311	0,21522	0,16182»

46) Modifícase a regra quinta da tarifa E3, contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Quinta. As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

Por kWh ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,331849 €A facturación mínima será de 3,840155 €

As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retallista español establecido no Real decreto 1164/2001 e, en particular, á tarifa PVPC simple dun único período 2.0A, establecida no Real decreto 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixa vixentes, segundo a formulación seguinte:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Taxas E3 no período de devindicación=(PA+EA) × Rv × IE + Ct

Sendo:

Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2017 e seguintes unha contía de 0,1152 € /kW día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que vén determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW), multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación, multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o último do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. Para o exercicio 2017 este valor medio é de 0,1226 €/kWh.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

Recarga polo volume de kWh consumidos (Rv): establécese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2 % e o 10 %, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Media dos kWh consumidos ao día durante o período liquidado	Recarga (%)
Igual ou superior a 300 kWh/día	10 %
Igual ou superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día	8 %
Igual ou superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día	6 %
Igual ou superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día	4 %
Igual ou superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día	2 %

Onde:

Rv=1 + Recarga (%)/100

Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será de aplicación a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2017 e seguintes é dun 5,113 %. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ao imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

IE=1 + Gravame imposto eléctrico (%)/100=1+5,113/100=1,05113

Contía por posta á disposición de contador (Ct): polos traballos de conexionado, desconexionado e tramitacións administrativas de instalación e seguimento establécese unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o último do período de devindicación».

47) Modifícase a regra novena da tarifa E-4, contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Novena. As contías da tarifa por aparcamento nas zonas sinaladas expresamente para este fin serán as seguintes:

Por cada hora ou fracción, ata un máximo de doce horas:

A) Vehículos lixeiros: 0,256011 €

B) Camións, remolques: 0,512020 €

Por cada período de vinte e catro horas ou fraccións superiores a doce horas:

A) Vehículos lixeiros: 3,072122 €

B) Camións e remolques e outros: 6,144243 € Prohíbese o aparcamento nas zonas non sinaladas expresamente para este fin.

Portos de Galicia poderalles autorizar aos usuarios do porto, segundo os procedementos que se establezan, o aboamento do servizo de aparcamento, que non implicará reserva de praza, nas zonas portuarias habilitadas por períodos completos mensuais, semestrais e anuais. Neste caso, as tarifas que se deben aboar polo período completo, independentemente do uso efectivo do aparcadoiro, serán as indicadas no seguinte cadro:

Período aboamento	Vehículo lixeiro	Camións, remolques e outros
Mes	46,08	92,16
Semestre	165,89	331,79
Ano	224,26	448,53

Prohíbese o aparcamento dos vehículos alleos ás actividades portuarias, agás autorización expresa en cada caso das autoridades do porto. Naqueles casos nos que se conceda a autorización, de se tratar de vehículos lixeiros, camións ou remolques, aplicarase a tarifa dobre da indicada anteriormente, e, de se tratar de autobuses, aplicarase a tarifa tripla da indicada anteriormente para camións e remolques.

Portos de Galicia poderá establecer concertos anuais para a liquidación desta tarifa cos concellos e outras entidades públicas, cunha redución adicional do 50 % na contía da tarifa.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Os concertos estableceranse en función do tipo de servizo, do seu interese e da compatibilidade cos usos portuarios.

No suposto de que se trate dun aparcamento cuberto, a tarifa que se aplicará será a que lle corresponda en función do tipo de vehículo e do período de aboamento, multiplicada por 2 se non dispón de vixilancia específica, e multiplicada por 3 se Portos de Galicia dispón dela».

48) Modifícase a subalínea 03 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«03 Tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos

1. A prestación por terceiros de servizos e o exercicio de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza no ámbito portuario estarán suxeitos a autorización, que devindicará a correspondente taxa a favor da Administración portuaria.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización da actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da exixencia das taxas que procedan por ambos os conceptos.

2. Os elementos cuantitativos desta taxa serán o tipo, o volume de actividade e mais a utilidade obtida.

Para os efectos do cálculo da base impoñible desta taxa, enténdese por importe neto da cifra anual de negocio o concepto establecido na normativa contable vixente, onde se define como o importe das vendas dos produtos e das prestacións de servizos e outros ingresos correspondentes ás actividades ordinarias desenvoltas na concesión ou autorización, deducíndolle o importe de calquera desconto, bonificación e redución, así como os impostos que, como o imposto sobre o valor engadido, deban ser obxecto de repercusión.

No caso de que o titular da concesión, autorización ou calquera outro título habilitante estea acollido ao réxime de estimación obxectiva singular por módulos do imposto sobre a renda das persoas físicas, para a determinación do importe neto da cifra anual de negocio das actividades comerciais, industriais e de servizos considerarase que este importe será catro veces o importe do rendemento neto previo obtido da declaración do IRPF para as persoas físicas declarado polo titular.

3. A cota da taxa que se satisfará será a que resulte das seguintes disposicións:

3.1. Contías mínimas:

a) Para os efectos da súa liquidación, a contía mínima da taxa establecida nesta alínea será de 2,96 euros.

b) No caso de que a prestación dos servizos ou o exercicio das actividades comerciais ou industriais estean vinculados a unha concesión ou autorización de ocupación de dominio público portuario, a contía anual da taxa correspondente non poderá ser inferior á cota

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

desta taxa aplicada ao tráfico ou actividade mínima anual, establecida, de ser o caso, no título habilitante da ocupación do dominio público.

3.2. A cota da taxa será a determinada nos seguintes parágrafos, sen prexuízo do disposto no apartado 3.1 anterior, segundo que a actividade sexa portuaria ou auxiliar non estritamente portuaria.

A) Actividades portuarias.

1. Taxa portuaria pola prestación de servizos e actividades de manipulación de carga.

A cota da taxa por servizos e actividades de manipulación de carga establécese por unidade de carga manipulada, medida en tonelada métrica de peso bruto ou fracción en función do grupo ao que pertenzan as mercadorías, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo sexta da tarifa X-3:

Grupo de mercadorías	Cota da taxa (en euros)/tonelada
1	0,006095
2	0,010158
3	0,016253
4	0,026412
5	0,040633

2. Taxa portuaria pola prestación de servizos á pasaxe.

A cota da taxa pola prestación de servizos á pasaxe establécese por pasaxeiro/a e vehículo en réxime de pasaxe, en función da modalidade de pasaxe e do tipo de navegación, segundo se recolle na regra quinta da tarifa X-3 mercadorías e pasaxeiros contida na subalínea 01 anterior, de acordo coa seguinte táboa:

Concepto	Tipo de navegación		
	Interior, local ou de ría	Entre portos da UE	Exterior
a) Pasaxeiros			
Bloque II	0,000828	0,025472	0,076416
Bloque I	0,001660	0,070959	0,141917
b) Vehículos			
Motocicletas e vehículos ou remolques de dúas rodas	0,002032	0,004064	0,008126
Automóbiles	0,010158	0,020317	0,040633
Camións, autocares e outros vehículos de transporte colectivo	0,050791	0,101584	0,203167

3. Taxa portuaria pola prestación de servizos técniconáuticos.

a) Servizo de practicaxe.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

b) Servizo de amarre e desamarre.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

c) Servizo de remolque.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto deste, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	17,61
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	21,13
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	24,66
Maior que 4.000 GT	28,18

4. Taxa polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques. A cota polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque consignado, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor ou igual que 1.500 GT	11,77
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	14,12
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	16,47
Maior que 4.000 GT	18,83

5. Taxa polo exercicio de actividade polo desenvolvemento de actividades portuarias inherentes á xestión e á explotación de lonxas.

A cota polo desenvolvemento de actividades portuarias inherentes á xestión e á explotación de lonxas establécese por servizo prestado, en función dos quilogramos de peixe vendido en lonxa.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O importe da taxa será de 0,0015 euros por quilogramo de peixe vendido na lonxa.

O importe da taxa anual será como máximo o 1 % da contía resultante de lle aplicar ao importe total anual de vendas efectuadas na lonxa correspondente a porcentaxe autorizada en concepto de tarifa de xestión de cobramento que se aplicará polo adxudicatario aos usuarios en concepto da prestación do servizo, e ata un máximo de 30.000

6. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias non previstas nos artigos anteriores establecerase por unha porcentaxe en función do importe neto da cifra anual de negocio da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización, de acordo coa seguinte táboa:

Actividade desenvolvida	Tipo aplicable
Fábricas de xeo, cámaras de frío; departamentos de armadores; subministración de combustible a buques; recollida de refugallos; medios mecánicos vinculados ás actividades portuarias, varadoiros, talleres de reparación de embarcacións e depósito de embarcacións, estaleiros; depuradoras de molusco, cetarias, viveiros, acuicultura; xestión de amarres náutico–recreativos, naves de almacenamento de mercadoría expedida por vía marítima, redes de fornecementos e comunicacións a instalacións portuarias, ensinanzas náuticas	1 %
Naves de almacenaxe, loxística; oficinas; venda de embarcacións, efectos navais; industrias conserveiras, transformación e manipulación da pesca, subministración de combustible a automóbiles propiedade dos usuarios do porto	1,50 %

A anterior listaxe de actividades posúe para estes efectos un carácter indicativo e non limitativo.

Para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste punto, a cota máxima anual da taxa será de 30.000 euros para as actividades ás que se lles aplique o tipo do 1 % e de 60.000 euros para aquelas actividades ás que se lles aplique o tipo do 1,5 %.

Ás concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante indicados no parágrafo anterior que sexan actualizados ou modificados respectando o prazo inicial da orixinal e manteñan o seu destino e actividade conforme os títulos habilitantes iniciais, a taxa que se lles aplicará será de acordo co indicado no parágrafo anterior.

Para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgados con posterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste punto, a cota máxima anual da taxa será de 60.000 euros para as actividades ás que se lles aplique o tipo do 1 % e que veñan expresamente indicadas no punto correspondente do cadro anterior, e de 90.000 euros para aquelas actividades ás que se lles aplique o tipo do 1,5 %.

No suposto do desenvolvemento da actividade de exportación de pesca fresca en locais vinculados directamente a unha lonxa localizada nun porto da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe da taxa será de 0,0015 euros por quilogramo de peixe declarado polo uso

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

do local obxecto de autorización ou concesión. Tamén será de aplicación á pesca fresca descargada noutro porto da Comunidade Autónoma de Galicia que entre no porto por vía terrestre, sempre e cando se acredite o aboamento da tarifa X-4 que corresponda.

B) Actividades auxiliares non estritamente portuarias.

Terán esta consideración, entre outras: locais e terrazas de hostalaría, restauración e locais comerciais con uso non estritamente portuario.

1. Instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría.

A cota da taxa pola instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalaría, que se aplicará naquelas cuxo local asociado non estea sometido ao aboamento da taxa descrita no apartado 3.2 B).2) pola totalidade da actividade desenvolta, establécese por mesa autorizada e día ou fracción en función da intensidade da actividade e da temporada do ano en que esta se desenvolva, de acordo coa seguinte táboa:

Intensidade da actividade	Temporada		
	Alta	Media	Baixa
Alta	0,95 €	0,72 €	0,48 €
Media	0,80 €	0,60 €	0,40 €
Baixa	0,61 €	0,47 €	0,31 €

Considerarase que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de: Ribadeo, Burela, Celeiro, Ortigueira, Cedeira, Ares, Sada, Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, O Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados, O Grove, San Vicente, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña e Baiona.

Considerarase que a intensidade da actividade é media cando se desenvolva nos portos de: Foz, O Barqueiro, Cariño, Pontedeume, Malpica, Corme, Laxe, Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Portocubelo, O Freixo, Testal, Cabo de Cruz, Meloxo, Meira, Aldán, Panxón e A Guarda.

Considerarase que a intensidade da actividade é baixa cando se desenvolva nos restantes portos e instalacións non establecidos nos parágrafos anteriores.

Considerarase temporada alta os meses de xullo e agosto; temporada media, os meses de xuño e setembro; e temporada baixa, os restantes meses do ano.

No caso de que a autorización se outorgue por prazo dun ano natural, considerarase, para efectos da aplicación desta taxa, que durante a temporada baixa o período de desenvolvemento da actividade será de sesenta días días.

2. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais auxiliares non estritamente portuarias.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A cota anual da taxa polo exercicio das restantes actividades comerciais ou industriais auxiliares non estritamente portuarias establécese como o 2 % do importe neto da cifra anual de negocio da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización. A cota anual máxima desta taxa para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante, para o exercicio dos restantes servizos e actividades comerciais e industriais auxiliares non estritamente portuarias, será de 120.000 euros.

3. A taxa será liquidada por Portos de Galicia na forma e prazos determinados regulamentariamente. Os suxeitos pasivos deberán presentar as declaracións que correspondan na forma, lugar e prazos que se determinen regulamentariamente. Os suxeitos pasivos desta taxa estarán obrigados a conservar, durante o prazo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas e calquera outro elemento necesarios para determinar a débeda tributaria. Así mesmo, os suxeitos pasivos quedarán obrigados a levar os libros e rexistros que regulamentariamente se establezan.

En especial, cando para a determinación da contía da taxa sexa preciso o coñecemento do importe neto da cifra anual de negocio, os suxeitos pasivos terán as mesmas obrigas documentais e formais contables que as establecidas nas normas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.

4. A contía da taxa deberá figurar necesariamente nas condicións da autorización de actividade ou, de ser o caso, da concesión ou autorización de ocupación privativa do dominio público.

5. No suposto de que a taxa sexa exixible por adiantado, a súa contía calcularase, para o primeiro exercicio, sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico ou de negocio e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos reais do ano anterior.

6. Cando se utilicen procedementos de licitación pública, a cota da taxa virá determinada pola suma de dous compoñentes:

a) A cota vixente no momento da devindicación consonte o disposto no apartado 3 anterior.

b) A mellora determinada na licitación á alza polo adxudicatario da concesión, expresada na mesma unidade que a cota á que se refire a letra a) anterior».

49) Modifícase a letra c) da subalínea 2 da alínea 02 do anexo 5, que queda redactada como segue:

«c) No caso de ocupación de obras e instalacións:

Nas áreas destinadas a usos portuarios pesqueiros onde se desenvolvan actividades de lonxas coas súas correspondentes cámaras de frío, fábricas de xeo e naves de redes: o 2,5 % dos valores dos terreos, dos espazos de auga e das obras e instalacións, e o 25 % do valor da depreciación anual asignada.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Nas áreas destinadas a usos portuarios pesqueiros de exportación de peixe fresco e venda en locais situados en lonxas da Comunidade Autónoma de Galicia: o 5 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 60 % do valor da depreciación anual asignada naquelas.

Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e aos servizos básicos a prestar nunha instalación náutico-deportiva: o 5 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada naquelas.

No suposto de edificacións propiedade da Administración destinadas a estacións marítimas ou a instalacións para o servizo ao tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados a actividades complementarias desta.

Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e os servizos comerciais que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

Nas áreas destinadas a usos que non estean relacionados directamente coas actividades portuarias, ou complementarias ou auxiliares das portuarias: o 7 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

Para os efectos da aplicación deste artigo, consideraranse actividades relacionadas co intercambio dos modos de transporte e servizos portuarios os seguintes: servizo de practicaxe; servizos técnico-náuticos; servizo á pasaxe, incluídas estacións marítimas e instalacións para o servizo de pasaxeiros; servizo de manipulación e transporte de mercadoría; e servizo de recepción de refugallos xerados polos buques.

Así mesmo, consideraranse servizos básicos a prestar nunha instalación náuticodeportiva os seguintes: amarre e desamarre, servizo de duchas, vestiarios e lavandaría, servizo de subministración de auga e enerxía, servizo contra incendios, vixilancia e seguridade, servizos administrativos da instalación náutica, servizos de información, servizos de correo e comunicacións e servizo de vixilancia e control das instalacións.

De xeito xeral, ás edificacións que teñan antigüidade superior á súa vida útil, aplicaráselles o 25 % do valor da depreciación anual asignada, sobre unha vida útil remanente que será, como máximo, un terzo da vida útil inicial asignada. A vida útil será fixada na taxación efectuada para os efectos con base na normativa vixente de aplicación».

50) Modifícase a subalínea 02 da alínea 05 do anexo 5, que queda redactada como segue:

«02 Aproveitamento especial do dominio público viario.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Constitúe a base impoñible a utilidade derivada do aproveitamento especial do dominio público viario. Para estes efectos, establécese como base impoñible a que se obtén da seguinte fórmula:

$$B_i = L \cdot \left(B_s + \frac{B_a}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_e$$

Onde:

Bi=base impoñible.

L=lonxitude (m) do servizo que discorre por dominio público viario.

Bs=base sectorial, que adopta os seguintes valores en función do tipo de actividade:

* Distribución de electricidade de tensión menor ou igual a 30 kV: 1,58 €/m.

* Distribución de electricidade de tensión maior a 30 kV: 2,45 €/m.

* Transporte de electricidade de tensión maior a 30 kV: 4,94 €/m.

* Distribución de hidrocarburos: 1,58 €/m2.

* Transporte de hidrocarburos: 18,57 €/m.

* Telefonía e telecomunicacións: 2,91 €/m.

* Abastecemento de auga: 1,61 €/m.

* Saneamento: 4,07 €/m.

Ba=base adicional para o caso de servizos executados a través de canalizacións de titularidade da Administración autonómica, que adopta un valor de 1,00 €/m nese caso, sendo nula en caso contrario.

n=número de suxeitos pasivos diferentes que empregan a mesma canalización.

Cd=coeficiente de densidade de poboación, calculado segundo a fórmula seguinte:

$$C_d = \sqrt{\frac{\phi_m}{\phi_G}} \leq 2$$

Onde:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Øm=densidade de poboación (hab./km2) do termo municipal en que se sitúe o servizo, segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro do ano anterior ao de devindicación da taxa.

ØG=densidade de poboación (hab./km2) da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro do ano anterior ao de devindicación da taxa.

Cu=coeficiente pola situación urbanística do solo, que adopta os seguintes valores:

1,00 en solo en situación urbanizada.

0,75 en solo en situación rural.

Ce=coeficiente pola clasificación da estrada:

1,20 no caso de autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas.

1,00 no caso do resto de estradas da rede primaria básica non incluídas na categoría anterior.

0,80 no caso de estradas da rede primaria complementaria.

0,60 no caso de estradas da rede secundaria.

O tipo de gravame aplicable nos supostos de aproveitamento especial será do 50 %».

Artigo 4. Canon da auga

Modifícase a alínea 3 do artigo 59 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactada como segue:

«3. O tipo de gravame da parte variable nas augas termais e mariñas destinadas a uso terapéutico será de 0,0085 euros por metro cúbico».

TÍTULO II Medidas administrativas

CAPÍTULO I Función pública

Artigo 5. Concurso

Modifícase o punto 2 do artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Os concursos para a provisión de postos de traballo poden convocarse para a xeneralidade dos postos de traballo vacantes, para postos de traballo dun determinado

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

ámbito ou para postos de traballo concretos, en atención ás necesidades do servizo. En todo caso, non se incluirán neles os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación ou por motivos de violencia de xénero.

Non obstante, o persoal funcionario de carreira que estea adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

O incumprimento desta obriga determinará o cesamento no posto no que figure adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación.

O disposto nesta alínea será de aplicación en exclusiva aos postos de persoal funcionario de administración xeral e especial. No caso do persoal funcionario da Administración de xustiza, persoal docente ou persoal estatutario do sistema de saúde, non será de aplicación directa, e observarase a súa regulación específica».

Artigo 6. Comisión de servizos voluntaria

Modifícase a alínea 2 do artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

«2. En todo caso, para o desempeño dun posto de traballo en comisión de servizos voluntaria, o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

Non obstante, para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia dos recursos humanos dispoñibles, o persoal funcionario de carreira poderá ocupar, con carácter temporal, mediante comisión de servizos voluntaria, un posto de traballo correspondente a unha escala de administración xeral ou especial sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo e pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura».

Artigo 7. Mobilidade interadministrativa

Engádese un novo punto 4 bis ao artigo 104 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co seguinte contido:

«4 bis. O persoal funcionario de carreira pertencente á escala de Administración local con habilitación de carácter nacional do subgrupo A1 que, como consecuencia das medidas de fomento para as fusións de municipios ou para a incorporación voluntaria a outros, opte por ser transferido á Comunidade Autónoma de Galicia, integrarase plenamente na organización da función pública autonómica, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e seralle de aplicación o disposto no artigo 97 desta lei».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 8. Definicións

Modifícase a letra c) da disposición adicional primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

«c) Localidade: o correspondente termo municipal. Para efectos de permisos, entenderase por termo municipal o da residencia do persoal funcionario. Exceptúase o caso do persoal estatutario, para o cal esta expresión se entende que fai referencia á correspondente área de saúde, agás no caso dos permisos por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, no cal se aplicará o réxime xeral previsto no primeiro inciso desta alínea».

Artigo 9. Escalas e especialidades dos corpos de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase, no punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a escala superior de seguridade e saúde no traballo, que queda redactada como segue:

[Táboa]

Dous. Modifícase, na alínea 3 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a escala de axentes de inspección, que queda redactada como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de axentes de inspección	Consumo	C1	– Apoio aos labores encomendados aos inspectores de consumo	Bacharel ou técnico
	Vixilancia de estradas		– Vixilancia do estado de conservación e explotación dos elementos que integran o dominio público viario, das obras dirixidas pola Axencia Galega de Infraestruturas e das obras ou outros usos realizados nas zonas de protección das estradas por terceiros – Denuncia ou informe de calquera incumprimento ou anomalía – Vixilancia do cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade viaria, do medio ambiente e da seguridade e prevención de riscos laborais – Elaboración de partes de servizo, boletíns de denuncias, informes e demais documentos relacionados coas súas funcións – Cantas outras funcións compatibles co seu nivel e cometidos lle indique o seu superior	
	Mobilidade		– Control e vixilancia do cumprimento da norma en materia de transporte terrestre e marítimo en augas interiores – Realización da inspección nas instalacións de empresas que realicen actividades de transporte ou de formación en materia de transportes, en estacións de transporte ou en toda clase de vías terrestres – Constatación de feitos que poidan ser constitutivos de infracción e formulación de actas de infracción – Elaboración de informes nos expedientes que se requiran – Cualificación de feitos constitutivos de infraccións e tramitación de expedientes sancionadores – Asesoramento aos intervenientes no sector do transporte para facilitar o cumprimento da legalidade – Elaboración de estatísticas de inspeccións, denuncias e infraccións relacionadas coas tarefas de inspección – Realización das tarefas administrativas que deriven das súas funcións	

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tres. Engádese unha alínea 3 bis na disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co seguinte contido:

«3 bis. No corpo auxiliar existen as seguintes escalas e especialidades:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de persoal de servizos xerais (PSX)		C2	– Administrativa e de apoio á xestión – Recepción, portaría, atención e información aos usuarios. Apertura e peche dos centros ou unidades. Funcións de mantemento e apoio ás funcións xerais – Limpeza, lavandaría, mantemento e apoio ás funcións xerais – Apoio en cociña e comedor segundo o centro e o tipo de servizo – Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores	Graduado en ESO ou equivalente

Artigo 10. Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícanse, na alínea 1 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a escala de arquitectos, a escala de ciencias e a escala de inspección urbanística, que quedan redactadas como segue:

Denominación	Especialidades	Grupo	Funcións	Titulación
Escala de arquitectos		A1	Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo	Arquitecto, graduado ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto
Escala de ciencias	Bioloxía	A1	Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo	Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias
	Química			
	Ciencias do mar			
Escala de inspección urbanística	Técnica	A1	Estudo, xestión, tramitación e proposta de resolución dos resultados da actividade de inspección e control do cumprimento da normativa urbanística nos actos de edificación e uso do solo que se realicen na Comunidade Autónoma	Arquitecto ou enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, graduado ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
	Xurídica			Licenciado ou graduado en Dereito

Dous. Engádese, na alínea 3 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a escala de brigadistas, co seguinte contido:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Denominación	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de brigadistas	B	Coordinación do persoal para previr, combater e extinguir incendios de natureza forestal, así como vixilancia e mantemento dos labores de prevención. Coordinación en situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais e colaboración cos responsables dos servizos de protección civil no amparo de persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais. Así mesmo, deberá conducir cando o demanden as necesidades do servizo, polo que debe estar en posesión do carné de conducir B	Técnico superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos ou formación profesional de segundo ou grao equivalente

Tres. Engádese unha alínea 4 bis na disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co seguinte contido:

«4 bis. No corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial créanse as seguintes escalas e especialidades:

[Táboa]

Artigo 11. Adscrición a ramas de coñecemento das titulacións a que se refire a disposición adicional quinta para efectos do previsto nas alíneas primeira e segunda das disposicións adicionais oitava e novena

Modifícase a disposición adicional décima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décima. Adscrición a ramas de coñecemento das titulacións a que se refire a disposición adicional quinta para efectos do previsto nas alíneas primeira e segunda das disposicións adicionais oitava e novena

Para os efectos do previsto nas alíneas primeira e segunda das disposicións adicionais oitava e novena, as titulacións a que se refire a disposición adicional quinta quedan adscritas ás distintas ramas de coñecemento do seguinte xeito:

a) Artes e humanidades.

Subgrupo A1:

Licenciado en Documentación.

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural.

Licenciado en Belas Artes

Licenciado en Filoloxía (alemá, árabe, catalá, clásica, eslava, francesa, galega, hebrea, hispánica, inglesa, italiana, portuguesa, románica, vasca).

Licenciado en Filosofía.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Licenciado en Xeografía.

Licenciado en Historia.

Licenciado en Historia da Arte.

Licenciado en Historia e Ciencias da Música.

Licenciado en Humanidades.

Licenciado en Lingüística.

Licenciado en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Licenciado en Tradución e Interpretación.

Subgrupo A2:

Diplomado en Biblioteconomía e Documentación.

b) Ciencias.

Subgrupo A1:

Licenciado en Bioloxía.

Licenciado en Bioquímica.

Licenciado en Ciencias Ambientais.

Licenciado en Ciencias do Mar.

Licenciado en Ciencias e Técnicas Estatísticas.

Licenciado en Física.

Licenciado en Xeoloxía.

Licenciado en Matemáticas.

Licenciado en Química.

Licenciado en Enoloxía.

Subgrupo A2:

Diplomado en Estatística.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

c) Ciencias da saúde.

Subgrupo A1:

Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Licenciado en Farmacia.

Licenciado en Medicina.

Licenciado en Veterinaria.

Licenciado en Odontoloxía.

Licenciado en Psicoloxía.

Subgrupo A2:

Diplomado en Enfermaría.

Diplomado en Fisioterapia.

Diplomado en Logopedia.

Diplomado en Nutrición Humana e Dietética.

Diplomado en Óptica e Optometría.

Diplomado en Podoloxía.

Diplomado en Terapia Ocupacional.

d) Ciencias sociais e xurídicas.

Subgrupo A1:

Licenciado en Administración e Dirección de Empresas

Licenciado en Ciencias Actuariais e Financeiras.

Licenciado en Ciencias do Traballo.

Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración.

Licenciado en Comunicación Audiovisual.

Licenciado en Dereito.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Licenciado en Economía.

Licenciado en Investigación e Técnicas do Mercado.

Licenciado en Pedagoxía.

Licenciado en Periodismo.

Licenciado en Psicopedagoxía.

Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas.

Licenciado en Socioloxía.

Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

Subgrupo A2:

Diplomado en Ciencias Empresariais.

Diplomado en Educación Social.

Diplomado en Xestión e Administración Pública.

Diplomado en Relacións Laborais.

Diplomado en Traballo Social.

Diplomado en Turismo.

Mestre.

e) Enxeñaría e arquitectura.

Subgrupo A1:

Arquitecto.

Enxeñeiro aeronáutico.

Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

Enxeñeiro de Materiais.

Enxeñeiros de Minas.

Enxeñeiro de Telecomunicación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial.

Enxeñeiro en Electrónica.

Enxeñeiro en Xeodesia e Cartografía.

Enxeñeiro en Organización Industrial.

Enxeñeiro xeólogo.

Enxeñeiro industrial.

Enxeñeiro naval e oceánico.

Enxeñeiro en Informática.

Enxeñeiro químico.

Enxeñeiro agrónomo.

Enxeñeiro de Montes.

Licenciado en Máquinas Navais.

Licenciado en Náutica e Transportes Marítimos.

Licenciado en Radioelectrónica Naval.

Subgrupo A2:

Arquitecto técnico.

Enxeñeiro técnico agrícola.

Enxeñeiro técnico forestal.

Enxeñeiro técnico informático.

Enxeñeiro técnico aeronáutico.

Enxeñeiro técnico industrial.

Enxeñeiro técnico de Minas.

Enxeñeiro técnico naval.

Enxeñeiro técnico de Telecomunicación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Enxeñeiro técnico en Topografía.

Enxeñeiro técnico en Obras Públicas.

Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial.

Diplomado en Máquinas Navais.

Diplomado en Navegación Marítima.

Diplomado en Radioelectrónica Naval».

Artigo 12. Persoal laboral temporal que desempeñe postos de traballo de persoal funcionario

Engádese unha disposición transitoria primeira bis á Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición transitoria primeira bis. Persoal laboral temporal que desempeñe postos de traballo de persoal funcionario

1. A aprobación das correspondentes relacións de postos de traballo polo Consello da Xunta de Galicia de acordo coas previsións do punto 2 da disposición transitoria primeira determinará, de acordo co establecido nos artigos 26 e 38 desta lei, a transformación en postos de traballo de natureza funcionarial daqueles postos vacantes que viñan sendo desempeñados por persoal laboral temporal.

O persoal laboral indicado poderá seguir desempeñando as súas funcións, de acordo co establecido nos apartados seguintes desta disposición.

2. Coa finalidade de facer posible o cumprimento das normas establecidas nesta lei en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, os principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como para homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables a este, co fin de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos, a Administración expedirá un nomeamento de natureza funcionarial interina, no correspondente corpo ou escala de clasificación, ao persoal laboral temporal que, de acordo co establecido no apartado anterior, ocupe postos previstos como de natureza funcionarial nas relacións de postos de traballo, sempre que reúna os requisitos para a ocupación do posto e fose seleccionado como laboral temporal segundo os procedementos de acceso á condición de laboral temporal establecidos pola normativa vixente.

Este nomeamento requirirá a aceptación do persoal interesado e suporá a novación da relación xurídica existente coa Administración, sen solución de continuidade na prestación dos servizos, e a transformación daquela nun vínculo xurídico de natureza funcionarial interina, rexido pola presente lei. Cando as retribucións do persoal laboral sexan diferentes ás correspondentes ao réxime funcionarial, logo da negociación coas organizacións sindicais

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos e de acordo sempre co principio de estabilidade orzamentaria, por decreto do Consello da Xunta de Galicia estableceranse as condicións e os prazos da equiparación retributiva.

3. No caso de que a relación de postos de traballo prevexa a amortización do posto, de acordo coas necesidades de organización do servizo público, nos casos en que o persoal interesado non acepte o nomeamento interino previsto no apartado anterior, ou este non sexa procedente de acordo co nel indicado, e co fin do cumprimento dos principios establecidos neste, a Administración procederá a efectuar os trámites legais tendentes á extinción da relación laboral, sempre de acordo co establecido na lexislación laboral e coas consecuencias, incluídas as indemnizatorias, establecidas nela.

4. Os postos de traballo que pasen a ser desempeñados por persoal funcionario interino como consecuencia dos procesos establecidos na presente disposición quedarán suxeitos á súa convocatoria nos concursos de traslados e aos procesos selectivos de persoal funcionario da Xunta de Galicia.

5. As necesidades de cobertura temporal que xurdan despois da transformación dos postos de traballo previstos nesta disposición serán realizadas a través do sistema de listas para a cobertura de postos reservados a persoal funcionario».

Artigo 13. Postos directivos na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase a alínea 4 da disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

«4. O persoal funcionario de carreira que a partir da entrada en vigor da presente lei acceda aos postos directivos a que fai referencia esta disposición manterase na situación de servizo activo, con reserva do posto de traballo que ocupe con carácter definitivo no momento do nomeamento, se o devandito posto se obtivo mediante concurso».

Artigo 14. Postos ocupados por persoal laboral afectados pola creación de escalas

Engádese unha disposición transitoria décimo sexta na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición transitoria décimo sexta. Postos ocupados por persoal laboral afectados pola creación de escalas

1. O persoal laboral fixo que na entrada en vigor desta lei estea desempeñando postos de traballo afectados pola creación das escalas de Administración xeral e especial poderá seguir desempeñándoos.

2. Entrementres non se realicen as adaptacións necesarias para a provisión dos postos de traballo por persoal funcionario mencionados no apartado anterior, poderán seguir sendo provistos con persoal laboral».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 15. Provisión de postos de traballo e mobilidade

Modifícase o artigo 7 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. Provisión de postos de traballo e mobilidade

Non serán ofertados nos concursos de traslados os postos de persoal laboral afectados pola disposición transitoria décimo cuarta do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, e pola disposición transitoria décima do V Convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia, mentres non se realicen os procesos selectivos a que se refiren as ditas disposicións».

Artigo 16. Integración do persoal laboral fixo das entidades instrumentais como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e aplicación do convenio colectivo único ao persoal laboral temporal

Modifícase a disposición adicional décimo primeira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo primeira. Integración do persoal laboral fixo das entidades instrumentais como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e aplicación do convenio colectivo único ao p ersoal laboral temporal

1. O Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, poderá establecer os procedementos que habiliten a progresiva integración como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do persoal laboral fixo das entidades instrumentais ás que lles sexa aplicable esta lei que non estea sometido á normativa xeral de función pública ou ao convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia.

O establecemento dos devanditos procedementos e das referidas condicións de integración será negociado coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

A integración do persoal das entidades instrumentais do ámbito sanitario rexerase pola súa normativa específica.

2. Así mesmo, para homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables ao persoal, poderá negociarse coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos de Galicia a aplicación do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia ao persoal laboral temporal das entidades indicadas no primeiro parágrafo do apartado anterior que ocupe postos de traballo que sexa necesario manter. As condicións e prazos nas que se adecuarán as retribucións deste persoal ao convenio colectivo único serán iguais ás correspondentes ao persoal laboral fixo do ente que se integre como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 17. Persoal licenciado ou diplomado da escala de saúde pública e administración sanitaria

O persoal funcionario de carreira licenciado ou diplomado da escala de saúde pública e administración sanitaria poderá ocupar con carácter temporal, mediante comisión de servizos voluntaria, postos de traballo dunha clase diferente á que pertenza, dentro da referida escala, sempre que a titulación de acceso da súa clase orixinaria sexa a mesma que a requirida para o acceso á clase correspondente ao posto de que se trate. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario que pertenza á mesma clase do posto que sexa obxecto de cobertura.

Artigo 18. Negociación coas organizacións sindicais

Cando as decisións da Administración ditadas en aplicación das potestades de organización recoñecidas no presente título produzan consecuencias que teñan repercusión sobre as condicións de traballo dos empregados públicos recollidas no artigo 153 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procederá a negociación destas condicións coas organizacións sindicais de acordo co disposto na indicada lei.

CAPÍTULO II Réxime financeiro

Sección 1ª. Tesouro

Artigo 19. Concepto

Modifícase o artigo 87 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 87. Concepto

1. Constitúen a Tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores, créditos e os demais produtos das operacións de endebedamento da súa Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento, que se xeren tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias.

2. As dispoñibilidades da Tesouraría e as variacións que poidan sufrir están suxeitas ao réxime de intervención e deben ser rexistradas de conformidade coas normas de contabilidade pública. Poderán establecerse procedementos especiais de anotación en conta para aqueles movementos internos de efectivo entre as distintas contas operativas da Tesouraría que determine o conselleiro competente en materia de facenda».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 20. Funcións

Modifícase o artigo 88 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 88. Funcións

Son funcións propias da Tesouraría:

a) A xestión recadatoria dos recursos e o pagamento das obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades públicas instrumentais sinaladas no artigo anterior.

b) Instrumentar e servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

c) Distribuír no tempo e no territorio as dispoñibilidades de diñeiro para a satisfacción puntual das obrigas da Comunidade Autónoma.

d) Velar pola obtención da axeitada rendibilidade dos recursos dispoñibles da Comunidade Autónoma sen menoscabo dos fins propios da Tesouraría.

e) Responder dos avais contraídos pola Comunidade Autónoma conforme as disposicións desta lei.

f) As demais funcións que deriven ou se relacionen coas anteriores enumeradas».

Artigo 21. Situación dos fondos da Comunidade Autónoma

Modifícase o artigo 89 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 89. Situación dos fondos da Comunidade Autónoma

1. Con carácter xeral a Tesouraría da Comunidade Autónoma situará os fondos públicos no Banco de España ou nas entidades de crédito e aforro que operen en Galicia, en contas das que, en todo caso, posuirá a titularidade.

2. A Tesouraría da Comunidade Autónoma poderá instrumentar todas aquelas operacións activas que considere convenientes para manter a adecuada rendibilidade dos fondos ao seu cargo, guiada en todo caso polo principio de seguridade na súa colocación.

3. O réxime xeral de autorizacións para a situación e colocación de fondos, a natureza das contas, o control e a disposición dos fondos e dos servizos de colaboración que se vaian concertar coas entidades financeiras indicadas no punto anterior establecerao a consellería competente en materia de facenda».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Artigo 22. Situación dos fondos das entidades públicas instrumentais

Modifícase o artigo 90 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 90. Situación dos fondos das entidades públicas instrumentais

1. Os fondos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas e das entidades públicas empresariais, así como das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento, situaranse en contas diferenciadas coa autorización expresa da consellería competente en materia de facenda e baixo o control da Tesouraría, utilizando rúbricas que conteñan a denominación xeral de «Entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia», e terán a consideración, para todos os efectos, de fondos da propia Tesouraría.

2. Os ditos fondos poderán estar situados no Banco de España ou noutras entidades de crédito e aforro que operen en Galicia, e necesitarán autorización expresa da consellería competente en materia de facenda para a apertura de cada conta e para a determinación das súas condicións de funcionamento, logo de solicitude motivada e con expresión da finalidade da súa apertura.

A Tesouraría da Comunidade Autónoma poderá solicitar do órgano administrativo xestor calquera dato tendente a comprobar o cumprimento das condicións nas que se autorizou a apertura da conta e poderá ordenar a súa cancelación ou suspender a súa utilización se se comproba que non subsisten as condicións que motivaron a autorización de apertura.

3. As entidades financeiras indicadas no punto anterior teñen para coa Tesouraría da Comunidade Autónoma, pola súa solicitude, as mesmas obrigas de información que para coas consellerías e as entidades públicas instrumentais titulares das contas abertas nelas.

4. A consellería competente en materia de facenda poderá propoñerlle ao Consello da Xunta que as operacións de ingreso e de ordenación e realización material do pagamento das entidades públicas instrumentais ás que lles sexa de aplicación o disposto neste artigo as realice a dirección xeral competente en materia de tesouraría, para o cal se establecerá o correspondente procedemento.

5. O disposto no presente artigo será tamén de aplicación ás entidades públicas instrumentais a que fai referencia a disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que aínda non adaptasen a súa regulación ás determinacións do título III da citada lei».

Artigo 23. Ingresos e medios de pagamento

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Modifícase o artigo 91 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 91. Ingresos e medios de pagamento

1. Os ingresos a favor da Tesouraría poderán realizarse no Banco de España, nas caixas da propia Tesouraría ou das súas entidades colaboradoras, ou ben nas que se habiliten nas entidades públicas instrumentais ás que se fai referencia no artigo anterior.

2. Os medios de pagamento admisibles polas caixas da Tesouraría poderán consistir en diñeiro de curso legal, cheques nominativos, xiros, transferencias ou calquera outro medio de pagamento legalmente establecido. A consellería competente en materia de facenda establecerá as condicións que terán que cumprir e o momento no que en cada caso se producirá a liberación da débeda.

3. A Tesouraría poderá dar cumprimento ás súas obrigas por calquera dos medios de pagamento a que se fai referencia no punto anterior».

Artigo 24. Prescrición dos depósitos e garantías en efectivo constituídos ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma

Engádese un novo artigo 91 bis no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, co seguinte contido:

«Artigo 91 bis. Prescrición dos depósitos e garantías en efectivo constituídos ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma

Os depósitos e garantías en efectivo constituídos na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma respecto dos cales non se realice xestión ningunha por parte dos interesados no exercicio do seu dereito de propiedade prescribirán a favor da Facenda da Comunidade Autónoma no prazo de vinte anos».

Artigo 25. Fluxos financeiros

Modifícase o artigo 92 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado como segue:

«Artigo 92. Fluxos financeiros

Para unha mellor xestión da Tesouraría e unha adecuada análise do seu funcionamento, deberase elaborar trimestralmente un cadro de seguimento dos fluxos financeiros derivados da actividade do sector público autonómico afectado polo disposto neste título, no marco das previsións dun orzamento monetario».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sección 2ª. Xestión orzamentaria

Artigo 26. Xestión orzamentaria

Modifícase a alínea 2 do artigo 14 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que queda redactado como segue:

«2. As consellerías e as entidades instrumentais do sector público autonómico deberán elaborar unha adecuada planificación dos investimentos públicos que pretenden realizar a medio prazo, axustándose aos obxectivos estratéxicos de cada un dos programas orzamentarios que xestionan, á sustentabilidade dos servizos públicos e aos seus escenarios plurianuais de gasto.

Para tal efecto, os expedientes de autorización de investimentos do sector público autonómico, ou a modificación orzamentaria que os financie, deberán ir acompañados dunha memoria, co alcance e contido que se estableza por orde da consellería competente en materia de facenda, na que se cuantifique o custo total do investimento e as implicacións no gasto corrente dos exercicios futuros que o seu normal funcionamento implica».

CAPÍTULO III Procedemento administrativo

Sección 1ª. Administración dixital

Artigo 27. Información administrativa do cidadán

Un. Para dar cumprimento ao desenvolvemento da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Carpeta do cidadán da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico configúrase como o conxunto de información e documentos en formato electrónico relativos ás relacións administrativas coas persoas interesadas. A dita carpeta estará dispoñible para a persoa interesada na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal) e nas canles que se establezan.

Dous. A Carpeta do cidadán, co obxectivo de dar cumprimento ao dereito de información e orientación ao interesado, tanto persoas físicas como xurídicas, nos procedementos administrativos, nos termos establecidos na Lei 39/2015, ofrecerá, entre outros servizos, información personalizada aos cidadáns e persoas xurídicas do estado de tramitación dos seus expedientes na Administración xeral e nas entidades do sector público autonómico, dos seus asentos rexistrais, das transmisións de datos entre administracións relativas aos seus expedientes ou dos seus datos e documentos recollidos pola Administración. Así mesmo, permitirá a realización de distintos trámites administrativos, así como o acceso aos documentos dos seus expedientes.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tres. Os distintos órganos e entidades que integran a Administración xeral e o sector público autonómico garantirán a permanente actualización da información e contidos da Carpeta do cidadán. Para os efectos do disposto no presente artigo, quedan autorizadas as cesións e comunicacións dos datos de carácter persoal necesarios para dar cumprimento ao devandito dereito do interesado.

Catro. Así mesmo, estes órganos e entidades poderán acceder ao contido da Carpeta do cidadán co obxecto de garantir o dereito dos interesados de non achegar documentación que xa conste en poder da Administración, así como para prestar servizos de asistencia ao cidadán na relación coa Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos.

De conformidade coa normativa básica estatal, presumirase que a consulta ou obtención de documentos que estean en poder da Administración é autorizada polo interesado, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou que a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Cinco. De conformidade coa normativa en materia de protección de datos, os datos persoais relativos á Carpeta do cidadán serán incluídos nun ficheiro cuxa finalidade é a xestión dos servizos da Carpeta do cidadán.

Seis. O previsto no presente artigo será de aplicación sen prexuízo do disposto na disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 28. Sistema de notificacións electrónicas de Galicia

Un. As notificacións da Administración xeral e do sector público autonómico serán preferentemente electrónicas, conforme os termos da lexislación básica estatal, e realizaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no enderezo electrónico habilitado único que a Administración pública galega pon á disposición da cidadanía a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia.

Dous. O enderezo de referencia do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia é https://notifica.xunta.gal/. O acceso ao sistema estará tamén dispoñible no portal web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.gal), e na sede electrónica (https://sede.xunta.gal).

A xestión tecnolóxica do Sistema de notificacións electrónicas corresponderá á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou órgano ou entidade que asuma as súas competencias. Corresponderá a cada órgano ou entidade da Administración xeral e do sector público autonómico a súa aplicación á xestión dos distintos procedementos administrativos do seu ámbito de competencia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá modificar os enderezos electrónicos de referencia do Sistema mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia dunha resolución que estableza os novos enderezos.

Tres. O Sistema informará os interesados dos requirimentos técnicos cos que deben contar para garantir o adecuado acceso ao Sistema, sendo responsabilidade dos interesados contar cos medios axeitados para isto.

Catro. Nos casos de non funcionamento do Sistema por razóns de imposibilidade técnica no envío ou posta á disposición, derivada de caso fortuíto, forza maior ou outras incidencias técnicas, as notificacións que se teñan que realizar na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no enderezo electrónico habilitado único, mentres non se restableza o Sistema, poderán efectuarse, a xuízo do órgano que tramite o procedemento, e atendendo ao cumprimento dos prazos de resolución e ás circunstancias concorrentes, por medios non electrónicos, de acordo co establecido na lexislación básica, en calquera lugar adecuado para tal fin, en papel ou por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, da identidade e do contido do acto notificado.

Cinco. Para os efectos do acceso ao contido das notificacións polos interesados, o Sistema informará das indispoñibilidades do servizo planificadas, así como das interrupcións non planificadas derivadas de incidencias técnicas do Sistema. O Sistema proverá os interesados que así o soliciten do oportuno xustificante electrónico de indispoñibilidade que exprese os períodos de interrupción, para os efectos, de ser o caso, da súa presentación polo interesado no correspondente procedemento e da xustificación ante o órgano competente para a súa tramitación da imposibilidade de cumprimento dos prazos dentro deste e a petición da súa ampliación, se así procede.

Seis. En todo caso, de acordo co establecido na normativa básica estatal, con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta á disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou polo seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro e da identidade fidedigna do remitente e destinatario desta. A acreditación da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

Sete. Os criterios de obrigatoriedade da notificación electrónica a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia previstos nesta lei serán de aplicación para os expedientes administrativos iniciados a partir da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 29. Interesados que non están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración

Un. Os interesados que non estean obrigados, de acordo coa normativa básica, a relacionarse por medios electrónicos coa Administración poderán solicitar a creación do seu enderezo habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia,

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

mediante os modelos normalizados dispoñibles para estes efectos no propio sistema, para os efectos de recibir a partir dese momento as notificacións a través de medios electrónicos en calquera procedemento administrativo tramitado pola Administración xeral e do sector público autonómico.

Dous. En particular, nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, cando o interesado elixa no modelo normalizado de solicitude que a notificación nese procedemento se practique por medios electrónicos, a Administración creará o seu enderezo habilitado único.

Tres. A creación do seu enderezo electrónico habilitado nos casos dos dous puntos anteriores implicará que as notificacións que deban cursarse co interesado se realizarán preferentemente por vía electrónica, de acordo co establecido na normativa básica, sen prexuízo do seu dereito a decidir e a comunicar en calquera momento á Administración pública, mediante os modelos normalizados dispoñibles no sistema para o efecto, que as notificacións sucesivas se deixen de practicar por medios electrónicos. En particular, nos sucesivos procedementos iniciados por solicitude do interesado, a notificación en cada un deles practicarase polo medio sinalado para o efecto por aquel no modelo normalizado de solicitude.

Catro. Para os efectos do disposto na lexislación básica, a Administración autonómica, no momento en que se teña que practicar a un interesado dos previstos neste artigo unha notificación en papel, porá tamén á disposición do interesado, a través da sede electrónica, o contido da notificación para que poida acceder a este de forma voluntaria, e poderá dar de alta de oficio o enderezo electrónico habilitado do interesado no caso de que non o teña. A información relativa a esta cuestión poderá incluírse na notificación en papel.

Cinco. Os modelos normalizados do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia a que se refiren as alíneas Un e Tres deste artigo serán establecidos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou órgano ou entidade que asuma as súas competencias, mediante a súa posta á disposición en formato electrónico no propio sistema, e serán de uso obrigatorio para os interesados.

A aprobación dos modelos normalizados de solicitude nos concretos procedementos iniciados por solicitude do interesado a que se refiren as alíneas Dous e Tres corresponderá ao órgano competente en cada procedemento, tras o cumprimento dos trámites establecidos regulamentariamente para a habilitación de procedementos electrónicos.

Artigo 30. Interesados que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración

Un. No caso de interesados que, de acordo coa normativa básica, estean obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

xeral e o sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

Dous. En particular, nos procedementos iniciados por solicitude dos interesados previstos neste artigo, deberá optarse en todo caso no modelo normalizado de solicitude pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para eles, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

Tres. Nos procedementos iniciados de oficio, nos casos en que os interesados previstos neste artigo non teñan creado o seu enderezo electrónico habilitado único, este será creado de oficio pola Administración xeral, de acordo co indicado na alínea Un, e practicaranse nel as correspondentes notificacións. O órgano competente para a tramitación do procedemento, para os efectos de facilitar a posta á disposición daqueles das canles de acceso necesarias e dos sistemas e aplicacións previstos nesta lei, poderá practicar unha comunicación en papel no seu domicilio, recordando ao interesado a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Administración, informándoo da creación de oficio do enderezo electrónico habilitado único e da forma de acceso ao Sistema e indicando que ten dispoñible nela a notificación electrónica, así como das consecuencias legais do non acceso no tempo establecido na lexislación básica. Así mesmo, cando á Administración xeral e do sector público autonómico lle conste o seu enderezo de correo electrónico e/ou dispositivo electrónico, adicionalmente á comunicación en papel a Administración poderá avisalo neles do envío ou posta á disposición da notificación.

Artigo 31. Obrigatoriedade de relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para determinados procedementos

Un. De acordo coa lexislación básica, regulamentariamente poderá establecerse a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para determinados procedementos e certos colectivos de persoas físicas respecto dos cales, por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Dous. En particular, nos procedementos para a concesión de axudas e subvencións, as correspondentes bases reguladoras poderán establecer a indicada obriga, sempre que se xustifique nelas a concorrencia das circunstancias indicadas no punto anterior, de acordo coa memoria que para o efecto se inclúa no procedemento seguido para a súa aprobación.

Artigo 32. Colaboración con outras administracións públicas e interoperabilidade do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia

Un. O Sistema de notificacións electrónicas de Galicia estará dispoñible para outras administracións públicas, e, en especial, para as administracións locais galegas e entes públicos instrumentais dependentes destas, nos termos que se acorden con elas, permitindo a existencia dun enderezo electrónico habilitado único. En particular, nos convenios de adhesión ao sistema poderá preverse a existencia dunha compensación económica para o órgano xestor do Sistema polos gastos que deriven da colaboración.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Dous. O Sistema de notificacións electrónicas de Galicia preverá os mecanismos necesarios para a interoperabilidade das notificacións con outras administracións ou sistemas de notificacións en uso noutras administracións públicas do Estado.

Artigo 33. Adaptación e actualización dos modelos normalizados de tramitación

Os modelos normalizados aplicables na tramitación de procedementos, para a súa utilización en papel ou en formato electrónico, poderán ser modificados co obxecto de mantelos adaptados e actualizados e, en particular, co obxecto de adaptalos ao establecido nesta lei. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Sección 2ª. Réxime sancionador e prazos de procedementos administrativos

Artigo 34. Infraccións administrativas

Un. Engádese unha nova alínea 1 bis ao artigo 53 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, co seguinte contido:

«1 bis. O exceso nos horarios establecidos para os establecementos e actividades a que se refire o título III, capítulo III, sección 2ª da presente lei».

Dous. Modifícase a letra n) do artigo 116 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que queda redactada como segue:

«n) A obstrución ou resistencia reiterada ao exercicio da función inspectora ou da función de control da Administración deportiva sobre as entidades deportivas».

Artigo 35. Prazos no procedemento sancionador en materia de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento sancionador en materia de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia será dun ano, contado desde a data do acordo de incoación do procedemento.

Artigo 36. Prazos para ditar e notificar as resolucións de diversos procedementos en materia de vivenda

Engádese unha disposición adicional décimo novena á Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo novena. Prazos para ditar e notificar as resolucións de diversos procedementos en materia de vivenda

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

As resolucións dos procedementos de desafiuzamento administrativo e de adxudicación de vivendas protexidas de promoción pública deberán ditarse e notificarse no prazo máximo dun ano».

Artigo 37. Prazos para ditar e notificar as resolucións de diversos procedementos en materia de sanidade

Engádese unha alínea 8 no artigo 39 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que queda redactada como segue:

«8. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións sancionadoras por infraccións en materia sanitaria será de nove meses, sempre e cando non exista unha norma específica reguladora do procedemento de que se trate que estableza un distinto».

Sección 3ª. Adecuación normativa

Artigo 38. Disposicións de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia en materia sancionadora á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Un. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sancionadores competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das súas entidades públicas instrumentais será de seis meses, contados desde o ditado do acordo de inicio, salvo aqueles casos nos que a normativa legal ou regulamentaria reguladora do procedemento estableza un prazo específico diferente. Esta previsión será de aplicación a todos os procedementos sancionadores iniciados a partir da entrada en vigor desta lei.

Dous. En relación cos recursos interpostos fronte a resolucións administrativas sancionadoras, presentados e non resoltos con anterioridade á entrada en vigor da Lei 39 /2015, do 1 de outubro, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de acordo co indicado na normativa básica, e, en particular, co disposto nos artigos 26.2 e 30.3 da citada Lei 40/2015, o prazo previsto para a prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso, aínda que o prazo en cuestión finalizase con anterioridade á entrada en vigor das dúas leis mencionadas, e con independencia do previsto na lexislación sectorial para os procedementos sancionadores de que se trate, cando a dita lexislación sexa anterior ás citadas leis de procedemento administrativo común das administracións públicas e de réxime xurídico do sector público.

Tres. En caso de tratarse de resolucións administrativas sancionadoras e de restitución da legalidade urbanística, o acto administrativo que resolva o recurso interposto fronte ás ditas resolucións e que dispoña, se é o caso, a prescrición da sanción de acordo co establecido no punto anterior, deberá pronunciarse expresamente sobre o acto administrativo de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

restitución da legalidade segundo a normativa aplicable e, en particular, tendo en conta os prazos de prescrición indicados nela para a dita restitución, sen que a estes prazos lles sexa aplicable o previsto neste artigo para os prazos de prescrición da sanción.

Artigo 39. Recursos interpostos contra resolucións de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións reguladas na normativa en materia de costas cometidas na zona de servidume de protección do dominio público marítimoterrestre pendentes de resolución á entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Un. En consonancia coa lexislación básica estatal, nos recursos interpostos contra resolucións de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións reguladas na normativa en materia de costas cometidas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, o prazo previsto para a prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do recurso, aínda que o prazo en cuestión finalizase con anterioridade á entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dous. Nos supostos sinalados no apartado anterior, nos recursos pendentes de resolución, o prazo de prescrición de quince anos, en consonancia co disposto na Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral, que modifica o artigo 95 da Lei estatal 22 /1988, do 28 de xullo, de costas, en canto á reposición ou restitución da legalidade comezará a computarse desde que a Administración ditou o acto no que se acordou a obriga de restitución.

Tres. A resolución administrativa que resolva os recursos nos supostos previstos no presente artigo acordará de oficio a prescrición da sanción imposta, de ser o caso, e deberá pronunciarse expresamente sobre a prescrición da obriga de restitución da legalidade segundo o indicado no punto anterior.

Catro. Nas obras, edificios, construcións ou instalacións afectados situados dentro da servidume de protección indicada no punto anterior, e sempre que resulte compatible coa lexislación básica estatal, só poderán realizarse, logo da solicitude de autorización do órgano autonómico competente en materia de zona de servidume de protección, obras imprescindibles para a conservación e o mantemento do uso preexistente, sen que poidan incrementar o valor expropiatorio. Na resolución que declare a prescrición recollerase expresamente a suxeición ao réxime específico establecido neste artigo.

Artigo 40. Aplicación da normativa en materia de protección dos consumidores da Lei 2 /2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, co seguinte contido:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

«Disposición adicional sexta

1. Ao amparo do disposto na disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o réxime sancionador regulado na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, rexerase por esta lei especial por razón da materia en canto regule trámites adicionais ou distintos do procedemento administrativo común ou non exixa algún dos trámites previstos na Lei 39/2015. Todo isto sen prexuízo do obrigado respecto á lexislación básica.

2. Á vista do disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o réxime sancionador regulado na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, rexerase por esta lei especial por razón da materia como desenvolvemento das bases da potestade sancionadora reguladas na Lei 39/2015. Todo isto sen prexuízo do obrigado respecto á lexislación básica. En todo caso, a remisión prevista no artigo 30 da Lei 40/2015 ás leis que establezan as infraccións e sancións en canto á súa prescrición deberá entenderse referida á regulación prevista para estes efectos na Lei 2/2012».

Artigo 41. Silencio administrativo en determinados procedementos en materia de persoal

Nos procedementos iniciados por solicitudes ou reclamacións en materia de persoal, con contido retributivo, formulados polos empregados públicos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que teñan repercusión no capítulo I do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma, o silencio administrativo producirá efectos desestimatorios.

Sección 4ª. Réxime administrativo

Artigo 42. Responsabilidades dos membros dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas autonómicas ou dos padroados das fundacións públicas autonómicas ou membros das entidades ou órganos liquidadores dun ente do sector público autonómico

Engádese unha nova disposición adicional décimo quinta á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo quinta. Responsabilidades dos membros dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas autonómicas ou dos padroados das fundacións públicas autonómicas ou membros das entidades ou órganos liquidadores dun ente do sector público autonómico

1. A responsabilidade que lles corresponda ás autoridades e persoal ao servizo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia como membros do consello de administración das sociedades mercantís públicas autonómicas ou do padroado das

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

fundacións públicas autonómicas será directamente asumida pola Administración ou ente do sector público que o designase.

2. A Administración ou ente do sector público autonómico poderá exixir de oficio ao que designou como membro do consello de administración ou do padroado a responsabilidade en que incorrese polos danos e perdas causados nos seus bens ou dereitos cando concorrese dolo, ou culpa ou neglixencia graves, conforme o previsto nas leis administrativas en materia de responsabilidade patrimonial.

3. A responsabilidade que lles corresponda ás autoridades e persoal ao servizo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia como membros da entidade ou órgano liquidador dun ente do sector público autonómico será directamente asumida pola Administración ou ente do sector público que o designou, quen poderá exixir de oficio a tal designado a responsabilidade que, de ser o caso, corresponda cando concorrese dolo, ou culpa ou neglixencia graves, conforme o previsto nas leis administrativas en materia de responsabilidade patrimonial».

Artigo 43. Ordenación das competencias de execución da Comunidade Autónoma respecto do control metrolóxico de instrumentos en servizo

Un. As actividades relacionadas co control metrolóxico de instrumentos en servizo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán exercidas pola propia Administración autonómica ou, se é o caso, polos organismos autorizados de verificación metrolóxica que se designen, de acordo co previsto no artigo 8.5 da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e no artigo 8, puntos 1 e 6, do Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a dita lei.

Dous. A Administración autonómica poderá realizar as ditas actividades:

a) Directamente, a través dos órganos da Administración xeral con competencias en materia de industria ou mediante as entidades instrumentais que teñan o carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos.

b) Indirectamente, mediante contrato, de conformidade coa lexislación de contratos do sector público.

Tres. Como consecuencia do indicado nos puntos anteriores, continuará a execución do contrato, actualmente existente, de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, consistente no control metrolóxico de diversos equipos de medida na fase de instrumentos en servizo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O anterior enténdese sen prexuízo da actuación, no territorio autonómico, de organismos autorizados de verificación metrolóxica que poidan designarse, de acordo co réxime imposto pola normativa estatal en materia de control metrolóxico.

Catro. No caso de que a efectiva realización, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, de actividades de verificación metrolóxica por organismos autorizados de verificación metrolóxica designados conforme o procedemento previsto na Lei 32/2014, do

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

22 de decembro, de metroloxía, e no Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a dita lei, supoña un desequilibrio económico acreditado do contrato ao que se alude no punto 3 desta disposición, o concesionario poderá solicitar o restablecemento do equilibrio económico. Neste caso, comprobada polo órgano de contratación a existencia dun desequilibrio económico, este adoptará as medidas procedentes para o restablecemento do equilibrio económico do contrato, conforme o disposto na lexislación de contratos do sector público. As ditas medidas poderán consistir na modificación das tarifas que deben aboar as persoas usuarias, na redución do prazo do contrato ou, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato, de xeito que este poida seguir desenvolvéndose co mesmo equilibrio económico existente no momento da súa celebración.

O indicado anteriormente entenderase sen prexuízo da posibilidade de modificar o contrato de acordo cos límites da lexislación de contratos do sector público, ou da súa resolución, se nin o reequilibrio económico nin a modificación contractual foren posibles.

As anteriores medidas, limitadas ao estrito marco contractual, entenderanse sen prexuízo da responsabilidade patrimonial, se é o caso, polos danos derivados da aplicación do novo marco normativo en materia de metroloxía, que será exixible, cando se dean os supostos constitucionais e legais para o seu exercicio, ante os órganos competentes.

Artigo 44. Autorización administrativa

Modifícase a letra f) do artigo 6 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, que queda redactada como segue:

«f) Apostas que sexan expresión ou consecuencia do resultado dun acontecemento previamente determinado, de desenlace incerto e alleo ás persoas apostantes».

CAPÍTULO IV Vivenda

Artigo 45. Solo para vivendas protexidas

Engádese unha alínea 3 ao artigo 72 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co seguinte contido:

«3. No suposto de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo, no desenvolvemento dunha actuación de solo residencial, adquira ou permute vivendas incompatibles coa nova ordenación, as persoas propietarias ou usufrutuarias, sempre que residan nestas vivendas, poderán acceder directamente ás parcelas de uso residencial para construción de vivenda unifamiliar ou ás vivendas protexidas que se promovan no ámbito sen necesidade de ter que cumprir os requisitos de acceso a estas vivendas, que deberán, en todo caso, destinar a residencia habitual e permanente».

CAPÍTULO V Economía e industria

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sección 1ª. Minaría

Artigo 46. Catastro Mineiro de Galicia

Un. Modifícase a alínea 2 do artigo 9 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que queda redactada como segue:

«2. Os datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia incorporaranse ao Catastro Mineiro de Galicia, que constituirá información de apoio para a xestión interna e a definición da política mineira da Comunidade Autónoma. A xestión do Catastro Mineiro de Galicia corresponde á Cámara Oficial Mineira de Galicia».

Dous. Renuméranse as actuais alíneas 1 e 2 do artigo 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, como 2 e 3, e engádese unha nova alínea 1, que queda redactada como segue:

«1. Para a elaboración de instrumentos de planificación con incidencia na minaría teranse en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal será obrigatorio solicitar un certificado do Catastro Mineiro de Galicia».

Tres. Engádese unha nova disposición adicional quinta á Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional quinta. Censo Catastral Mineiro

O Censo Catastral Mineiro de Galicia, xestionado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, constitúese no Catastro Mineiro de Galicia ao que fai referencia o artigo 9».

Sección 2ª. Consumo

Artigo 47. Concepto de consumidor

Modifícase a alínea 1 do artigo 3 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, que queda redactada como segue:

«1. Para os efectos desta norma, son consumidores as persoas físicas que actúen cun propósito alleo á súa actividade comercial, empresarial, oficio ou profesión.

Son tamén consumidores, para os efectos desta norma, as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica que actúen sen ánimo de lucro nun ámbito alleo a unha actividade comercial ou empresarial.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Non obstante o anterior, en todo caso, terá a condición de consumidor aquela persoa ou entidade que teña a dita consideración segundo o Dereito da Unión Europea ou a norma de transposición deste ao ordenamento xurídico interno, así como toda persoa, física ou xurídica, pública ou privada, calquera que sexa a súa nacionalidade ou residencia, que adquire ou utiliza, ou á cal se lle oferta, como destinatario final, un ben, calquera que sexa a súa natureza, ou un servizo, calquera que sexa a forma e a actividade en que consista, incluídos aqueles servizos de adquisicións, depósitos ou peñor de bens ou dereitos dos consumidores e calquera que sexa a natureza, pública ou privada, individual ou colectiva, daqueles que os produzan, importen, faciliten, fornezan ou expidan, sempre que o seu destino final sexa o seu uso persoal, familiar ou colectivo, alleo a unha actividade empresarial, profesional ou artesanal».

Sección 3ª. Comercio interior

Artigo 48. Consello Galego de Economía e Competitividade

Un. Modifícase o artigo 18 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. Consello Galego de Economía e Competitividade

1. O Consello Galego de Economía e Competitividade, creado pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, exercerá as seguintes funcións específicas en materia de comercio:

a) Emitir ditames sobre aquelas cuestións que, no ámbito das políticas públicas con incidencia na actividade comercial, lle sexan consultadas polo Consello da Xunta de Galicia ou pola consellería con competencia en materia de comercio.

b) Formular as propostas e suxestións que se estimen convenientes para o fomento e a mellora do tecido comercial galego.

c) Elaborar a proposta de resolución das autorizacións comerciais autonómicas de conformidade co previsto no artigo 32.5.

d) Calquera outra función que, de ser o caso, se estableza regulamentariamente.

2. As funcións indicadas no punto anterior serán exercidas polo Consello a través do Comité Executivo de Comercio Interior e Exterior, con excepción da función prevista na letra d), para o exercicio da cal se constituirá unha comisión consultiva, da que formarán parte, ademais da persoa que ocupe a presidencia do Comité Executivo de Comercio Interior e Exterior, os seguintes membros do Consello:

A persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A persoa representante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

Completarase a composición da Comisión Consultiva cos seguintes membros designados pola persoa que exerza a presidencia do Consello Galego de Economía e Competitividade, por proposta da consellería de procedencia:

Dúas persoas representantes da consellería competente en materia de comercio.

Dúas persoas representantes da consellería competente en materia de urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente.

Unha persoa representante da consellería competente en materia de infraestruturas.

A secretaría da Comisión Consultiva corresponderá a unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, que actuará como tal con voz e sen voto».

Dous. Modifícase a alínea 5 do artigo 32 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que queda redactada como segue:

«5. Completado o expediente coa documentación exixida nos puntos anteriores, remitirase á Comisión Consultiva prevista no artigo 18.2 da presente lei, co obxecto de que efectúe a proposta de resolución. A Comisión Consultiva poderá, neste trámite, solicitar ampliación ou aclaración dos informes emitidos».

CAPÍTULO VI Agricultura

Sección 1ª. Montes

Artigo 49. Concepto de monte ou terreo forestal

Un. Modifícanse a letra e) da alínea 2 e a alínea 3 do artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que quedan redactadas como segue:

«e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, sen prexuízo do establecido no apartado seguinte deste artigo e no artigo 61 desta lei».

«3. En todas as categorías de solo rústico de especial protección os aproveitamentos forestais rexeranse polo disposto nesta lei en todo aquilo en que non se lles aplique a súa normativa específica».

Artigo 50. Do procedemento de deslindamento de montes veciñais con propiedades particulares

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Modifícase o parágrafo primeiro da alínea 1 do artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A comunidade propietaria presentará á Administración forestal, logo do acordo da súa asemblea xeral, unha proposta coa liña de deslindamento, fundamentada histórica e legalmente, entre o monte veciñal e as propiedades privadas particulares, que se pretende adoptar. O servizo competente en materia de montes da correspondente xefatura territorial emitirá un informe técnico relativo a esta proposta nun prazo máximo de seis meses».

Artigo 51. Condicións que deben cumprir as repoboacións forestais

Modifícase o artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 67. Condicións que deben cumprir as repoboacións forestais

1. Quedan prohibidas as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable e no rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos nesta lei e nos terreos urbanizables aos que, de acordo coa disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, se lles aplique o disposto nesa lei para o solo rústico.

2. Queda prohibida a sementeira ou a plantación, mesmo de pés illados, en todo terreo forestal ou agrícola e nas zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, con exemplares do xénero Acacia e calquera outro sen aproveitamento comercial relevante que se determine mediante orde da consellería competente en materia de montes.

3. As repoboacións ou as sementeiras nos cultivos enerxéticos en terreo forestal regularanse por orde da consellería competente en materia de montes.

4. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero Eucalyptus naquelas superficies poboadas por especies do anexo 1, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo 1.

5. As novas plantacións que se realicen co xénero Eucalyptus superiores ás 5 hectáreas precisarán de autorización da Administración forestal. Non será aplicable ás masas preexistentes de Eucalyptus nos supostos de reforestación ou rexeneración desa superficie, ou que estean incluídas na planificación dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Administración.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

6. Nos ámbitos territoriais nos que non existan plans de ordenación de recursos forestais aprobados, poderán regularse mediante decreto a xestión, as reforestacións e as novas plantacións de especies forestais non incluídas nos modelos silvícolas previstos no artigo 76.3 desta lei e aprobados por orde da consellería competente en materia de montes.

7. En todo caso, as repoboacións forestais estarán suxeitas aos supostos previstos na Lei 21 /2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

8. A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública e nos montes patrimoniais priorizará as especies do anexo 1, e terá como obxectivo preferente o protector, ambiental e social, agás que na aplicación de programas de mellora e produción xenética sexa precisa a utilización doutras especies».

Artigo 52. Dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal: categorías

Engádese a letra d) á alínea 2 do artigo 79 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactada como segue:

«d) Referentes de boas prácticas e modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos: terán a condición de instrumentos de xestión forestal, para a xestión e o aproveitamento dos montes. Estarán baseados na análise das especies existentes e nas súas quendas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas. Así mesmo, garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes. A súa estrutura, contido, forma de adhesión, comunicación á Administración forestal e consecuencias do seu incumprimento serán desenvolvidos mediante orde da consellería competente en materia de montes, e non lles serán de aplicación os artigos 80, 81 e 82 desta lei».

Artigo 53. Autorizacións administrativas

Engádese unha nova disposición adicional quinta á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional quinta. Autorizacións administrativas

As autorizacións outorgadas ao abeiro desta lei entenderanse concedidas, en todo caso, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros».

Artigo 54. Montes con consorcios ou convenios coa Administración

Modifícase a disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria novena. Montes con consorcios ou convenios coa Administración

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, nos casos seguintes:

Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.

Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes desta lei.

Montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública. No caso de non se formalizar o dito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma, podendo para isto aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no dito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia, no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

2. Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, a Administración forestal aprobará un instrumento de ordenación ou de xestión forestal, consonte o artigo 81, que garanta a continuidade da xestión forestal sustentable. Exceptúanse do anterior os montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio, cando no momento da entrada en vigor desta lei carecesen de masas arboradas.

3. O novo contrato de xestión pública, se procede dun convenio ou dun consorcio finalizado, considerará, como primeira partida do anticipo reintegrable de novo contrato, a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Administración forestal e os ingresos do consorcio ou do convenio, aplicando a partir dese momento o réxime previsto para a contabilización.

4. Sen prexuízo do anterior, considerarase liquidado o saldo debedor dos convenios ou consorcios que sexan obxecto de finalización ou de cancelación cando os seus titulares constitúan unha sociedade de fomento forestal ou pasen a formar parte dela.

5. Para os efectos contables, as débedas dos consorcios realizados pola Administración forestal serán condonadas polo importe a que ascendía a dita conta no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.

6. As cancelacións referidas no punto 1 desta disposición transitoria publicaranse no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da consellería competente en materia de montes.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

7. Nas cancelacións referidas no punto 1 desta disposición transitoria, cando veñan motivadas por non se teren conseguido os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio, e sempre que a causa non sexa atribuíble ao seu titular, considerarase que os predios se atopan libres de cargas, liquidándose o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma.

8. Entenderanse extinguidos, sen mais trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que conten cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerarase liquidado».

Artigo 55. Revisión de esbozos de montes veciñais en man común

Modifícase a disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria décimo terceira. Revisión de esbozos de montes veciñais en man común

1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudiren á vía xurisdicional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia».

Artigo 56. Aproveitamentos individuais en montes veciñais en man común

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Engádese unha nova disposición transitoria décimo quinta á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición transitoria décimo quinta. Aproveitamentos individuais en montes veciñais en man común

1. Para os únicos efectos do que establece o artigo 92 desta lei, poderanse considerar persoas titulares dos aproveitamentos forestais, por unha soa vez, aqueles individuos que, antes da entrada en vigor desta lei, plantasen parcelas situadas dentro de montes veciñais en man común de xeito público, pacífico e non interrompido.

2. Para poder levar a cabo este tipo de aproveitamentos individuais en montes veciñais en man común será indispensable que a persoa interesada e a comunidade veciñal de montes formalicen un acordo de cesión dos dereitos de aproveitamento sobre a parcela, que deberá elevarse a escritura pública e no que deberá figurar necesariamente:

O acordo favorable ao dito acto da asemblea xeral da comunidade.

O recoñecemento, por ambas as dúas partes, de que a propiedade dos terreos corresponde á comunidade veciñal de montes.

O canon ou renda que percibirá a comunidade veciñal de montes. Para o seu cálculo deberán terse en conta todos os anos do prazo total da cesión, desde o inicio da plantación.

A renuncia, por parte do particular, a calquera dereito individual que puidese ter sobre a parcela, unha vez rematado o aproveitamento.

3. En ningún caso se poderán regularizar aproveitamentos individuais en montes veciñais en man común cando as plantacións se leven a cabo despois da entrada en vigor desta lei».

Sección 2ª. Estrutura agraria

Artigo 57. Avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais

Un. Elimínase a alínea 3 do artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dous. Modifícanse as alíneas 4, 5 e 6 do artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que quedan redactadas como segue:

«4. O servizo provincial elaborará un informe razoado de avaliación que será publicado na sede electrónica da consellería competente en materia de desenvolvemento rural, tras a realización dunha consulta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas que permita coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e as propostas de mellora.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

5. No caso dunha actuación de reestruturación parcelaria de carácter público, de obterse unha avaliación positiva, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá someter a zona ao procedemento de estudo previo de iniciación sinalado no artigo 9.

6. Nas actuacións de reestruturación de predios de vocación agraria polas persoas particulares, de obterse unha avaliación positiva, poderase proceder directamente conforme o disposto no artigo 48».

Artigo 58. Réxime en precario dos predios da masa común

Engádese un novo artigo 33 bis á Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, co seguinte contido:

«Artigo 33 bis. Réxime en precario dos predios da masa común

1. Os predios da masa común, que xorden coa aprobación do acordo, serán de titularidade da Xunta de Galicia, e mentres dure o proceso de reestruturación parcelaria permanecerán adscritos á consellería competente en materia de desenvolvemento rural, a cal exercerá sobre eles todas as potestades, incluída a súa adxudicación en propiedade, consecuencia das necesidades da reordenación da propiedade.

2. A consellería competente en materia de desenvolvemento rural, unha vez resoltos os recursos de alzada e cantas outras cuestións se presenten contra o acordo de reestruturación parcelaria, poderá remitir ao concello ou concellos onde radique a zona obxecto do proceso unha listaxe dos predios da masa común co fin de que este, mediante a oportuna publicidade no taboleiro de anuncios, as poña á disposición dos interesados para solicitar a súa cesión en precario en tanto os citados predios non pasen a ser titularidade da entidade xestora do Banco de Terras.

3. O concello remitirá as solicitudes presentadas á dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, que proporá, á vista do informe do servizo provincial, o outorgamento en precario do predio de que se trate.

O acordo da consellería mediante o cal se outorgue a cesión do predio en precario recollerá as condicións e duración desta».

Artigo 59. Masa común

Modifícanse os puntos 6 e 7 do artigo 34 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que quedan redactados como segue:

«6. A entidade xestora do Banco de Terras constituirá, cos ingresos obtidos da xestión dos predios sinalados no punto 4 e daqueles ingresos procedentes dos predios que xa forman parte do seu patrimonio e que se cualifiquen como aptos para os seus fins, un fondo para cada zona de concentración ou reestruturación parcelaria, con destino a melloras estruturais na zona. A forma de xestión dese fondo desenvolverase regulamentariamente.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

7. A titularidade do resto dos bens e dos dereitos que constitúen a masa común e que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia cualifique como non aptos para os seus fins, incluídos aqueles predios que á entrada en vigor desta lei xa constituían a masa común e non se cualifiquen como aptos para os fins da entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, corresponderá ao concello ou concellos en que se levou a cabo a concentración ou reestruturación parcelaria. Os beneficios xerados pola xestión ou alleamento deses predios reverterán en melloras estruturais para cada parroquia afectada pola zona de concentración ou reestruturación parcelaria, proporcionalmente á superficie achegada por cada unha delas».

Artigo 60. Tramitación da documentación

Modifícase o punto 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que queda redactada como segue:

«3. Firmes as bases, só serán tramitadas solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega ata o momento da aprobación do acordo e cando ese cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas en calquera caso. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición da herdanza, procederase á tramitación do cambio de titularidade ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte predios de substitución íntegros. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso».

Artigo 61. Distancias de explotacións gandeiras porcinas a cascos urbanos

Engádese unha disposición adicional cuarta á Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. Distancias de explotacións gandeiras porcinas a cascos urbanos

Para os efectos da aplicación das condicións mínimas de localización recollidas para as novas explotacións porcinas na normativa básica estatal relativa ás medidas de ordenación sanitaria e zootécnica daquelas, e de acordo co sistema de asentamento poboacional propio de Galicia, entenderase por «casco urbano» os asentamentos de poboación suficiente e efectiva constitutivos de núcleos de poboación formados, na data de solicitude do título habilitante correspondente da nova explotación porcina por, polo menos, 10 edificacións de uso residencial, con separación entre elas inferior aos 25 metros, que estean formando rúas, prazas e outras vías urbanas e que constitúan un conxunto no que teñan a súa residencia polo menos 100 persoas. Non se considerarán, polo tanto, incluídos no concepto de «casco

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

urbano» outro tipo de asentamentos de poboación que non cumpran conxuntamente coas ratios de poboación e edificacións anteriormente sinaladas, nin as vivendas illadas dispersas, nin os asentamentos poboacionais en diseminado constitutivos de núcleos rurais.

A distancia sinalada na normativa de referencia medirase entre a edificación con uso residencial do «casco urbano» máis preta da explotación e o peche sanitario desta».

Artigo 62. Coordinación catastral

Engádese unha disposición transitoria sexta á Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición transitoria sexta. Coordinación catastral

1. Ao abeiro do artigo 9.b) da Lei hipotecaria, e de acordo coa normativa hipotecaria, procederase á conversión gráfica dos datos alfanuméricos dos predios de substitución das zonas nas que, á entrada en vigor desta lei, o seu acordo sexa firme ou se outorgase a acta de reorganización da propiedade, sempre e cando non se inscribisen no rexistro da propiedade os títulos dos predios de substitución.

2. A resolución de autorización da conversión gráfica, unha vez acordada pola dirección xeral competente por razón da materia, será obxecto de notificación individual así como de publicación mediante aviso inserto no Diario Oficial de Galicia, na web da consellería e no diario de maior tirada da provincia, así como nos lugares de costume. Contra a dita resolución poderase recorrer consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Terase dereito a compensación no caso de que, como consecuencia da antedita conversión, a atribución das persoas interesadas quede por debaixo do valor reducido correspondente a cada persoa titular, para o cal se empregarán os predios da masa común da zona que sexan necesarios, aínda que sexan titularidade da entidade xestora do Banco de Terras.

4. As actuacións a que se refiren os puntos anteriores deberán levarse a cabo dentro do prazo dos cinco anos seguintes á entrada en vigor desta lei».

CAPÍTULO VII Innovación

Artigo 63. Contratación pública de innovación

Modifícase o artigo 28 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que queda redactado como segue:

«Artigo 28. Contratación pública de innovación

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. Co obxecto de promover a mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores, así como o fomento da innovación empresarial, os poderes adxudicadores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público incentivarán, na medida en que sexa posible, a presentación de solucións innovadoras nas licitacións que promovan.

Para tal efecto, ponderarán, na elaboración dos pregos e no resto da documentación contractual, a utilización de criterios de adxudicación e de prescricións técnicas que favorezan a presentación de solucións innovadoras.

2. Antes de iniciar un procedemento de contratación pública de innovación, os poderes adxudicadores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público deberán realizar consultas do mercado con vistas a preparar a contratación e informar os operadores económicos acerca dos seus plans e dos seus requisitos de contratación.

Para iso, os poderes adxudicadores poderán, por exemplo, solicitar ou aceptar o asesoramento de expertos ou autoridades independentes ou de participantes no mercado, que poderá utilizarse na planificación e o desenvolvemento do procedemento de contratación, sempre que o devandito asesoramento non teña por efecto falsear a competencia e non dea lugar a vulneracións dos principios de non-discriminación e transparencia.

En concreto, cando un candidato ou licitador, ou unha empresa vinculada a un candidato ou a un licitador, asesore o poder adxudicador no contexto destas consultas previas do mercado, os citados poderes adxudicadores tomarán medidas adecuadas para garantir que a participación destes posibles candidatos ou licitadores non falsee a competencia, entre as cales incluirán a comunicación aos demais candidatos e licitadores da información pertinente intercambiada no marco da participación do candidato, licitador ou empresas vinculadas a estes na preparación do procedemento de contratación, ou como resultado dela, e o establecemento de prazos adecuados para a recepción das ofertas.

O candidato ou o licitador en cuestión só será excluído do procedemento cando non haxa outro medio de garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato. Antes de proceder á devandita exclusión, daráselles aos candidatos ou licitadores a oportunidade de demostrar que a súa participación na preparación do procedemento de contratación non pode falsear a competencia.

3. Os órganos ou entidades competentes en materia de innovación no sector público autonómico colaborarán coas unidades de contratación do sector público na procura de solucións innovadoras, ben a través dos procedementos de contratación previstos na lexislación de contratos do sector público, ben a través da contratación precomercial, prevista no artigo 4.1.r) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

4. De acordo co disposto na Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18 /CE, os poderes adxudicadores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público poderán establecer unha asociación para a innovación con un ou varios adxudicatarios, que terá como finalidade o desenvolvemento de produtos, servizos ou obras innovadores e a compra ulterior das subministracións, servizos ou obras resultantes, sempre que correspondan aos niveis de rendemento e aos custos máximos acordados entre os poderes adxudicadores e os participantes.

Para tales efectos, e sen prexuízo do que se dispoña na lexislación básica de contratos do sector público de transposición da regulación comunitaria, a asociación para a innovación articularase a través de contratos mixtos de servizos de investigación e desenvolvemento e contratos de subministracións, servizos ou obras resultantes da investigación, de acordo co disposto no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e adxudicados mediante o procedemento de diálogo competitivo.

Os contratos de servizos de investigación e desenvolvemento estruturaranse en fases sucesivas, seguindo a secuencia das etapas do proceso de investigación e innovación, fixarán uns obxectivos intermedios que deberán alcanzar o ou os adxudicatarios e proverán o pagamento da retribución en prazos adecuados.

Sobre a base deses obxectivos, os poderes adxudicadores poderán decidir, ao final de cada fase, rescindir a asociación para a innovación ou, no caso dunha asociación para a innovación con varios socios, reducir o número de socios mediante a resolución dos contratos individuais, sempre que o poder adxudicador indicase nos pregos da contratación que pode facer uso destas posibilidades e as condicións en que pode facelo.

5. A Xunta de Galicia enviará ao Parlamento con periodicidade anual un informe sobre os procedementos da contratación pública de innovación, en termos de investimentos e actuacións realizados, no ámbito do sector público autonómico».

Artigo 64. Proxectos de I+D liderados polo sector público autonómico

Engádese un novo capítulo á Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, co seguinte contido:

«CAPÍTULO VI

Proxectos de I+D no ámbito do sector público autonómico

Artigo 35. Achega de fondos privados ao desenvolvemento de proxectos de I+D no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia

Un. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá a participación das empresas, entidades e particulares na investigación,

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

desenvolvemento tecnolóxico e innovación a través da realización por estes de achegas económicas, que serán tratadas como finalistas e estarán dirixidas ao financiamento de proxectos de I+D polo Sistema público de saúde de Galicia, que permitan a súa valorización e transferencia de resultados.

Dous. Para estes efectos, cada consellería ou, de ser o caso, entidade instrumental competente xestionará tales achegas económicas de acordo con criterios de transparencia e eficiencia baseados en informes periódicos sobre o volume económico achegado, o destino do investimento e o impacto xerado. A elección dos proxectos financiables e a contía deste financiamento corresponderán en todo caso á Administración pública e será coherente co Plan galego de investigación e innovación en vigor, así como coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia correspondente. Deberá contar previamente co informe da Axencia Galega de Innovación, de conformidade co disposto na disposición adicional sétima desta lei.

Tres. A participación das empresas e particulares articularase a través da formalización de convenios de colaboración coa respectiva consellería ou, de ser o caso, entidade instrumental competente, nos que se concretará o importe da achega e o programa a que se destinará. A formalización do convenio de colaboración implicará a aceptación dos valores de compromiso co desenvolvemento de Galicia, a aposta pola investigación, a transferencia de tecnoloxía e a economía baseada no coñecemento, así como a relevancia do impacto social en cada un dos ámbitos dos proxectos de I+D.

Catro. Esta achega deberá buscar para as entidades ou particulares adheridos un retorno eminentemente social, polo que non implicará a obtención dun retorno económico pola achega realizada ou unha participación nos resultados económicos do resultado da investigación. Tampouco conferirá dereito preferente á realización de investimentos ulteriores precisos para a comercialización dos proxectos financiados con cargo a tales achegas económicas.

En razón da axuda económica para a realización das actividades descritas neste precepto, as consellerías ou, de ser o caso, entidades instrumentais competentes comprometeranse, de acordo co que se estableza nos convenios de colaboración, a difundir a participación das entidades colaboradoras no desenvolvemento das actividades financiadas.

Cinco. Os convenios de colaboración establecerán os mecanismos que garantan para os achegantes a información precisa sobre as actividades realizadas con cargo a tales achegas, os proxectos financiados e os resultados obtidos.

Artigo 36. Potenciación do desenvolvemento tecnolóxico e reinvestimento de beneficios obtidos no marco de proxectos de I+D

Un. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, coa finalidade de fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, o investimento nos resultados da investigación e a súa valorización, así como de lograr a mellora dos servizos públicos que ten encomendados, poderá dispor da realización de novos investimentos ou reinvestir os beneficios obtidos, nas condicións que se pacten, coas empresas titulares de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

dereitos de propiedade intelectual e industrial adxudicatarias de contratos públicos no marco da contratación pública de innovación nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou o seu sector público dispoña dunha participación nos beneficios derivados da súa comercialización e os dereitos de propiedade intelectual e industrial permanezan total ou parcialmente no adxudicatario.

Dous. Para estes efectos, á vista do plan de evolución e desenvolvemento tecnolóxico dos produtos obtidos, así como doutras melloras identificadas para alcanzar resultados de mercado que as empresas titulares dos dereitos de propiedade intelectual presenten, e logo dunha análise da viabilidade e do mercado a través dun procedemento obxectivo coa participación de expertos independentes, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá, nas condicións que se pacten, formalizar operacións de financiamento dos indicados desenvolvementos tecnolóxicos, a cambio dunha participación nos beneficios resultantes da súa comercialización acorde coas cantidades achegadas. Tales operacións deberán contar previamente co informe da Axencia Galega de Innovación, de conformidade co disposto na disposición adicional sétima desta lei.

Tres. Así mesmo, entre as condicións do financiamento figurará, en todo caso, o dereito de uso ilimitado e de modificación pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, se é o caso, da correspondente entidade instrumental, sobre os novos bens e tecnoloxías desenvolvidos, aínda que esta capacidade de uso e desenvolvemento sobre os resultados non será empregada, en ningún caso, con fins comerciais pola Administración xeral e o seu sector publico directamente ou por acordo con terceiros.

Catro. Para os efectos previstos neste artigo, poderase crear un proxecto de gasto para o desenvolvemento tecnolóxico que incluirá os produtos dos beneficios derivados dos contratos públicos formalizados no marco dos proxectos referidos no punto Un, os beneficios obtidos das operacións de financiamento previstas neste artigo, así como as cantidades que poidan ser orzadas, de ser o caso, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou o seu sector público autonómico.

Cinco. As previsións deste artigo, así como as operacións do proxecto de gasto, poderán estenderse aos contratos formalizados no marco da contratación pública de innovación levada a cabo pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, nas condicións que se prevexan nos correspondentes pregos».

CAPÍTULO VIII Mar

Sección 1ª. Materia de portos

Artigo 65. Ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Engádese unha nova disposición transitoria sexta á Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición transitoria sexta. Ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia

1. O prazo inicial das concesións outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, poderá ser ampliado a petición do concesionario pola administración portuaria competente, tendo en conta o disposto no artigo 49 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas, e demais normativa de aplicación, sempre que o concesionario se comprometa, polo menos, á realización de investimentos relevantes para o porto ou o sistema portuario galego».

2. O investimento mínimo que o concesionario deberá efectuar será do cinco por cento (5 %) do valor das instalacións obxecto de concesión. Enténdese este como o correspondente ao inicialmente previsto na concesión (orzamento de execución material).

Para a súa consideración como obras computables como «investimentos relevantes», deberán reunir algún dos seguintes requisitos:

a) Non deben estar previstas no título concesional orixinal.

b) Aqueles investimentos realizados polo concesionario que non estean incluídos no título concesional e que non sexan computados para os efectos de prórrogas previamente adoptadas.

c) Investimentos novos que se vaian executar desde a ampliación do prazo da concesión.

Así mesmo, as obras que se vaian realizar deberán mellorar algún dos seguintes aspectos:

a) Produtividade.

b) Eficiencia enerxética.

c) Calidade ambiental.

d) Operacións portuarias.

e) Introdución de novas tecnoloxías.

f) Novos procesos que incrementen a competitividade.

g) Responsabilidade social corporativa e mellora social e da poboación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

As obras que se realicen deberán ser aprobadas expresamente por Portos de Galicia, con base na normativa vixente de aplicación, segundo as características da obra proposta.

3. A ampliación ou prórroga do prazo da concesión non poderá ser superior á metade do prazo máximo de vixencia establecido na lexislación estatal para as concesións sobre dominio público portuario nos portos de interese xeral.

A ampliación da concesión determinará a modificación das condicións desta, incluíndose os novos compromisos adquiridos e o momento da súa execución, que deberán ser aceptados polo concesionario con anterioridade á resolución sobre o seu outorgamento.

As obras deberán executarse integramente no prazo equivalente á metade do prazo de ampliación ou nos primeiros catro anos seguintes ao comezo da ampliación concedida ao concesionario. Corresponde aos servizos técnicos de Portos de Galicia verificar o cumprimento desta obriga, para o cal deberá estenderse, por solicitude do concesionario, a correspondente acta de recoñecemento final das obras que xustificasen a ampliación.

O incumprimento da obriga de executar as obras e investimentos no prazo establecido, así como a execución parcial ou defectuosa, dará lugar á caducidade do título de ampliación da concesión e de modificación da concesión, se é o caso.

4. Os concesionarios interesados en exercer a opción de prórroga ou ampliación do prazo de concesión de acordo co establecido nesta disposición poderán facelo no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da presente disposición transitoria.

Para a ampliación do prazo, o concesionario deberá presentar unha solicitude, á que deberá achegar:

a) Identificación da concesión a que se refire a solicitude.

b) Memoria na que se expliquen detalladamente os compromisos que asume o concesionario se se lle outorga a ampliación do prazo, así como xustificación dela.

c) Proposta dos investimentos realizados ou que se van realizar, cunha memoria descritiva e os prazos previstos para a súa execución, de ser o caso.

d) Memoria económico-financeira de viabilidade da concesión ampliada, de acordo cos compromisos que se pretenden cumprir.

e) Declaración responsable de que os compromisos de investimento se executarán nos prazos fixados.

Analizada a documentación presentada, os servizos técnicos de Portos de Galicia procederán a verificar o cumprimento dos requisitos e obrigas sinalados. No caso de que non estiver completa a documentación ou for insuficiente, requirirase o concesionario para que o emende no prazo de quince días.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Completada a documentación, a Dirección de Portos de Galicia emitirá o seu informe sobre a solicitude para o seu traslado ao órgano competente para acordar o procedente sobre o outorgamento da ampliación do prazo da concesión.

A resolución de concesión e a fixación do prazo deberán motivarse tendo en conta:

a) O tempo restante de vixencia da concesión.

b) O volume de investimento realizado durante a vixencia da concesión e autorizado por Portos de Galicia, de ser o caso.

c) O volume de investimento novo comprometido.

d) A vida útil do investimento tanto realizado como novo.

e) A memoria económico-financeira da concesión no momento do seu outorgamento e no momento da solicitude de ampliación de prazo.

Así mesmo, para as concesións de portos deportivos e de instalacións en zonas portuarias de uso náutico-deportivo destinadas á prestación de servizo ás embarcacións deportivas e de lecer, a fixación do prazo da ampliación motivarase conforme os criterios anteriores, en función do investimento incluído no proxecto de investimento que sirva de base para a ampliación da concesión do prazo, considerando o orzamento, incluído o IVE, que será segundo o cadro seguinte, e considerando a coherencia do citado investimento co exposto nos apartados anteriores:

Investimento	Anos
Menos 50.000 €	5
50.001-100.000 €	10
100.001-200.000 €	15
200.001-400.000 €	20
Máis de 400.001€	25

O outorgamento ou a denegación da ampliación ten carácter discrecional, sen prexuízo da obriga de motivar as razóns de outorgamento ou denegación.

A resolución de outorgamento da ampliación de prazo da concesión será publicada no Diario Oficial de Galicia, facendo constar, cando menos, a información relativa ao obxecto, ao prazo e ao titular da concesión.

5. A ampliación do prazo da concesión non será tida en conta para os efectos da valoración do rescate, da revisión da concesión ou da indemnización por calquera causa a concesionarios e non alterará a situación xurídica existente respecto das obras e instalacións executadas polo concesionario que, á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, revertesen á

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Autoridade Portuaria, así como da taxa de ocupación que corresponda exixir polo seu uso. Respecto das obras e instalacións que non revertesen, será de aplicación o réxime previsto legalmente.

6. Os concesionarios que con anterioridade á entrada en vigor da presente disposición presentasen unha solicitude de ampliación e se atopen en tramitación poderán optar no prazo dun ano, que se contará desde a entrada en vigor da presente disposición, entre a continuación do procedemento de acordo coa lexislación anterior ou a mellora voluntaria da solicitude, para os efectos de adaptala á nova regulación, conservándose os actos e trámites cuxo contido non se vise alterado pola nova regulación».

Sección 2ª. Pesca

Artigo 66. Duración das concesións

Un. Modifícase o artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 53. Duración

As concesións outorgaranse por un período máximo de dez anos, prorrogables por períodos de dez de se demostrar a rendibilidade e o bo uso da explotación, ata un máximo de cincuenta anos, por pedimento da persoa concesionaria, e cunha antelación mínima de tres meses ao vencemento da concesión».

Dous. Modifícase o artigo 61 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 61. Duración da concesión

As concesións outorgaranse por un período de dez anos, prorrogables por períodos de dez, ata un máximo de cincuenta anos, por pedimento da persoa concesionaria».

Artigo 67. Concesións experimentais

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 56 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que queda redactado como segue:

«Con carácter experimental, e nunca por un período superior aos cinco anos, poderase outorgar unha concesión experimental na zona marítimo-terrestre para a realización de proxectos de investigación ou de proxectos que introduzan innovacións substanciais na explotación, nos artefactos e nas especies, nas condicións que regulamentariamente se establezan».

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 65 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, que queda redactado como segue:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

«Con carácter experimental, e nunca por un período superior aos cinco anos, poderase outorgar unha concesión experimental na zona marítima para a realización de proxectos de investigación ou de proxectos que introduzan innovacións substanciais na explotación, nos artefactos e nas especies, nas condicións que regulamentariamente se establezan».

Artigo 68. Prórroga extraordinaria dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura

Engádese unha disposición adicional décimo cuarta á Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo cuarta. Prórroga extraordinaria dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura

1. Os titulares de establecementos de acuicultura que ocupen dominio público marítimoterrestre poderán solicitar, sempre e cando o título fose outorgado antes da entrada en vigor da Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral, perante o órgano competente en materia de acuicultura, a prórroga extraordinaria do título habilitante antes de que finalice a vixencia da última prórroga outorgada.

A solicitude da prórroga extraordinaria do título habilitante para o exercicio da acuicultura presentarase cunha antelación máxima de seis meses ao vencemento do prazo de vixencia do permiso de actividade.

Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, e sempre que non fose expresamente extinguido o título que habilita para o exercicio da actividade, o titular do establecemento poderá presentar a solicitude fóra dos prazos establecidos nos parágrafos anteriores.

2. A duración da prórroga extraordinaria será a mesma e abranguerá o mesmo período que a outorgada polo órgano competente estatal en materia de ocupación demanial, e en ningún caso poderá exceder de cincuenta anos.

O prazo máximo establecido no presente artigo poderá ampliarse nunha quinta parte nos supostos establecidos no artigo 175 do Regulamento xeral de costas e sempre e cando o órgano competente en materia de ocupación demanial outorgase previamente a devandita ampliación.

3. A solicitude da prórroga extraordinaria dos títulos habilitantes incursos nun procedemento de extinción non suspenderá os efectos deste. En todo caso, a resolución de extinción será causa suficiente de denegación da solicitude da prórroga extraordinaria do título habilitante.

4. O establecido na presente disposición adicional non será de aplicación aos títulos habilitantes de actividade da acuicultura en zonas de servizo dos portos nin aos titulares de permisos de actividade experimental».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO IX Servizos sociais

Artigo 69. Réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades

Un. O sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subrogue nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuídas pola normativa vixente as entidades locais, rexerase polo disposto nos apartados seguintes deste artigo, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica. Todo en consonancia co acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Dous. As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios, os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao Consorcio ou ente que o substitúa polo non-pagamento das débedas.

Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día aplicarase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.

Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdicional contencioso-administrativa.

Cinco. O réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exixencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.

Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.

Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.

Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.

Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaránselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións.

Artigo 70. Historia social única electrónica

Modifícase o artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. Continuidade dos niveis de actuación social

1. A relación entre servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados responderá a criterios de complementariedade, de acción coordinada para a consecución de obxectivos comúns ou de actuación conxunta, coa finalidade de conseguir a continuidade e complementariedade das intervencións que deban aplicarse desde os distintos niveis de actuación.

2. Existirá un único expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios, no que quedarán recollidas todas as intervencións e servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do Sistema galego de servizos sociais.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

3. Para os efectos do establecido no punto anterior, os servizos sociais especializados incorporarán protocolos de retorno da información aos servizos sociais comunitarios que aseguren a actualización da información no expediente social básico.

4. Regulamentariamente, estableceranse os procedementos de recollida e tratamento de información das persoas usuarias do Sistema, garantindo, en todo caso, a confidencialidade dos datos de carácter persoal.

5. A Xunta de Galicia creará a Historia social única electrónica como conxunto de información e documentos en formato electrónico nos que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións relevantes sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do Sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos ou das profesionais e dos servizos ou prestacións que interviñeron sobre este. A Historia social única electrónica deberá, así, conter a suficiente, axeitada, pertinente e necesaria información para documentar o proceso de intervención social da persoa usuaria. Respecto dos datos de carácter persoal e en cumprimento do principio de calidade, soamente se recollerán na Historia social única electrónica aqueles axeitados, pertinentes, non excesivos e necesarios para documentar o dito proceso de intervención social.

Para dar cumprimento ao indicado no parágrafo anterior, as distintas entidades que integran o Sistema galego de servizos sociais, dentro das que se inclúen, ademais das administracións públicas galegas, as entidades privadas recollidas no punto 2 do artigo 29 da presente lei, deberán incorporar á Historia social única electrónica a información e os documentos que a conforman, nos termos que regulamentariamente se establezan, autorizándose para o efecto, en virtude desta lei, a recollida, o tratamento e a cesión dos datos de carácter persoal necesarios para documentar o proceso de intervención social, coa finalidade dunha xestión máis eficaz e sostible do Sistema galego de servizos sociais e da consecución da continuidade e complementariedade das intervencións entre os distintos niveis de actuación.

Xunto co anterior, e co fin de garantir a globalidade e continuidade da intervención social, autorízase a cesión dos datos de carácter persoal que, conforme o disposto anteriormente, deban formar parte da Historia social única electrónica, por parte dos órganos, entidades e organismos con competencias sobre outros sistemas de protección, no marco estrito e para os efectos unicamente da tramitación dos procesos de intervención social. Para estes efectos, os órganos, entidades e organismos responsables dos ficheiros de orixe dos datos incluídos na Historia social única electrónica serán responsables da corrección e calidade deles, sen prexuízo das responsabilidades do cesionario.

Autorízase o acceso á Historia social única electrónica no ámbito da intervención profesional no Sistema galego de servizos sociais, tanto polos e polas profesionais de atención como polo persoal de xestión e servizos, así como para a acción inspectora de carácter público. En todo caso, o acceso limitarase ao contido necesario, axeitado e pertinente, en atención ás concretas funcións encomendadas.

Así mesmo, de acordo coa repartición de competencias en materia de protección social, autorízase o acceso e o emprego daquela información contida na Historia social única

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

electrónica que sexa necesaria e proporcionada aos fins das actuacións dos correspondentes procesos de intervención social e dunha adecuada atención integral por parte dos órganos, entidades ou organismos competentes noutros sistemas de protección distintos do Sistema galego de servizos sociais.

As incorporacións á Historia social única electrónica de información procedente de sistemas de protección distintos do Sistema galego de servizos sociais, así como o acceso á información incluída na Historia social única electrónica por parte dos órganos, entidades e organismos competentes en tales sistemas de protección, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, realizaranse con pleno respecto á normativa de protección de datos e conforme o previsto nos protocolos normalizados que aprobe o Consello da Xunta de Galicia e que se formalicen entre os órganos, organismos e entidades implicados. Nos ditos protocolos concretaranse os datos obxecto de cesión, no marco dos programas de intervención social, atendendo aos principios de calidade dos datos, necesidade e proporcionalidade, para os distintos ámbitos de información que conforman a Historia social única electrónica. Os ditos protocolos serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

6. A Historia social única electrónica terá carácter público e confidencial, e respectará os dereitos das persoas usuarias ao acceso ao seu expediente persoal e a obter copia del, garantindo que esta historia será empregada para a intervención profesional e para a acción inspectora de carácter público nos termos previstos nesta lei. Calquera outro acceso á información contida na Historia social única electrónica realizarase nos termos e cos requisitos exixidos pola normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal e no resto da normativa que resulte de aplicación.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, o dereito de acceso da persoa usuaria á Historia social única electrónica non poderá exercerse en prexuízo do dereito de terceiras persoas á confidencialidade dos datos que consten nela recollidos en interese da intervención da persoa usuaria, nin en prexuízo do dereito dos e das profesionais participantes na intervención, os cales poderán opoñer ao dereito de acceso a reserva da súas anotacións subxectivas».

TÍTULO III Ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros

CAPÍTULO I Obxecto e réxime de competencias

Artigo 71. Obxecto e alcance

Un. O presente título establece a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros de Galicia e complementa a regulación do Plan de transporte público de Galicia realizada pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Nesta materia, as disposicións da presente lei resultarán de aplicación aos servizos de transporte público de viaxeiros que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma. Entenderase que o transporte transcorre integramente en Galicia cando neste ámbito territorial desenvolva a totalidade das súas relacións de tráfico.

Dous. Incorpórase como anexo II desta lei a relación de definicións e a clasificación dos tipos e modalidades de transporte.

Artigo 72. Competencias e organización administrativa no ámbito do transporte por estrada

Un. As administracións públicas de Galicia con competencia e responsabilidade na planificación, ordenación, adxudicación e xestión dos servizos de transporte público regular regulados nesta lei son:

a) A Administración xeral da Xunta de Galicia, que exercerá con plenitude e consonte co previsto no ordenamento xurídico as competencias que estatutariamente corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, as de impulso e aprobación do Plan de transporte público de Galicia e a de coordinación do sistema integrado de transporte público no territorio da Comunidade Autónoma. Neste ámbito, a Xunta de Galicia exercerá as competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de ámbito autonómico.

b) Os concellos, que, en relación cos tráficos dos seus respectivos ámbitos territoriais, posúen competencias de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción dos servizos de transporte público de persoas de ámbito local.

c) As áreas metropolitanas, que posuirán as competencias atribuídas nas súas respectivas leis de creación.

Dous. O exercicio das respectivas competencias en materia de transporte público por parte das diferentes administracións públicas fundamentarase nos principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, e nos de cooperación, colaboración e coordinación, e procurará a máxima racionalización, eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e dos medios de transporte.

Tres. No ámbito da Xunta de Galicia, corresponde á consellería con competencia en materia de transporte público velar polo correcto funcionamento dos transportes a que se refire a presente lei, e exercer as funcións de planificación, ordenación, coordinación, control, inspección e sanción, se é o caso, dos servizos públicos de persoas dos que é titular, calquera que sexa o modo en que se xestionen.

Para o exercicio destas funcións, a consellería con competencia en materia de transporte público asumirá as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte a programación e as excepcións que, se é o caso, acorde o Consello da Xunta de Galicia ou estableza o Plan de transporte público de Galicia. En tanto non se produza a dita asunción plena desta función e respecto, en todo caso, dos supostos que o Consello da Xunta de Galicia acorde excepcionar,

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

os respectivos departamentos manterán as funcións de órgano de contratación dos servizos que se refiran aos seus ámbitos de actuación, co conxunto de facultades propias deste.

CAPÍTULO II O transporte público regular de uso xeral

Artigo 73. Establecemento de servizos

Un. A prestación dos servizos regulares permanentes de transporte de persoas de uso xeral ou mixtos será precedida da correspondente resolución administrativa sobre o establecemento ou creación dos ditos servizos e de aprobación do correspondente proxecto para a súa prestación. No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma corresponde á consellería competente en materia de transportes a adopción desta resolución.

Dous. O dito establecemento ou creación serán acordados pola Administración, por iniciativa propia ou de persoa interesada.

Mediante a aprobación do Plan de transporte público de Galicia considerarase adoptado o acordo de establecemento e creación dos servizos que prevexa o dito plan, sen prexuízo da aprobación dos proxectos de explotación por parte da Administración consonte co que nesta lei se establece.

Tamén se considerará xustificado o acordo de establecemento ou creación nos servizos que, incluso antes da aprobación do Plan de transporte público de Galicia, se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráficos nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) 1191/69 e (CEE) 1107/70 do Consello, cuxa explotación se prevexa coas limitacións temporais que establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación mesmo cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráficos que neles se prevían ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, non previstos expresamente no Plan de transporte público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte.

Artigo 74. Prestación de servizos regulares permanentes de transporte de persoas de uso xeral

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Un. Os transportes públicos regulares de persoas de uso xeral teñen o carácter de servizos públicos de titularidade da Administración e poden ser utilizados, sen discriminación, por calquera persoa que o desexe nas condicións que establece esta lei e demais normativa de aplicación.

Dous. Como regra xeral, a prestación dos mencionados servizos será levada a cabo pola empresa á que a Administración lle adxudique o correspondente contrato de xestión do servizo público de transporte, baixo o principio de risco e ventura na súa explotación.

Non obstante, a Administración poderá optar pola xestión directa dos servizos de transporte público, a través dos seus propios medios ou de organismos e entes instrumentais dependentes, cando considere esta modalidade como a máis axeitada ao interese xeral en función da súa natureza e características, especialmente nos casos de ausencia de licitadores interesados na prestación dos servizos, de interrupción ou de risco inminente de tal situación.

Tres. O contrato de xestión de cada servizo determinará o seu prazo de duración atendendo ás súas características e aos prazos de amortización dos activos achegados polo adxudicatario que resulten necesarios para a súa prestación e que sexan utilizados con exclusividade ou de xeito predominante nesta. En todo caso, consonte o disposto na lexislación da Unión Europea reguladora da materia, a duración dos contratos non poderá ser superior a dez anos.

Non obstante, cando resulte necesario atendendo ás condicións de amortización dos indicados activos, a duración do contrato poderá prolongarse durante un período non superior á metade do período orixinalmente establecido.

Os contratistas de servizos de transporte público teñen en todo caso a obriga contractual de continuaren na explotación do servizo ata que culmine o procedemento de adxudicación que se estableza para darlle continuidade ao servizo público, co límite temporal, en canto á súa obrigatoriedade, de doce meses, que se contarán desde a data do vencemento do contrato ou, de ser o caso, daquela en que se faga efectiva a execución da resolución que lle puxese fin. A continuidade na explotación indicada neste apartado realizarase nas mesmas condicións económicas, contractuais e xurídicas que se lle apliquen ao contrato nese momento, e producirase nos termos previstos na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e na súa normativa de desenvolvemento, así como, nos casos que esta establece, e na Lei 10/2016, do 19 de xullo.

Catro. Os servizos de transporte público regular de persoas de uso xeral ou mixtos adxudicaraos a Administración co carácter de exclusivos, de conformidade co disposto na normativa comunitaria e na normativa estatal básica, nos termos que prevexa o Plan de transporte público de Galicia e os correspondentes proxectos de explotación e pregos de licitación, os cales poderán definir supostos ou ámbitos territoriais nos que a exclusividade dos tráficos sexa compartida entre dous ou máis servizos públicos, fixando as condicións de coordinación entre eles.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Cinco. Sen prexuízo da posibilidade de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, o exercicio pleno da competencia sobre transporte público e o establecemento de novos servizos locais, por parte dos concellos e demais entidades locais que no momento da entrada en vigor desta lei non dispoñan de servizos de transporte público colectivo da súa competencia, requirirán da comunicación previa ao órgano competente sobre os servizos autonómicos con, cando menos, doce meses de antelación ao vencemento do prazo legalmente establecido para a aprobación do Plan de transporte público de Galicia, ou, unha vez aprobado este, coa mesma antelación respecto das datas que se prevexan para a aprobación das súas revisións.

A mesma regra indicada no parágrafo anterior resultará de aplicación en relación cos tráficos que asuman, efectivamente, as áreas metropolitanas con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

Cando nos termos dos parágrafos anteriores unha administración local comunique á Administración autonómica a súa intención de establecer un servizo de transporte de ámbito local, esta excluirá dos proxectos de licitación que elabore as relacións de tráfico dese ámbito territorial. Non obstante, o órgano autonómico competente para a aprobación do indicado proxecto de explotación poderá acordar a explotación coordinada de determinados tráficos cando esta supoña unha mellora na oferta para as persoas usuarias pola coincidencia dos itinerarios ou dos tráficos dos diferentes servizos ou cando a dita exclusión poida poñer en risco a sustentabilidade do propio servizo autonómico.

Nestes supostos, o órgano autonómico competente en materia de transporte, oída a entidade local correspondente, establecerá os criterios de coordinación de tarifas, horarios e calendarios das expedicións correspondentes a servizos autonómicos e locais que atendan conxuntamente as ditas relacións de tráfico. Igualmente, as administracións competentes poderán conveniar a explotación indistinta destes servizos, de xeito que os servizos local e autonómico atendan, total ou parcialmente, o conxunto dos seus respectivos tráficos.

Artigo 75. Contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas

Un. Os contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas serán definidos polos correspondentes proxectos de explotación dos servizos, que, nos supostos de adxudicación mediante un procedemento aberto, servirán de base dos pregos de condicións que se regulan neste mesmo artigo.

Os proxectos de explotación serán elaborados directamente pola Administración ou por un particular. No suposto de elaboración por un particular, este deberá presentar un anteproxecto completo ao órgano da Administración que resulte competente para a súa aprobación, o cal discrecionalmente poderá tomalo en consideración e proceder á súa tramitación, ponderando para tal fin a súa integración co sistema de transporte público ou cos traballos de planificación en desenvolvemento ou programados. En calquera caso, a Administración poderá requirir do promotor que o anteproxecto sexa emendado ou completado coa información adicional que estime conveniente para a axeitada definición do

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

servizo. A Administración adoptará o correspondente acordo no prazo de tres meses, que se contarán desde a presentación completa do anteproxecto do servizo, logo do cal, de non ter adoptado acordo a Administración, o interesado poderá entender que este é desfavorable á toma en consideración do servizo.

Os proxectos de explotación someteranse á información pública durante un prazo de dez días, no cal o proxecto estará dispoñible para calquera interesado na páxina web da correspondente administración de transportes. Simultaneamente, daráselles audiencia durante o mesmo prazo aos concellos nos cales, no proxecto do servizo, se establezan puntos ou localidades de parada.

Analizadas as alegacións recibidas, a Administración de transportes competente acordará a aprobación do correspondente proxecto de servizo, se é o caso.

No ámbito da Xunta de Galicia, os proxectos de servizos públicos de transporte de persoas que deban ser sometidos a un procedemento de licitación aberto corresponderán á consellería competente en materia de transportes.

Dous. Os pregos de condicións que rexerán o contrato tomarán como base o proxecto de explotación aprobado pola Administración, e fixarán as condicións de prestación do servizo.

Os pregos regularán as condicións de prestación dos servizos incorporando, en todo caso, as seguintes:

a) Os tráficos que definen o servizo, así como o seu itinerario, expedicións, calendarios e horarios ou franxas horarias de servizo, cando resulten pertinentes, e o prazo de duración do contrato.

b) As condicións mínimas de solvencia técnica, profesional e económica que, se é o caso, deberá cumprir o contratista coa finalidade de que resulte garantida a adecuada prestación do servizo de que se trate de xeito continuado.

c) Os medios materiais dos que deberá dispoñer o contratista para a prestación do servizo, e as súas características, tales como vehículos ou medios e sistemas tecnolóxicos precisos para a explotación do servizo e a obtención de información deste por parte da Administración.

d) O réxime económico que resulte de aplicación ao contrato, incluíndo, de ser posible, as tarifas de usuario que se prevexa aplicar e as tarifas de equilibrio do contrato, e outras compensacións pola prestación do servizo que resulten de aplicación, indicando os parámetros sobre cuxa base deberán ser calculados.

e) O compromiso do contratista de someterse á arbitraxe da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia en relación con calquera controversia coas persoas usuarias relacionadas coa prestación do servizo, ou cos titulares de infraestruturas de transporte que deba utilizar o servizo en relación cos canons, tarifas ou prezos que deba aboar pola dita utilización.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

f) O réxime de penalidades que, se é o caso, resulte de aplicación por unha deficitaria prestación do servizo ou por incumprimentos contractuais, e as condicións nas que o contratista estará obrigado a indemnizar as persoas usuarias polos danos que lles deriven dos incumprimentos contractuais.

Artigo 76. Adxudicación dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas

Un. Os contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de persoas de uso xeral adxudicaranse, con carácter xeral, mediante un procedemento aberto no que todo empresario que acade os requirimentos de solvencia que fixen os correspondentes pregos poderá presentar unha proposición. En calquera caso, deberán desestimarse as ofertas que establezan condicións desproporcionadas ou anormais, tecnicamente inadecuadas, ou que non garantan debidamente a continuidade do servizo ou a súa prestación nas condicións precisas, nos termos que definan os pregos de licitación.

Dous. Non obstante o indicado no punto anterior, a Administración poderá optar pola adxudicación directa nos supostos e nos termos establecidos pola normativa comunitaria e pola lexislación estatal de carácter básico. Igualmente, no caso de interrupción dos servizos ou de risco inminente de tal situación, ademais do procedemento de adxudicación directa que prevé a normativa comunitaria, a Administración poderá optar por establecer exixencias de prestación de determinadas obrigas de servizo público por parte doutros contratistas, que verán modificados deste xeito os seus contratos, coa garantía en todo caso do mantemento do seu correspondente equilibrio económico.

Tres. O adxudicatario do servizo deberá dispoñer de autorización que o habilite para a realización da actividade de transporte público no ámbito territorial no que se preste, nos termos que establece a normativa comunitaria e nacional na materia, e poderá subcontratar parcialmente a súa prestación nos termos que estableza o correspondente proxecto de explotación do servizo.

No caso de unións temporais de empresas, deberán dispoñer da autorización habilitante indicada no apartado anterior a totalidade das empresa que, formando parte da unión temporal, sexan as que efectivamente oferten e presten os servizos de transporte.

Artigo 77. Procedemento de adxudicación directa

Un. Nos supostos en que resulte de aplicación o procedemento de adxudicación directa, abondará con que o proxecto de explotación do servizo identifique os tráficos que se van atender, os itinerarios, se é o caso, o calendario de prestación, as frecuencias, o réxime económico aplicable e o prazo de vixencia.

Dous. Os anteproxectos de explotación de servizos de transporte obxecto de adxudicación directa someteranse á información pública durante un prazo de dez días naturais.

Durante este prazo, as empresas e demais interesados en xeral poderán formular as alegacións que consideren en relación co contido do anteproxecto. Igualmente, as empresas

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

con capacidade para a súa prestación poderán propoñerse para ser invitadas para a presentación de oferta.

Logo de analizar as alegacións presentadas, a Administración aprobará o proxecto de explotación do servizo e, deixando constancia no expediente de forma sucinta das razóns que xustifican a elección, remitirá invitación para presentar oferta a un mínimo de tres empresas de entre as que comunicasen o seu interese en ser invitadas, sempre que sexa posible, sinalándolles un prazo non inferior a cinco días naturais para a presentación da correspondente oferta e facilitándolles o acceso ao indicado proxecto de explotación.

A Administración analizará as ofertas que presenten as empresas invitadas, e poderá acordar a celebración dun proceso de negociación coas correspondentes empresas, logo do cal adxudicará o contrato á empresa que presente a oferta que resulte máis vantaxosa consonte as condicións e criterios fixados no proxecto de explotación e na propia invitación e formalizará con aquela o correspondente contrato de xestión do servizo de transporte público regular.

Tres. En todo caso, cando os procedementos previstos no apartado anterior queden desertos por carecer de empresas interesadas en ser invitadas, ou a Administración aprecie discrecionalmente que concorren circunstancias que non aconsellan promover a concorrencia prevista nos apartados anteriores sen un grave risco de interrupción do servizo público de transporte, ou cando logo de remitir as invitacións que neles se indican ningunha empresa formule unha oferta consonte os requirimentos exixidos pola Administración, a Administración poderá dispoñer a adxudicación directa do servizo á empresa que para tal fin seleccione, coa cal formalizará directamente un contrato de xestión do servizo público de transporte.

Catro. No caso de procedementos de adxudicación directa de contratos de xestión de servizos de transporte público regular de persoas por estrada que tramite a Administración xeral da Xunta de Galicia, corresponderá á dirección xeral competente en materia de transporte público a competencia para acordar a aplicación desta modalidade de adxudicación, a aprobación do correspondente proxecto de explotación e a adxudicación do contrato.

CAPÍTULO III Integración e coordinación de servizos nunha rede de transporte integrada

Artigo 78. Integración de servizos de transporte

Un. Coa finalidade de acadar unha prestación racional e eficiente dos servizos de transporte, ademais das fórmulas de colaboración, cooperación e coordinación de servizos da competencia de diferentes administracións públicas reguladas nesta lei e demais normativa sectorial de aplicación, promoverase a integración de servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma administración.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Dous. Con carácter xeral, calquera administración pública galega poderá reservar prazas nos servizos de transporte público regular de uso xeral a favor dos estudantes, traballadores ou colectivos análogos, en expedicións que teñan tráficos no ámbito territorial de competencia da respectiva administración, para atender as necesidades de mobilidade desas persoas usuarias.

Nestes supostos, a administración que reserve as prazas deberá aboar pola prestación do servizo a tarifa de equilibrio contractual que estea establecida no correspondente contrato de xestión.

Artigo 79. Racionalización e integración de servizos de transporte contratados pola Xunta de Galicia

Un. No marco dos acordos para a integración dos servizos e da súa programación que adopte o Consello da Xunta de Galicia directamente ou mediante a aprobación do Plan de transporte público de Galicia, promoverase unha utilización racional da oferta de servizos de transporte público que contrata a Xunta de Galicia.

Para tal fin, promoverase a utilización da rede de trasporte público regular de uso xeral por parte dos colectivos de persoas usuarias aos que a Xunta de Galicia ofreza a prestación do servizo de transporte público, tales como estudantes ou persoas usuarias do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal. En todo caso, manterase a prestación diferenciada dos servizos para o conxunto de persoas usuarias que, polas súas condicións específicas, non poidan facer uso dos servizos de transporte público regular de uso xeral.

Dous. O Plan de transporte público de Galicia e os proxectos que a Administración defina con antelación á súa aprobación, ou estableza con carácter experimental, garantirán a máxima cobertura territorial coa finalidade de que a rede de transporte público regular de uso xeral presente unha oferta real alternativa ás distintas redes dedicadas que actualmente mantén a Xunta de Galicia.

Igualmente, nesta planificación garantirase a atención prioritaria dos colectivos de menores e demais persoas usuarias das redes de transporte público regular de uso especial, de xeito que a oferta alternativa proposta manteña, cando menos, os mesmos niveis de calidade e prestación de servizo dos que dispoñían previamente. Os servizos integrados deberán cumprir integramente a normativa sobre condicións de seguridade no transporte de escolares e menores que lles resulte de aplicación.

Nos supostos en que a Administración da Xunta de Galicia ofreza a prestación das relacións de mobilidade a través de servizos integrados previstos na rede de transporte público regular de uso xeral, estes medios darán satisfacción ao dereito ao correspondente servizo público de transporte, sen que por parte da Administración autonómica se establezan servizos diferenciados, procedendo, se é o caso, á suspensión dos servizos dedicados que carezan de persoas usuarias.

En tanto non se produza a integración nun único órgano de contratación da competencia sobre a prestación do servizo de transporte regular de uso xeral e a xestión dos servizos de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

transporte dedicados, complementarios doutros ámbitos de actuación da Administración, a administración competente sobre estes últimos aboará directamente á empresa contratista o importe correspondente á tarifa de equilibrio contractual que en cada caso corresponda.

Tres. Simultaneamente á integración de servizos na rede de transporte público regular de uso xeral, no marco dos acordos de integración e da programación que estableza o Consello da Xunta de Galicia, ou da planificación de transporte que determine o Plan de transporte público de Galicia, se é o caso, fixaranse servizos de transporte mixtos nos que nun mesmo contrato se prevexa a prestación de servizos de transporte regular de uso xeral xunto con servizos de transporte regular de uso especial.

Nestes supostos, os proxectos de explotación dos servizos de transporte público regular de uso xeral fixarán as compensacións económicas que se aboarán pola prestación dos diferentes servizos.

Artigo 80. Adaptación da explotación dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral ou mixtos por razón de integración de servizos e melloras na explotación

Un. A administración poderá introducir, en calquera momento, alteracións e modificacións nas condicións de explotación dos servizos cualificados como integrados, coa finalidade de atender a demanda de transporte xerada por persoas usuarias con dereito á utilización dos servizos de transporte público que oferte a Xunta de Galicia.

Dous. Para tal fin, identificada a existencia dunha nova demanda de servizo, abrirase de oficio por parte da administración titular do servizo de transporte un procedemento de adaptación das súas condicións de prestación, consonte as seguintes regras:

1. O órgano competente sobre o contrato ditará unha medida cautelar de carácter executivo na que disporá a súa prestación por parte da empresa contratista elixida para tal fin, consonte o previsto nos correspondentes contratos de xestión de servizos públicos de transporte. Esta medida cautelar terá carácter executivo e será de obrigado cumprimento para o contratista, que deberá adaptar a explotación do servizo no prazo que nela se estableza.

2. Sen prexuízo do indicado carácter executivo do requirimento da Administración, desde a súa recepción o contratista disporá do prazo de dez días para a formulación de alegacións. Por este mesmo prazo, a Administración dará audiencia a calquera outro interesado.

3. Analizadas as alegacións formuladas, se for o caso, o órgano titular do servizo ditará resolución definitiva.

Tres. Mediante resolución conxunta dos departamentos da Xunta de Galicia con competencia en materia de transportes e cada un dos ámbitos sectoriais obxecto de integración, estableceranse protocolos administrativos de actuación para a recepción, validación e aprobación das novas demandas de prestación de servizos de transporte público.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Catro. Igualmente, nos termos previstos nesta lei e na normativa básica de aplicación, a mellora nas condicións de prestación do servizo público de transporte, a implantación de solucións de explotación innovadoras como a xestión baixo demanda, ou a integración de servizos de transporte, consideraranse causas de interese público xustificativas da modificación de oficio dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral que estean en explotación, nos termos previstos no segundo parágrafo do artigo 3.1 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema do transporte público de Galicia, logo de audiencia do contratista.

Nestes casos, a Administración deberá prever as compensacións que resulten esenciais para, mantendo as condicións de equilibrio económico dos indicados contratos e o principio de risco e ventura que lles é propio, resarcir o contratista polas novas obrigas de servizo público que se lle impoñan.

CAPÍTULO IV Réxime económico e tarifario dos servizos de transporte

Artigo 81. Réxime económico dos servizos de transporte

Un. Como sistema de transporte de titularidade da Administración, o réxime económico do sistema de transporte público regular de uso xeral prestado a través de empresas contratistas baséase no principio de risco e ventura do contratista, asociado ao volume de persoas usuarias acadado coa prestación do servizo e a aplicación dunha tarifa de equilibrio de carácter contractual.

Dous. Nos servizos de transporte discrecional e nos servizos de transporte público regular de uso especial, o seu réxime económico será o que en cada caso establezan as partes contratantes.

Artigo 82. Réxime económico e tarifario dos servizos de transporte público

Un. No sistema de transporte público regular de uso xeral, e nos mixtos, diferénciase entre:

a) Tarifa de equilibrio contractual: importe que ten dereito a percibir a empresa contratista por cada usuario e relación de tráficos que realice, ben o perciba da propia persoa usuaria, ben o faga, total ou parcialmente, dunha administración pública ou dun terceiro.

b) Tarifa de usuario: importe efectivamente aboado pola persoa usuaria, determinado pola Administración, e que pode coincidir ou non coa tarifa de equilibrio contractual.

O cálculo das anteriores tarifas poderá basearse na multiplicación dos quilómetros percorridos pola persoa usuaria por un coeficiente tarifario, se é o caso cun importe mínimo de percepción, ou en razón do número de saltos que realice a persoa usuaria entre zonas de transporte previamente delimitadas, atendendo ás matrices aprobadas pola Administración.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Dous. A tarifa de equilibrio contractual poderá obedecer a un dos métodos de cálculo indicados no apartado anterior ou estar formada por varios deles, incluída a diferenciación da aplicable en atención ás condicións específicas ou cualificadas de prestación, como horarios fixos, dispoñibilidade de acompañante ou adaptación do itinerario ás concretas necesidades das persoas usuarias, que se lles apliquen a determinados colectivos, tal como pode acontecer no transporte integrado de escolares ou nos servizos de transporte baixo demanda.

Tres. Corresponde á Administración determinar as tarifas de usuario aplicables en cada caso, podendo facelo co carácter de fixas ou de máximas:

a) Tarifas fixas: son obrigatorias para a empresa prestadora do servizo e para as persoas usuarias.

b) Tarifas máximas: a empresa prestadora poderá ofertar tarifas inferiores á autorizada, atendendo a criterios obxectivos de promoción da mobilidade e con suxeición ao principio de non-discriminación entre as persoas usuarias.

Catro. Tanto no suposto de tarifas fixas como no de tarifas máximas, a Administración poderá autorizar a comercialización de tarifas bonificadas:

a) Bonos de utilización recorrente ou para a promoción da utilización do sistema de transporte público. Estes bonos serán dirixidos ao público en xeral, e non será admisible a introdución de discriminacións por razóns de territorio ou residencia nin por razóns sociais ou doutra índole.

b) Bonos sociais, vinculados a políticas ou actuacións transversais dos poderes públicos no ámbito social, nos que se tomarán en consideración as condicións específicas das persoas usuarias ou das súas unidades familiares, tales como familias numerosas, estudantes, xubilados ou nivel de renda. En ningún caso se poderán establecer bonos sociais atendendo a criterios exclusivamente territoriais, como a residencia, ou a condicións discriminatorias, como a raza, a relixión ou a opinión da persoa usuaria.

Xunto coas anteriores tarifas bonificadas poderán establecerse e xestionarse, no marco do sistema de transporte público, bonificacións adicionais promovidas pola propia administración titular do servizo ou por calquera outra administración, entidade, agrupación ou colectivo interesado na promoción do transporte público ou na prestación dun servizo ao colectivo ao que dirixan a súa actuación.

Artigo 83. Integración tarifaria e de información do sistema de transporte público de Galicia

Un. O conxunto de servizos de transporte público regular de uso xeral de Galicia integrarase nun sistema común de información dirixido a facilitar ás persoas usuarias o coñecemento do conxunto de servizos de transporte público regular ofertados polas diferentes

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

administracións. Igualmente, as administracións colaborarán na integración tarifaria, de xeito que os títulos de transporte ofertados por cada unha delas poidan operar indistintamente no conxunto do sistema.

Dous. Para tal fin, a Xunta de Galicia, mediante orde da consellería competente en materia de transportes, logo do informe da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, establecerá os requisitos de interoperatividade dos sistemas de pagamento e de información do transporte público, que resultarán obrigatorios nos proxectos que desenvolvan o conxunto de administracións titulares de servizos de transporte regular de uso xeral. Nas mesmas condicións, o dito departamento establecerá as condicións de remisión desta información en relación con outros servizos de transporte público que contrate a Xunta de Galicia e, de xeito específico, os servizos de transporte público regular de persoas por estrada de uso especial.

TÍTULO IV Medidas provisionais de ordenación urbanística

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 84. Ámbito de aplicación

Un. A regulación e mais as medidas establecidas neste título serán de aplicación naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado.

Estas medidas serán de aplicación, en particular, nos supostos de obsolescencia sobrevida do instrumento que recobra a súa vixencia debido á substancial modificación do marco lexislativo urbanístico recaído desde a súa aprobación, á radical mutación da normativa sectorial de aplicación ou á inadaptación do modelo existente de cidade respecto do previsto no devandito instrumento.

Dous. En todo caso, a adopción das medidas previstas no presente título deberá respectar o disposto nas sentenzas firmes que declaren a nulidade dos instrumentos de planificación urbanística ou dos decretos de suspensión, e as resolucións xudiciais recaídas na súa execución.

Tres. A adopción das medidas establecidas nesta lei entenderase sen prexuízo da posibilidade de modificar puntualmente o plan que recobra vixencia, cos requisitos previstos na lexislación vixente.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Catro. As medidas de ordenación provisional non serán de aplicación ao solo clasificado como rústico no planeamento anulado, para o cal será de aplicación o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de acordo co establecido nas súas disposicións transitorias.

Cinco. En ningún caso as medidas de ordenación provisional serán de aplicación cando o instrumento de ordenación provisional para o ámbito de que se trate deba someterse á avaliación ambiental estratéxica ordinaria de acordo co establecido na normativa básica estatal.

Artigo 85. Mantemento da seguridade xurídica

Un. De acordo co establecido na normativa estatal, a anulación de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística por unha sentenza firme non afectará por si mesma a eficacia dos actos administrativos firmes que o aplicasen antes de que a anulación alcanzase efectos xerais.

Dous. Nos procedementos de revisión de oficio de actos administrativos firmes que se ditasen con fundamento en instrumentos de ordenación anulados, ponderarase, na análise sobre a procedencia ou non de acordar a suspensión da execución do acto obxecto do procedemento de revisión de oficio así como na aplicación dos límites ás facultades de revisión establecidos na lexislación básica, entre outras circunstancias, o grao de cumprimento dos deberes urbanísticos ou o grao de desenvolvemento urbanístico acadado ao amparo do instrumento anulado.

Artigo 86. Protección do patrimonio cultural

Para os efectos da protección do patrimonio cultural e da aplicación da Lei do patrimonio cultural de Galicia, a simple declaración de nulidade do instrumento de ordenación urbanístico non implicará a perda da condición de bens declarados de interese cultural ou de bens catalogados dos bens incluídos no catálogo do instrumento de ordenación anulado, sendo de aplicación en todo caso o réxime derivado da lexislación indicada.

CAPÍTULO II Procedemento de aprobación do instrumento de planificación

Artigo 87. Iniciación do procedemento de aprobación do instrumento de planificación urbanística que substitúe ao instrumento anulado. Prazos para a súa tramitación e aprobación

Un. Para os efectos de aplicar as medidas de ordenación provisional previstas no presente título, será requisito necesario que o concello cuxo instrumento de planificación foi anulado inicie a tramitación dun novo, inicie, de ser o caso, o procedemento de contratación dos servizos técnicos ou xurídicos necesarios para a súa redacción ou ben lles encomende a realización total ou parcial do instrumento aos servizos técnicos municipais.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Dous. En todo caso, o concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional dos previstos na presente lei deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos e aprobar provisionalmente o novo instrumento de ordenación no prazo de tres anos e seis meses. Os anteriores prazos contaranse cada un deles desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do instrumento de ordenación provisional.

O cumprimento dos trámites a que fai referencia o parágrafo anterior dentro dos prazos sinalados para tales efectos é requisito inescusable para o mantemento da vixencia dos instrumentos de ordenación provisional aprobados de acordo co previsto na presente lei. Transcorrido calquera dos prazos sinalados sen se cumpriren os trámites previstos neste artigo, o instrumento de ordenación provisional aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio do previsto na presente lei e quedará inmediatamente sen efecto.

Artigo 88. Estudo da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación en cada ámbito que se pretenda ordenar provisionalmente

Un. Con carácter previo á adopción dun instrumento de ordenación provisional dos previstos na presente lei, realizarase un estudo específico da situación derivada da anulación do instrumento de ordenación para o ámbito que se pretenda ordenar a través do devandito instrumento provisional.

Dous. O devandito estudo e análise municipal someteranse a informe urbanístico e ambiental vinculante dos órganos competentes da Administración da Comunidade Autónoma.

Tres. O informe urbanístico pronunciarase sobre a coincidencia da ordenación provisional coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado e, de ser o caso, nos seus instrumentos de desenvolvemento, así como sobre a adecuación das medidas de ordenación provisional adoptadas ao previsto na presente lei.

Catro. O informe ambiental pronunciarase sobre a tramitación ambiental que se realice para a aprobación do instrumento de ordenación provisional de que se trate, de acordo co establecido na normativa básica estatal sobre avaliación ambiental e atendendo á súa específica natureza.

Cinco. Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, se é o caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente lei.

Artigo 89. Contido do estudo

No estudo a que se refire o artigo anterior deberá analizarse para o ámbito afectado:

O instrumento de ordenación urbanística que recobra a súa vixencia, e a lexislación ao abeiro da cal se aprobou.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A adecuación do instrumento de ordenación que recobra a súa vixencia á lexislación urbanística e sectorial vixente, tendo en conta o expresado no artigo seguinte, así como á realidade urbanística existente no ámbito afectado, xurdida ao abeiro do instrumento de planificación anulado.

A proposta de aprobación dunha ordenación provisional cos límites e de acordo co procedemento previsto na presente lei.

Artigo 90. Contido e vixencia da ordenación provisional

Un. A ordenación provisional que se propoña para o ámbito afectado deberá ser coincidente coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado e, de ser o caso, nos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos previstos nos artigos seguintes. Só se poderán realizar as modificacións que sexan necesarias para adaptar a regulación ao contido das sentenzas xudiciais que se refiran ao ámbito afectado, ao exixido pola lexislación sectorial de acordo cos informes recaídos no procedemento e ao resultado da información pública practicada e da tramitación ambiental realizada. Igualmente, poderán realizarse as modificacións que permitan asignar usos globais axeitados para implantar novas dotacións e equipamentos, públicos ou privados, ou para implantar novas actividades económicas, empresariais ou produtivas, substituíndo o uso residencial polo uso industrial, terciario ou comercial.

Non será necesaria a adaptación dos instrumentos de ordenación provisional á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e será de aplicación en todo caso esta, de acordo co disposto nas súas disposicións transitorias, segundo a data de aprobación definitiva do instrumento de ordenación anulado e a lexislación á que este estea adaptado, circunstancia que se indicará expresamente na ordenación provisional.

Dous. A ordenación provisional, unha vez aprobada, sen prexuízo da posibilidade da súa modificación polos procedementos de modificación do plan establecidos na Lei do solo, estará en vigor ata que se substitúa pola prevista no novo instrumento de ordenación para ese ámbito ou, de ser o caso, ata que transcorra calquera dos prazos sinalados no artigo 87 da presente lei sen se cumpriren os trámites previstos no citado artigo.

Artigo 91. Ordenación provisional en solo clasificado como urbano e de núcleo rural no instrumento anulado

Poderanse aprobar instrumentos de ordenación provisional para o solo urbano consolidado e de núcleo rural, coincidentes coa ordenación recollida no instrumento anulado, de acordo co indicado no artigo anterior. A ordenación provisional prevista nos devanditos instrumentos será de aplicación de conformidade coas regras establecidas na disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo a data de aprobación definitiva do instrumento anulado.

Artigo 92. Ordenación provisional en ámbitos suxeitos a desenvolvemento urbanístico

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Un. No solo suxeito a desenvolvemento urbanístico de acordo co instrumento anulado e os seus instrumentos de desenvolvemento, o concello deberá xustificar a elección dos ámbitos que ordene provisionalmente a través dos instrumentos previstos na presente lei, incidindo na concorrencia dun especial interese xeral, polo seu carácter dotacional ou de equipamento público ou privado, por tratarse da planificación de espazos para actividades económicas ou áreas para actividades produtivas ou empresariais que acollan usos industriais, terciarios ou comerciais en substitución de usos residenciais, a afección a elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio, o seu grao de desenvolvemento, ou pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal.

Dous. De acordo co indicado no apartado anterior, entenderase que concorre interese xeral en atención ao seu grao de desenvolvemento urbanístico, para os efectos da súa ordenación provisional no recoñecemento do grao de cumprimento dos deberes de execución do planeamento urbanístico que foron desenvolvidos de conformidade coa lexislación urbanística, sempre que acadasen no seu día a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución e cumprisen co deber de cesión e de distribución de cargas e beneficios.

Tres. Naqueles supostos nos que o instrumento de equidistribución aprobado no seu día resulte afectado no seu contido polo disposto na ordenación provisional, deberá aprobarse un novo instrumento de equidistribución adaptado á indicada ordenación.

Catro. Naqueles supostos nos que o grao de desenvolvemento urbanístico acadado determinase a consideración do solo como urbano consolidado, o instrumento de ordenación provisional recoñecerá o indicado grao de desenvolvemento e clasificación.

Artigo 93. Tramitación para a aprobación da ordenación provisional

Un. A tramitación da aprobación dos instrumentos de ordenación provisional regulados no presente título axustarase ao procedemento establecido neste artigo.

Dous. Con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:

a) O concello remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses desde a recepción da documentación indicada na alínea anterior, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas de acordo co establecido na normativa indicada por un prazo máximo dun mes.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se a ordenación provisional ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, a ordenación provisional poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

Tres. O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao á información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Catro. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Se a ordenación provisional prevista foi xa obxecto dos indicados informes con anterioridade, admitirase a reprodución ou confirmación dos criterios contidos nos informes emitidos no seu día polos órganos informantes, sen prexuízo das cuestións que se poidan engadir á vista de novas circunstancias ou da aprobación de normativa posterior.

Cinco. Emitirase informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa presente lei.

Seis. A aprobación definitiva das ordenacións provisionais corresponderalle ao pleno do concello. Unha vez aprobadas definitivamente, as ordenacións provisionais publicaranse de acordo co establecido nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Disposición adicional primeira. Instrumentos para a coordinación de servizos da Xunta de Galicia

No marco do que establece a sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia poderá crear comisións ou órganos colexiados de coordinación en materia de transporte público e integración de servizos de transporte, para o cal ditará as oportunas disposicións de carácter organizativo.

Disposición adicional segunda. Vehículos autorizados para a prestación de servizos de transporte

Os titulares de contratos de xestión de servizos públicos de transporte poderán subcontratar, para a prestación de servizos de uso regular, vehículos provistos de autorizacións de transporte de persoas en vehículos de turismo previstos na Lei 4/2013, do

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, adscritas a vehículos de ata nove prazas.

Disposición adicional terceira. Ampliación do prazo para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondentes ás adxudicacións transformadas en licenzas

O prazo para responder das obrigas e para materializar os compromisos asumidos nas ofertas presentadas e para acreditar o cumprimento das obrigas contidas no prego de bases e na normativa reguladora para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa indicado nos artigos 38 e 40 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, queda ampliado en catro anos, que se contarán a partir da finalización do prazo anterior.

Disposición adicional cuarta. Supresión do corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia

Un. Suprímese o corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia, regulado no artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Dous. O persoal funcionario de carreira pertencente ao indicado corpo de letrados intégrase na escala de letrados da Xunta de Galicia, do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma, subgrupo A1, prevista no punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, con garantía do seu grao persoal consolidado e da súa antigüidade.

Disposición adicional quinta. Supresión do ente Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec)

Un. Autorízase a supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec), cuxas funcións serán asumidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), de conformidade co que se estableza nos estatutos da dita axencia.

Dous. A supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable levarase a cabo por decreto do Consello da Xunta, no que se determinará o destino dos seus bens, dereitos e obrigas, así como as medidas aplicables ao persoal funcionario e laboral que estea prestando servizos no Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable no momento da supresión. Para efectos orzamentarios, esta supresión implicará a integración das partidas económicas e funcionais de gasto dos orzamentos do Cixtec nos orzamentos da Amtega.

Disposición adicional sexta. Axencia Galega da Industria Forestal

Un. Mediante a presente lei autorízase a creación da Axencia Galega da Industria Forestal como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de economía, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

Dous. No desenvolvemento dos seus fins, a Axencia Galega da Industria Forestal procurará os seguintes obxectivos:

a) Identificar os diversos sectores económicos e produtivos asociados ao recurso forestal, definir os sectores estratéxicos e procurar en todo caso a compatibilidade e sustentabilidade dos diversos usos produtivos do monte.

b) Participar na planificación e na ordenación dos aproveitamentos forestais dirixida á mellora e sustentabilidade da produción forestal, así como na mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais.

c) Mellorar a competitividade e innovación das empresas do sector forestal, con especial incidencia na segunda e seguintes fases de transformación do recurso.

d) Coordinar os centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

Tres. Esta axencia asumirá os medios persoais e materiais que respecto dos seus fins e obxectivos corresponden na actualidade a outros departamentos, nomeadamente os correspondentes ás unidades afectadas da Consellería do Medio Rural, os cales se suprimirán nas súas estruturas no momento de creación da Axencia e quedarán integrados nela.

Catro. Mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia procederase á súa creación, así como á aprobación dos estatutos que detallen as funcións específicas que desenvolverá.

Cinco. O seu réxime xurídico será o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición transitoria única. Persoal funcionario que ocupe postos de traballo de letrado no Consello Consultivo de Galicia no momento da entrada en vigor desta lei

O persoal funcionario de carreira que no momento da entrada en vigor desta lei estea ocupando postos de traballo que correspondían ao suprimido corpo de persoal letrado no Consello Consultivo de Galicia seguirá desenvolvendo funcións de letrado ao servizo do Consello Consultivo ata a provisión dos correspondentes postos de traballo na forma determinada no artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, na redacción dada ao dito precepto pola presente lei. Este persoal cesará no momento da provisión do posto de traballo se non obtén a praza, e quedará á disposición do órgano competente en materia de persoal do Consello Consultivo de Galicia, quen procederá á súa

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

adscrición provisional a un posto de traballo vacante dos correspondentes a letrados ao servizo do Consello Consultivo. De non haber posto de traballo vacante, ou cando así o aconsellen as necesidades do servizo, o Consello Consultivo comunicarao á consellería competente en materia de función pública, que procederá á adscrición provisional do indicado persoal a outros postos vacantes da escala de letrados da Xunta de Galicia, con cambio de dependencia orgánica. No caso de cambio de localidade, será preciso, ademais, a conformidade da persoa afectada.

Disposición derrogatoria primeira

Queda derrogado o Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quedan derrogadas as demais disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na presente lei.

Disposición derrogatoria segunda

Queda derrogado o artigo 86 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Disposición derrogatoria terceira

Queda derrogada a Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia, e queda disolto o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia.

Disposición derrogatoria cuarta

Quedan derrogados os artigos 19 e 20 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Disposición derrogatoria quinta

Queda derrogada, no momento en que se proceda á extinción do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, a disposición adicional quinta da Lei 2 /1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión.

Disposición derradeira primeira. Historia social única electrónica

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 11 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo se regula a creación, o uso e o acceso á Historia social única electrónica, que queda redactado como segue:

«1. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, os datos persoais relativos á Historia social única electrónica serán incluídos nun ficheiro denominado «Historia social única electrónica», cuxa finalidade é a xestión da Historia social única electrónica. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencias en materia de servizos sociais».

Dous. O Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia social única electrónica, conserva a súa vixencia en todo o que non se opoña ao disposto na presente lei. As determinacións incluídas no punto 1 do seu artigo 11, que son obxecto de modificación nesta lei, poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase a letra e) da alínea 1 do artigo 5 do Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«e) Reserva de prazas de atracada para embarcacións de paso no porto nunha porcentaxe mínima do 10 % da superficie total atribuída a prazas de atracada, sen prexuízo de que Portos de Galicia modifique esa porcentaxe en función das características, da ocupación e da localización do porto. Portos de Galicia poderá acordar que unha desas prazas, con dimensións axeitadas, quede reservada para a atracada de embarcacións afectas ao servizo oficial de inspección pesqueira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia».

Dous. Modifícase a disposición transitoria primeira do Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. Concesións vixentes á entrada en vigor deste decreto

Os titulares de concesións administrativas sobre portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo vixentes á entrada en vigor do presente decreto deberán adaptar o seu regulamento de explotación ás prescricións do presente regulamento nun prazo de seis anos, contados desde a entrada en vigor deste decreto».

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tres. O Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, conserva a súa vixencia en todo o que non se opoña ao disposto na presente lei. As determinacións incluídas na letra e), alínea 1, do seu artigo 5, e na súa disposición transitoria primeira, que son obxecto de modificación nesta lei, poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia

Un. Modifícase o punto 6 do artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, que queda redactado como segue:

«6. Autorizar os gastos referentes aos servizos do Consello».

Dous. Modifícase o artigo 22 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 22. Secretaría Xeral e Secretaría do Pleno e Seccións

1. O Consello Consultivo contará cunha Secretaría Xeral, á que lle corresponderá:

a) A xefatura directa e a xestión administrativa en materia de persoal, así como do réxime interior dos servizos e dependencias do Consello, sen prexuízo da superior autoridade da Presidencia.

b) A xestión dos créditos orzamentarios no relativo aos actos de disposición, recoñecemento da obriga e ordenamento do pagamento.

c) A tramitación e xestión da contratación administrativa e a administración do patrimonio.

d) A expedición de certificacións en relación coas materias cuxa xestión lle estea atribuída e a custodia da documentación que se xere no exercicio das súas funcións.

e) A asistencia á Presidencia en todos os asuntos e, singularmente, preparar e redactar, cando aquela o considere conveniente, os proxectos de ditames, informes ou propostas nos asuntos que a persoa titular da Presidencia determine.

f) Aqueloutras que lle sexan delegadas pola persoa titular da Presidencia ou lle atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo.

2. O posto de titular da Secretaría Xeral estará asimilado no seu rango ao de alto cargo. A persoa titular da Secretaría Xeral deberá ser licenciada en Dereito, ou posuidora do título de grao en Dereito, e reunir os requisitos de solvencia profesional que sexan necesarios para o desenvolvemento da función. Será nomeada e separada libremente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello Consultivo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

3. As funcións da Secretaría do Pleno e das Seccións serán exercidas por quen designe a Presidencia de entre o persoal funcionario ao servizo do Consello. Ese exercicio non xerará percepción de retribucións, axudas de custo ou indemnizacións.

4. Correspóndelle á persoa que exerza a Secretaría do Pleno e das Seccións:

a) Dar fe dos actos do Consello.

b) Asistir ás sesións do Consello con voz pero sen voto e levantar e redactar as actas das sesións, visadas pola persoa titular da Presidencia.

c) Custodiar a documentación do Consello que garde relación directa co exercicio das súas funcións.

d) Elaborar a orde do día das sesións do Pleno e das Seccións, someténdoo á aprobación da Presidencia.

e) Efectuar, por orde da persoa titular da Presidencia, a convocatoria das conselleiras e conselleiros para as sesións.

f) Levar a efecto os acordos do Consello.

g) Practicar os actos de comunicación do Consello, con excepción dos que sexan realizados pola persoa titular da Presidencia.

h) Expedir certificacións dos acordos do Consello, votos particulares e demais documentos confiados á súa custodia, visadas pola persoa titular da Presidencia do Consello.

i) Facilitar copia dos expedientes ás conselleiras e conselleiros, así como ao persoal letrado a quen corresponda o seu estudo.

j) Preparar, para a súa posterior aprobación polo Pleno do Consello, o proxecto da memoria de actividades anuais.

k) Asistir o presidente en todos os asuntos en que a requira e sexa inherente á súa condición.

5. No caso de ausencia, enfermidade ou calquera imposibilidade temporal, a persoa titular da Secretaría Xeral e a persoa funcionaria designada para desempeñar as función da Secretaría do Pleno e das Seccións substituiranse entre si, e no último termo serán substituídas pola persoa que, exercendo funcións de letrada ou letrado do Consello, sexa designada pola Presidencia».

Tres. Modifícase a alínea 1 do artigo 23 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, que queda redactada como segue:

«1. Nas reunións do Consello Consultivo requirirase, para a validez das deliberacións e dos acordos, a presenza da persoa titular da Presidencia ou de quen legalmente a substitúa, a

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

dun número de conselleiras ou conselleiros que, coa Presidencia, constitúan maioría absoluta, e a da persoa funcionaria designada para desempeñar as funcións de Secretaría do Pleno e das Seccións ou de quen a substitúa».

Catro. Modifícase a alínea 2 do artigo 29 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, que queda redactada como segue:

«2. Corresponde ao Consello Consultivo de Galicia establecer a organización do persoal ao seu servizo e propoñer á Xunta de Galicia a aprobación e modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, así como levar a cabo os procesos de provisión dos postos de traballo».

Cinco. Modifícase o artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. Letrados

1. O Consello Consultivo está asistido por persoal letrado, dependente orgánica e funcionalmente deste, ao que corresponde, baixo a dirección da Presidencia ou das conselleiras e conselleiros, as funcións de estudo dos asuntos sometidos a consulta do Consello, a preparación e redacción dos correspondentes proxectos de ditames, os informes ou propostas e as demais funcións adecuadas á súa condición que lles atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello. O número de prazas de letrado determinarase na relación de postos de traballo.

2. A provisión das prazas de letrados ao servizo do Consello Consultivo de Galicia, de acordo coa especial responsabilidade, confianza e cualificación profesional requirida, efectuarase por libre designación con convocatoria pública, de acordo co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, entre persoal funcionario pertencente á escala de letrados da Xunta de Galicia, do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma, subgrupo A1, prevista no punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Neste caso, a dependencia orgánica e funcional do Consello Consultivo será excepción ao previsto no artigo 38.1 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Así mesmo, en atención ás funcións do órgano e por razóns de especialización técnica e, de ser o caso, de acordo co que se determine na relación de postos de traballo, as prazas poderán ser cubertas por persoal pertencente a corpos de letrados da Administración xeral do Estado, da administración xeral doutras comunidades autónomas ou doutros consellos consultivos; por persoal pertencente á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría; ou por persoal letrado do Parlamento de Galicia. En ningún caso esta forma de provisión suporá a adquisición de dereitos de integración na escala de letrados da Xunta de Galicia.

3. A convocatoria e a resolución dos procesos de provisión efectuados de acordo co indicado no punto anterior corresponderalle á persoa titular da Presidencia do Consello Consultivo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

4. O réxime xurídico do persoal letrado será o establecido nesta lei e no Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo. De forma supletoria, aplicarase o establecido para o persoal funcionario na lexislación de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia».

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Modifícase a disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria segunda. Adaptación do planeamento

1. Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor das normas procedementais e determinacións dispostas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A competencia para a súa aprobación rexerase polo réxime establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2. Os que, nesa mesma data, xa fosen aprobados inicialmente poderán adaptarse integramente a esta lei ou continuar a súa tramitación a teor das normas procedementais dispostas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta lei. A competencia para a súa aprobación rexerase polo réxime establecido na Lei 2 /2016, do solo de Galicia. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta lei non implicará, por si soa, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretendan introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da adaptación.

3. Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial na data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela».

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás a disposición adicional terceira, que producirá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, oito de febreiro de dous mil dezasete

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

ANEXO I Réxime de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

I. Escolas infantís.

Para establecer a participación dos concellos no cofinanciamento das escolas infantís partirase do custo medio de 4.500 €/praza/ano, e, dentro da dita contía, fíxase unha achega municipal de 1.500 €/praza/ano, correspondente a unha terceira parte.

Nos supostos en que o concello desexe asumir o mantemento integral do centro, estimarase a súa contribución en 600 €/praza/ano, polo que, neste caso, a achega final que terán que facer os concellos será de 900 €/praza/ano. A contribución indicada requirirá que se acredite por parte do concello ante a dirección do centro a realización do indicado mantemento nas condicións especificadas neste artigo, e computarase con independencia do gasto real efectuado polo concello sen necesidade de xustificación documental do dito gasto.

Para aqueles concellos que asuman, de acordo cos convenios no seu día formalizados, outros servizos non recollidos no concepto de mantemento previsto neste artigo, descontarase o custo real efectivo dos ditos servizos da achega que debe realizar o dito concello. Así mesmo, no suposto de que algún concello non asuma a totalidade dos gastos de mantemento, a achega municipal incrementarase co custo que asuma o Consorcio ou ente que o substitúa por ese concepto, debidamente xustificado.

II. Centros de día.

Para establecer a participación dos concellos no cofinanciamento dos centros de día situados no seu termo municipal, estímase o custo dos ditos servizos en 7.500 €/praza/ano. Dentro da dita contía fíxase unha achega municipal de 2.500 €/praza/ano, correspondente a unha terceira parte.

Para o cálculo anterior teranse en conta unicamente os usuarios empadroados no concello onde se localiza o centro de día. Para os efectos do cómputo, terase en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación.

Nos supostos de centros de día de xestión directa polo Consorcio ou ente que o substitúa, os concellos que o desexen poderán optar por un modelo análogo ao formulado para as escolas infantís, computando como unha achega do concello o mantemento do centro. De acordo co anterior, a achega reducirase nos ditos supostos en función dos gastos efectivamente xustificados polos concellos.

III. Conceptos incluídos no mantemento dos centros.

Para os efectos do presente réxime de cofinanciamento, entenderase por mantemento do centro os seguintes servizos:

Mantemento do edificio e exteriores, incluíndo obras e labores de mantemento do edificio preventivos e/ou correctivos, conservación e mantemento das instalacións, estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñaría.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Mantemento do sistema de detección, extinción e plan de evacuación do centro.

Reparación e reposición de electrodomésticos.

Plan de augas e tratamento antilexionela.

Mantemento da ACS e climatización das estancias.

Limpeza integral do centro (limpeza diaria e extraordinaria). Sistema de vixilancia e seguridade do centro, alarmas de seguridade e incendios.

Subministracións de auga, electricidade, gasóleo/gas e mantemento das instalacións de acometidas de enerxías e subministracións, así como saneamento e recollida de lixo, con base na norma de medio ambiente, e dotación material para isto.

Teléfono e ADSL.

Mantemento dos sistemas de sinalización, localización e balizamento, de ser o caso, e mantemento dos sistemas de seguridade viaria.

Servizos de protección civil ou aqueloutros que sexan necesarios para situacións de emerxencia.

ANEXO II Definicións e clasificación dos servizos de transporte

1. Para os efectos desta lei enténdese por:

a) Transporte: o sistema de medios para conducir persoas ou cousas dun lugar a outro.

b) Transporte público: o transporte que se leva a cabo por conta allea mediante unha retribución económica.

c) Transporte privado: o transporte que se leva a cabo por conta propia, ben a título particular, ben como actividade complementaria necesaria doutra actividade principal de empresa ou establecemento e directamente relacionada co desenvolvemento desas outras actividades.

d) Transporte por estrada: o transporte que se realiza en vehículos automóbiles que circulen sen camiño de rodaxe fixo e sen medios fixos de captación de enerxía por toda clase de vías terrestres urbanas ou interurbanas de carácter público ou privado.

e) Transporte colectivo de persoas: o transporte público ou privado dirixido a trasladar un grupo, determinado ou indeterminado, de persoas usuarias, e mais as súas equipaxes, vultos de man e encargos, realizado preferentemente mediante vehículos automóbiles de dez ou máis prazas.

f) Tráfico: a relación de mobilidade existente entre dous ou máis puntos xeográficos entre os cales un servizo de transporte efectúa ou pode efectuar o traslado de persoas, das súas

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

equipaxes, vultos de man e encargos. Con carácter xeral, os puntos xeográficos farán referencia ao conxunto da localidade ou entidade de poboación que sexa atendida por un servizo de transporte, consonte co que se determine regulamentariamente e coas limitacións que poden establecer o Plan de transporte público de Galicia e os proxectos de explotación para servizos que se establezan con antelación á aprobación do plan ou de explotación experimental, aprobados nos termos desta lei.

2. Os transportes públicos de persoas clasifícanse de acordo cos seguintes criterios:

2.1. En atención ao seu ámbito:

a) Local ou urbano: o que atenda tráficos situados integramente nun mesmo termo municipal, nunha agrupación de municipios ou nunha área metropolitana con competencias en materia de transporte público regular de viaxeiros recoñecidas legalmente, segundo o caso.

b) Autonómicos ou interurbanos: cando atenda tráficos nun ámbito superior ao indicado no apartado anterior, aínda que dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Tamén terán a consideración de autonómicos os tráficos indicados no apartado anterior que estean incluídos dentro dun servizo de transporte que, no seu conxunto, teña un ámbito superior, ou cando a Administración local competente non adoptase o acordo de establecemento do servizo público de transporte local nos termos previstos nesta lei e demais disposicións legais que resulten de aplicación.

2.2. En atención á regularidade da súa prestación:

a) Transporte público regular: o que se efectúe no marco de itinerarios ou para atender tráficos preestablecidos nunha determinada zona territorial, ben con suxeición a calendarios e horarios previamente determinados, ben no marco dun modelo de xestión baixo demanda no que os itinerarios ou os horarios dos servizos, ou ambos, se configuren para satisfacer unha demanda de transporte confirmada por parte das persoas usuarias.

b) Transporte público discrecional: o transporte público de persoas que non cumpra os requisitos previstos no apartado anterior.

2.3. En atención á súa utilización, o transporte público regular pode ser:

a) De uso xeral: o dirixido a satisfacer unha demanda xeral de mobilidade e que é utilizado por calquera interesado.

b) De uso especial: o destinado a servir, exclusivamente, un grupo específico de usuarios, tales como escolares, traballadores, militares ou grupos homoxéneos semellantes.

c) Mixtos: aqueles servizos de transporte nos que se inclúa a prestación de expedicións de uso xeral xunto con outras expedicións de uso especial, contratadas todas elas por unha mesma autoridade de transporte, tales como os servizos zonais.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Enténdese por servizos zonais aqueles nos que nun único proxecto de explotación se inclúa a explotación dos servizos de transporte público regular de uso xeral e de uso especial que se definan no indicado proxecto e se desenvolvan nun determinado ámbito territorial, inclúa a totalidade deles ou aqueles determinados ou determinables mediante a aplicación dos criterios que o propio proxecto estableza.

Agás en relación co réxime xurídico aplicable a condicións específicas de prestación referidas ao transporte de grupos homoxéneos e específicos de usuarios, os servizos rexeranse polas disposicións previstas para os de uso xeral, cuxo réxime de infraccións e sancións lles resultarán de aplicación.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.